Asinado dixitalmente por:
Rexistro electrónico
Data: 04/07/2023 11:56:08
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 123

Sesión plenaria
26 de abril de 2023

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 5. Proposicións non de lei

5.1 37241 (11/PNP-003323)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rey Varela, José Manuel e dezanove deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego para lle pedir ao Goberno de España que poña en marcha con carácter prioritario as accións necesarias tendentes ao fomento e á reactivación económica da zona de Ferrol, coa modernización das instalacións e das infraestructuras ferroviarias
Publicación da iniciativa, BOPG nº 353, do 01.08.2022

5.2 50912 (11/PNP-004207)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pérez Domínguez, Fernando e oito deputados/as máis
Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que adopte medidas tendentes a reforzar os servizos de atención á cidadanía da Seguridade Social
Publicación da iniciativa, BOPG nº 467, do 15.03.2023

5.3 52059 (11/PNP-004314)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e dous deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para dar cumprimento ao acordo unánime acadado no Parlamento galego en relación cos inmobles da Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria
Publicación da iniciativa, BOPG nº 478, do 05.04.2023

5.4 52262 (11/PNP-004332)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón e dous deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dar continuidade á actividade industrial nos terreos de Alu Ibérica, na Coruña
Publicación da iniciativa, BOPG nº 478, do 05.04.2023

5.5 52310 (11/PNP-004337)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e tres deputados/as máis
Sobre o rexeitamento por parte do Goberno galego da práctica dos ventres de alugueiro e a solicitude que debe facer ao Goberno do Estado para que evite esta práctica
Publicación da iniciativa, BOPG nº 480, do 12.04.2023

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

5.6 52439 (11/PNP-004344)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da política de prevención de incendios forestais
Publicación da iniciativa, BOPG nº 480, do 12.04.2023

Punto 6. Interpelacións

6.1 1453 (11/INT-000075)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.09.2020

6.2 20106 (11/INT-001081)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis
Sobre a política do Goberno galego respecto da actualización do Pacto local galego
Publicación da iniciativa, BOPG nº 191, do 25.08.2021

6.3 51777 (11/INT-002483)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e dous deputados/as máis
Sobre a participación pública no sector eólico
Publicación da iniciativa, BOPG nº 474, do 29.03.2023

Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

7.1 52853 (11/POPX-000103)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre a valoración respecto da política de vivenda da Xunta de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 483, do 19.04.2023

7.2 52855 (11/POPX-000104)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana
Sobre as medidas que van impulsar para frear o retroceso industrial de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 483, do 19.04.2023

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Punto 8. Preguntas ao Goberno

8.1 51298 (11/POP-007938)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e dezaoito deputados/as máis
Sobre a xustificación para que a Xunta de Galicia inicie a tramitación para a ampliación do vertedoiro de residuos de Bander Residuos, S.L.U, no concello de Silleda
Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 467, do 15.03.2023

8.2 52358 (11/POP-008089)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Freire Vázquez, María Begoña e nove deputados/as máis
Sobre o investimento do Goberno galego na compra e rehabilitación dos inmobles adquiridos en Ourense no marco do programa Rexurbe
Publicación da iniciativa, BOPG nº 480, do 12.04.2023

8.3 50593 (11/POP-007869)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e dous deputados/as máis
Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia para completar as fases dúas e tres de humanización da avenida de Vigo, en Chapela, no concello de Redondela
Publicación da iniciativa, BOPG nº 465, do 08.03.2023

8.4 51584 (11/POP-007978)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e dous deputados/as máis
Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia para garantir un acceso apropiado ao polígono de Areas nas obras da vía rápida Tui-A Guarda
Publicación da iniciativa, BOPG nº 471, do 22.03.2023

8.5 52832 (11/PUP-000328)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e seis deputados/as máis
Sobre a valoración que fai o Goberno galego das razóns que alega o Goberno central para rexeitar aplicar bonificacións na AP-53
Publicación da iniciativa, BOPG nº 483, do 19.04.2023

8.6 52073 (11/POP-008046)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e dezaoito deputados/as máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia para recibir a Plataforma pola Creación dun Conservatorio Profesional de Danza en Santiago de Compostela
Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 474, do 29.03.2023

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

8.7 51879 (11/POP-008022)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis
Sobre as melloras que vai recoller o novo contrato de transporte sanitario urxente
Publicación da iniciativa, BOPG nº 474, do 29.03.2023

8.8 52844 (11/PUP-000329)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para dar solución ao conflito que se está a vivir entre mexilloeiros e percebeiros por mor da extracción da semente de mexillón no medio natural
Publicación da iniciativa, BOPG nº 483, do 19.04.2023

8.9 52852 (11/PUP-000331)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio
Sobre as previsións do Goberno galego para resolver o conflito da extracción da mexilla
Publicación da iniciativa, BOPG nº 483, do 19.04.2023

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración respecto da política de vivenda da Xunta de Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 12.)
Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 13.)
Réplica do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 15.)
Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 16.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de Dª Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que van impulsar para frear o retroceso industrial de Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 18.)
Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 19.)
Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 20.)
Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 22.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Ramón Fernández Alfonzo e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dar continuidade á actividade industrial nos terreos de Alu Ibérica, na Coruña. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica a existencia dunha emenda do propio grupo propoñente. (Páx. 23.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Queixas Zas (BNG).* (Páx. 24.)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Seco García (S)* (Páx. 27.) *e Sra. Nóvoa Iglesias (P)* (Páx. 29.).

Nova intervención da señora Queixas Zas (BNG). (Páx. 32.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Noa Susana Díaz Varela e tres deputados/as máis, sobre o rexeitamento por parte do Goberno galego da práctica dos ventres de alugueiro e a solicitude que debe facer ao Goberno do Estado para que evite esta práctica. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Díaz Varela (S).* (Páx. 35.)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 38.) *e Sra. Prado del Río (P).*(Páx. 42.).

Nova intervención da señora Díaz Varela (S). (Páx. 45 .)

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora Prado del Río (P) pide a palabra, petición que dá lugar a un diálogo co señor presidente. Finalmente, o presidente non lle concede a palabra e continúa a sesión. (Páx. 48.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª María del Carmen Rodríguez Dacosta e D. Martín Seco García, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da política de prevención de incendios forestais. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodríguez Dacosta (S).* (Páx. 49.) Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. González Albert (BNG)* (Páx. 53.) *e Sr. Armada Pérez (P)* (Páx. 56.).

Nova intervención da señora Rodríguez Dacosta (S). (Páx. 60.)

A señora Prado del Río (P) solicita a palabra novamente con base no artigo 77.2 para achegar un documento. A continuación prodúcese un longo diálogo co señor presidente e finalmente a señora Prado del Río (P) intervén e entrégalle o devandito documento ao presidente. (Páx. 62)

Votación das proposicións non de lei

O señor presidente anuncia o comezo das votacións das proposicións non de lei. (Páx. 66.)

O señor Rey Varela (P) pide a palabra para anunciar unha transacción co Grupo Parlamentario do BNG. (Páx.) *A seguir pide a palabra a señora Rodríguez Rumbo (S) e novamente o señor Rey Varela (P) para aclarar os termos da transacción.* (Pax. 66.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Rey Varela e dezanove deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego para lle pedir ao Goberno de España que poña en marcha con carácter prioritario as accións necesarias tendentes ao fomento e á reactivación económica da zona de Ferrol, coa modernización das instalacións e das infraestruturas ferroviarias: *aprobado por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 67.)

O señor presidente comunica que hai unha petición de fragmentación en puntos da seguinte votación. (Páx. 67.)

Votación do punto 1 da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Fernando Pérez Domínguez e oito deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que adopte medidas tendentes a reforzar os servizos de atención á cidadanía da Seguridade Social: *aprobado por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 68.)

Votación do punto 2 da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Fernando Pérez Domínguez e oito deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que adopte medidas tendentes a

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

reforzar os servizos de atención á cidadanía da Seguridade Social: *aprobado por 57 votos a favor, ningún en contra e 14 abstencións.* (Páx. 68.)

A señora Freire Vázquez (P) intervén para comunicar un acordo de transacción e pedir unha votación por puntos, termo que é aceptado polos autores da proposición. (Páx. 68.)

Votación dos puntos 1 a 4 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Alexandra Fernández Gómez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para dar cumprimento ao acordo unánime acadado no Parlamento galego en relación cos inmobles da Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria: *aprobado por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 69.)

Votación do punto 5 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Alexandra Fernández Gómez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para dar cumprimento ao acordo unánime acadado no Parlamento galego en relación cos inmobles da Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria: *rexeitado por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 69.)

Votación da Proposición non de lei autoemendada do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Ramón Fernández Alfonzo e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dar continuidade á actividade industrial nos terreos de Alu Ibérica, na Coruña: *rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 69.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Noa Susana Díaz Varela e tres deputados/as máis, sobre o rexeitamento por parte do Goberno galego da práctica dos ventres de alugueiro e a solicitude que debe facer ao Goberno do Estado para que evite esta práctica: *rexeitada por 31 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 70.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da política de prevención de incendios forestais: *rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 70.)

Interpelación de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación coa ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor*: Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 70.)
Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 73.)
Réplica do autor*: Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 76.)

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 78.)

Interpelación de Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego respecto da actualización do Pacto local galego. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora*: Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 80.)
Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso).* (Páx. 83.)
Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 87.)
Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso).* (Páx. 88.)

Suspéndese a sesión ás dúas e vinte e un minutos da tarde e retómase ás catro.

Interpelación de Dª Noa Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a participación pública no sector eólico. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora*: Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 91.)
Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López).* (Páx. 94.)
Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 97.)
Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López).* (Páx. 99.)

Pregunta de Dª Ana Pontón Mondelo e dezaoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a xustificación para que a Xunta de Galicia inicie a tramitación para a ampliación do vertedoiro de residuos de Bander Residuos, S.L.U, no concello de Silleda. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora*: Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 101.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 102.)
Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 103.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 104.)

Pregunta de Dª María Begoña Freire Vázquez e nove deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o investimento do Goberno galego na compra e rehabilitación dos inmobles adquiridos en Ourense no marco do programa Rexurbe. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Díaz Mouteira (P).* (Páx. 105.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 106.)

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Réplica da autora: *Sra. Díaz Mouteira (P).* (Páx. 107.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 107.)

Pregunta de Dª María Leticia Gallego Sanromán e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia para completar as fases dúas e tres de humanización da avenida de Vigo, en Chapela, no concello de Redondela. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Gallego Sanromán (S).* (Páx. 108.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 109.)
Réplica da autora: *Sra. Gallego Sanromán (S).* (Páx. 110.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 111.)

Pregunta de D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia para garantir un acceso apropiado ao polígono de Areas nas obras da vía rápida Tui-A Guarda. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 112.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 113.)
Réplica do autor: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 114.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 115.)

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego das razóns que alega o Goberno central para rexeitar aplicar bonificacións na AP-53. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pérez López (P).* (Páx. 116.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 117.)
Réplica da autora: *Sra. Pérez López (P).* (Páx. 118.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 118 .)

Pregunta de Dª Ana Pontón Mondelo e dezaoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia para recibir a Plataforma pola creación dun conservatorio profesional de danza en Santiago de Compostela. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora*: Sra. Queixas Zas (BNG).* (Páx. 119.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidades (Rodríguez González)* (Páx. 120.)
Réplica da autora: *Sra. Queixas Zas (BNG).* (Páx. 122.)

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidades (Rodríguez González).* (Páx. 122.)

Pregunta de Dª María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as melloras que vai recoller o novo contrato de transporte sanitario urxente. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 124.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 125.)
Réplica do autor: *Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 126.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 127.)

Alteración da orde do día

O señor presidente comunica a acumulación de dúas preguntas para a súa formulación conxunta. (Páx. 128.)

Pregunta de D.ª Rosana Pérez Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para dar solución ao conflito que se está a vivir entre mexilloeiros e percebeiros por mor da extracción da semente de mexillón no medio natural. (Punto oitavo da orde do día.)

Pregunta de D. Julio Torrado Quintela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego para resolver o conflito da extracción da mexilla. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención dos autores: *Sra. Pérez Fernández (BNG)* (Páx. 128.) *e Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 129.))
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo).* (Páx. 130.)
Réplica dos autores: *Sra. Pérez Fernández (BNG)* (Páx. 132.) *e Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 133.).
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo).* (Páx. 134.)

Remata a sesión ás seis e vinte minutos da tarde.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Retómase a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reiniciamos a sesión. Xustifica a inasistencia a este pleno o deputado Paulo Ríos Santomé.

Comezamos xa, entón, coa orde do día, co punto 7º, de preguntas para resposta do presidente da Xunta.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración respecto da política de vivenda da Xunta de Galicia

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Bo día, señor Rueda.

En febreiro do ano pasado este grupo parlamentario xa preguntou pola materia de vivenda, e témolo que volver facer. E témolo que facer porque naquela ocasión, cando lle preguntamos ao entón presidente, o señor Feijóo, pola súa inexistente política en materia de vivenda, non deu resposta, e a situación segue a ser igual de desastrosa. E tamén llo recordo máis que nada para que non volva empregar o argumento precario, ata para o seu gabinete de comunicación, de que só nos preocupamos por ese tema cando hai eleccións, como fixo hai dúas semanas co tema dos maiores.

Mire, o certo é que o Goberno da Xunta de Galicia continúa sen facer nada no acceso á vivenda, que é un dereito esencial, porque entre os problemas que máis lle preocupan á cidadanía está o acceso á vivenda, e resulta que vostedes acaban de detectar o problema. Dixo vostede: detectouse un problema. Oia, vostede mimetiza en exceso co logotipo do seu partido porque parece que sobrevoa os problemas. É dicir, non sei se o acaban de detectar, pese ao incremento permanente dos demandantes en materia de vivenda, pero o certo é que o único que temos que celebrar da súa política de vivenda é que non lles dera por vender o parque público a un fondo voitre, como fixo algunha compañeira súa noutra comunidade autónoma. *(Aplausos.)*

E o problema aquí está en que o señor Núñez Feijóo vén de marcarlles o paso unha vez máis no que teñen que opinar en materia de vivenda, porque, claro, o señor Núñez Feijóo está para darlle lecciónes ao resto do Estado do que é a política de vivenda, tendo en conta o seu histórico nesta comunidade autónoma.

Señor Rueda, pregúntolle: ¿están todas as conselleiras e conselleiros do seu Goberno de acordo coa súa nefasta política en materia de vivenda? ¿Ou xa se deron conta de que a marca Feijóo está comezando a restarlles e están vostedes divididos, como quedou de manifesto

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

(Murmurios.) hai poucas datas co tema da folga do persoal sanitario? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —Non se preocupe, señor presidente, estiven afeito durante moitos anos a ter diante corenta persoas das que poucas me facían caso, e algunhas disturbiaban, desde o punto de vista acústico; así que eu vou seguir, vostede tranquilo.—

Mire, hai dúas realidades, señor presidente. Mentres no resto do Estado aumenta a porcentaxe de mozos que se independizan, en Galicia, diminúe, e o número de demandantes de vivenda, o número de persoas en risco de exclusión social, é do 25 por cento en Galicia. E dáse unha terna perversa: os prezos do alugueiro non deixan de ascender, a oferta de vivenda pública non aumenta e asistimos a unha inactividade total por falta de actividade do seu goberno. Imos facer un pequeno balance.

A vostedes parécelles pouco 9.000 vivendas que se fixeron durante o Bipartito, fronte ás 617 que fixeron vostedes nos últimos cinco anos. É dicir, que o Goberno bipartito fixo catorce veces máis en menos tempo ca vostedes. *(Aplausos.)* E, mentres tanto, deixaron sen executar, dende o ano 2010, 470 millóns de euros, que podían ter posto á disposición —facendo unha conta sinxela— 4.700 vivendas públicas. E non dubide destes datos porque, como dixo onte o señor Corgos, dos rexistros oficiais non se dubida. Polo tanto, sendo datos da execución orzamentaria da Xunta de Galicia, non imos dubidar.

Levan catorce anos sen dar resposta ás necesidades reais da poboación e, pese á súa total inacción, critican aqueles gobernos que intentan facer algo. Porque se lles parecen poucas 1.300 vivendas á disposición de Galicia e lles parecen moitas 125 por parte da Xunta de Galicia adquiridas —por certo, tamén— á Sareb, é para facelo mirar, sobre todo na cuestión de ordenación de números naturais, porque 1.300 é bastante máis que 125. *(Aplausos.)*

Para resumir, señor Rueda, a única política en materia de vivenda que fan vostedes é culpar o Goberno do Estado ou os concellos. E vostedes, tan felices como o queixo nun sándwich mixto; aquí, no medio, *(O señor Álvarez Martínez fai acenos coas mans.)* entre o Estado e a Administración local.

En definitiva, señor presidente: ¿que valoración fai da súa política de vivenda na Xunta de Galicia? ¿Ten a Xunta de Galicia algunha proposta máis ou soamente se van opoñer aos avances doutros gobernos en materia de vivenda? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señor Álvarez.

Está ben esa venda antes da ferida: xa lle preguntamos unha vez ao señor Feijóo e, polo tanto, o noso desinterese mínimo non é desinterese absoluto. Mire, señor Álvarez, ¿a quen

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

quere enganar? Vostede é un fiel servidor —xa llo dixen outras veces—, e Pedro Sánchez debería estar moi orgulloso do portavoz que ten aquí. Supoño que o estará, porque mentres os baróns socialistas foxen dos debates e do propio Pedro Sánchez, sobre todo dos debates que plantexa, vostede o trae aquí, casualmente nun momento en que o seu xefe decidiu facer electoralismo descarado—¡descarado!— con este tema.

Mire, ¿a quen quere enganar? Ese Proxecto de lei de vivenda que o propio señor Page dixo que estaba aínda en pañais, vostedes xa o daban por feito. Como dicía onte o señor Feijóo, *el milagro de los panes y de los pisos.* A señora Pontón..., perdón, a señora Belarra —socia súa en Madrid— dixo que era pura propaganda e que era un simple anuncio electoral. E vostede tráeo aquí como se fose a palabra de Deus. Ben, se serve para falar de vivenda, a min váleme, sinceramente. Alégrome de verdade de que faga esta pregunta. Vostedes acaban de descubrir este tema, un ano despois o señor Pedro Sánchez, e cinco anos despois, que son exactamente os que leva gobernando.

Mire, se quere falar da vivenda, falamos; xa lle digo, eu encantado, pero, entón, falamos en serio. E falar en serio é... Di: non me diga que as cifras... Mire, vostede diga o que queira, eu voulle dar as cifras reais. Para falar en serio, podemos falar de cifras, e despois de realidades, tamén con imaxes.

Mire, ¿como que non se ten feito? É o mantra do que intentaron falar nesa operación propagandística: non, nós imos facer moito. Pero non fixeron nada. Xa digo que o señor Sánchez descubriu a vivenda dende hai unha semana, pero non se fixo nada en Galicia nos anos anteriores.

Mire, non sei cantas vivendas dixo que fixera o Bipartito. O IGVS no ano 2009 era propietario de 3.819. Creo que son a terceira parte das que vostede dixo que fixeran. Polo tanto, primeira cifra que debería consultar para dicir a realidade.

Dende o ano 2009 investíronse máis de oitenta millóns en adquirir primeiro chan e despois urbanizalo, para poder facer vivendas públicas. Mire, a intención é construír 1.100 vivendas na Coruña, 1.600 en Vigo, 973 en Ferrol, 240 en Pontevedra e 370 en Lugo. Delas xa están construídas, adxudicadas e entregadas ao redor de dúas mil. Co cal, ademais, se lle engade as case catrocentas que fixeron os concellos, coa axuda da Xunta de Galicia, pois aí ten unha cifra moi diferente á que vostede manexa: 5.737 vivendas de promoción privada cualificadas como vivendas protexidas. Iso tamén é vivenda pública. Vostede non o mete nas contas porque, claro, non lle interesa, porque, entón, non podería dicir que todo é un desastre.

Son 714 millóns de euros investidos para apoiar 143.171 familias. Cifras exactas, pechadas no día de onte, señor Álvarez. *(Aplausos.)* Todo tipo de axudas e adquisición, alugueiro, desgravacións..., que vostedes as desgravacións fiscais... Xa sabemos que o que lles gusta é subir impostos.

Un 82 por cento de execución media nas políticas de vivenda. Non son os orzamentos máis sinxelos de executar, pero, mire, é un 82 por cento. Vostedes tiñan unha execución media. Non estaba mal, pero chegaba ao 76 por cento; polo tanto, seis puntos menos. Aí tamén entenderá que non estaban tan ben.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Polo tanto, señor Álvarez, por fin, benvido ao debate da vivenda, estaba desexando que o plantexase. Nós levamos moito tempo traballando, pero, entón, fale en serio e de verdade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Para a réplica, o señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Señor Rueda, suelo falar en serio; é máis, teño un moi escaso sentido do humor. Polo tanto, tamén as cifras que suelo aportar suelen ser coherentes coa realidade.

Imos falar de electoralismo, señor Rueda; imos falar de electoralismo. Onte, nun debate sobre as vivendas da Sareb neste Parlamento, a persoa interviniente por parte do Partido Popular falou do Garañón, para sacar ao señor Gómez Besteiro, e iso non é electoralismo, iso é pura obxectividade. Porque, claro, como estamos falando dunha promoción privada, que non da Sareb, imos ver se, de paso, *cuela*. *(Murmurios.)*

Eu formúlolle a seguinte pregunta: ¿que fai un goberno cunha licenza municipal, que, como vostede sabe perfectamente, é un acto regrado? ¿Ou está suxerindo vostede aos candidatos e candidatas que ten aquí, que se presentan ás eleccións municipais, que cando teñan que dar unha licenza, se non lles gusta, non a dean? ¿Esa é a súa proposta de seriedade? *(Murmurios.)* Supoño que a vostede... *(Risos.)* Non, non, non... Rían vostedes todo o que queiran, pero o certo é que ese caso en concreto é consecuencia dunha licenza obrigada por unha modificación que fixo no Plan xeral de ordenación municipal o Partido Popular en Lugo. Esa é a realidade. *(Aplausos.)* *(Pronúnciansе palabras que non se perciben.)* Véxoos a vostedes, señor Rueda, moi nerviosos co retorno do señor Gómez Besteiro e co tándem co señor González Formoso.

Señor Rueda, fan ben en estar nerviosos. —Por certo, eu non teño ningunha foto da que avergoñarme co señor Gómez Besteiro.— Dito o cal, e falando de liderados, ¿cantos hai en Galicia no Partido Popular? Ata onde eu teño contado, catro, e porque non hai máis provincias. Mire: en Lugo, a señora Candia maniféstase en contra da política da Xunta de Galicia nunha concentración de produtores de Ternera Gallega. Na Coruña, o señor Calvo parece ser contrario ás propias políticas da Xunta de Galicia. E en Ourense xa sabemos quen manda, o señor Baltar, con independencia do Partido Popular. Por certo, ¿vai vostede pedir algún tipo de responsabilidade por ese grave, gravísimo feito...? Si, si, si... Non poden vostedes tomalo todo a broma e despois facer comisións de investigación e propostas de mellora da seguridade viaria aquí, neste Parlamento, claro que si. Pero o certo é que a realidade é así. ¿Vai vostede tomar —repito— algunha decisión con esa cuestión?

Mire, señor Rueda, aquí confrontamos dous modelos e vostedes —e xa con carácter preventivo— xa coñecían cal era o contido da Lei de vivenda, xa sabían que era unha norma inconstitucional, xa sabían que era algo que atentaba contra a propiedade privada, xa sabían,

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

xa sabían, xa sabían... O certo é que vostedes se posicionan permanentemente en contra de calquera avance social; fixérono sistematicamente e seguen facéndoo. Están en contra da subida das pensións, votaron en contra no seu momento da Lei de dependencia, da Lei de matrimonio igualitario... Votan en contra de calquera avance de dereitos sociais...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...e con moitísima frecuencia arrancan vostedes cara ao Tribunal Constitucional. E xa que estamos falando de vivenda, con tanta frecuencia arrancan vostedes cara ao Tribunal Constitucional, que eu no seu lugar...

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! Hai moito barullo, moito barullo.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...non sei se valoraría alquilar unha vivenda no contorno do tribunal para que non tivesen que facer tantos desprazamentos. *(Aplausos.)*

Mire, aquí hai dous modelos: hai un modelo, o do Partido Socialista, que garante o dereito de acceso á vivenda...

O señor PRESIDENTE: Remate, señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...e hai un modelo, o do Partido Popular, que parece considerar a vivenda como un ben de luxo.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Hai un goberno —remato, señor presidente— que destina no ano 2023 a vivenda máis de 3.500 millóns de euros, fronte aos que destinaba Rajoy no último Goberno, que eran 425.

Señor Rueda, ¿que vai facer con todo isto. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, o señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Señor Álvarez, con toda a cordialidade, ¡menos mal que vostedes preguntan pola vivenda só unha vez por lexislatura!, porque é que só lle deu para a primeira réplica; na segunda xa non falou de vivenda. ¿Dáse conta vostede do que lle interesa todo isto?

Mire, eu non son ningún xuíz, pero vostede é un magnífico avogado defensor. ¿Dáse conta dos encargos que vén cumprir aquí? *(Risos.)* ¿Dáse conta de que, falando de vivenda, empezou a falar vostede e sacou o do Garañón...? *(O señor Álvarez Martínez pronuncia palabras que non se perciben.)* Mire, esta foto *(O señor presidente da Xunta de Galicia, Rueda Valenzuela, amosa unha fotografía.)* ¿sabe o que é? Podería ser O Garañón perfectamente. É certo, é certo, si,

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

(Aplausos.) pero son as vivendas nas que o seu xefe Sánchez e vostede mesmo hoxe aquí, no pouco que falou de vivenda —eu entendinlle iso—, lles está dicindo aos galegos que poden entrar a vivir inmediatamente. Isto é o que hai. *(Murmurios.)* E isto é o que nos ofreceu o señor Pedro Sánchez a Galicia como magnífica solución para a vivenda. *(Aplausos.)* ¡Isto é o que hai! Están como O Garañón, efectivamente. Parécense bastante ao Garañón.

Mire, señor Álvarez, xa lle dixen que deste tema hai que falar en serio porque é un tema moi serio, e a xente estanos escoitando. Primeiro, o señor Sánchez, hai uns días, cando empezou con todo isto, falou de 50.000 vivendas, e de 1.276 para Galicia. Pois a Sareb dixo que eran 43, e eran estas, moitas con problemas urbanísticos, e din que algunha con algún ocupa.

Onte xa, no debate do Senado, empezou con 113.000, e chegou a 180.000, pero é moi difícil tomar isto en serio escoitando o señor Sánchez. Dende logo, a Xunta de Galicia vaino seguir facendo, e eu vou falar de vivenda na primeira réplica e na segunda; non vou falar do señor Besteiro, como fixo vostede, nin do Garañón, como fixo vostede; vou falar de vivenda real, na que se pode vivir, non da que hai que derrubar, como O Garañón; de vivenda onde se poidan meter os galegos, de vivenda social.

E, mire, vólvolle dicir: 4.640 vivendas de promoción pública adxudicadas entre as 2.359, que construímos e adxudicamos dende o ano 2009, e despois segundas adxudicacións, porque, por certo, hai un sistema que funciona, e, cando unha persoa xa non o necesita, faise inmediatamente outra adxudicación. Polo tanto, son 4.640 adxudicacións de vivenda de promoción pública construída pola Xunta de Galicia nestes últimos anos.

Pero a folla de ruta é máis ampla. Nós aprobamos hai un mes e medio —o que pasa é que sen tanta propaganda, probablemente, e con máis eficacia— un plan na Xunta de Galicia para seguir e incrementar nun 50 por cento o parque público residencial. Queremos chegar a 5.600 vivendas no ano 2026. Por iso estamos traballando xa, sen tanta propaganda. Ademais, 3.000 vivendas de promoción privada, pero tamén con cualificación pública, para aumentar o parque de vivendas e que a xente se poida meter, non como nestas que acabo de ensinar.

E, mire, ademais, a vivenda pública é, por suposto, construír e poñer á disposición, pero son outras cousas: 28 millóns de euros para axudas ao alugueiro. Beneficiáronse xa 4.100 mozas e mozos, 1.555 persoas economicamente vulnerables, 455 vítimas de violencia de xénero. Tamén estamos traballando para frear os desafiuzamentos: 3.300 persoas en risco de exclusión beneficiados por estas medidas da Xunta de Galicia, persoas mozas que queren comprar un piso. Ese 20 por cento que non lles dá o banco, está poñéndoo a Xunta de Galicia, e é fundamental, porque con iso moitos mozos e mozas van poder acceder a unha vivenda. Iso non o fai ningunha outra comunidade autónoma. *(Aplausos.)*

Mañá imos publicar no *Diario Oficial de Galicia* 2,1 millóns de euros para que os concellos tamén poidan rehabilitar vivenda e poñela á disposición da xente en alugueiro social. E, mire, tamén lle falaba na primeira intervención das desgravacións fiscais, que son moi importantes. A vostedes dálles igual, porque son de subir impostos; nós somos de baixalos: o ITP baixou este ano para todo o mundo en Galicia un punto; pero é que hai máis, o 7 por

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cento para as economías máis modestas e ata un 5 por cento cando son no rural, e, cando é vivenda habitual, baixa un punto máis: para os mozos de ata 36 anos e persoas con discapacidade ata o 3 por cento de desgravación. E así temos que seguir. ¿Sabe canto aforraron os galegos por estas desgravacións nestes últimos anos? 360 millóns de euros.

Polo tanto, señor Álvarez, eu sinto moito que non plantexe en serio un debate de vivenda e que vostede o plantexe como o plantexou. Está ben, polo menos dáme a oportunidade de falar de cifras fiables, de falar de cifras que pensen nas persoas e de falar en serio dun problema tan serio.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de Dª Ana Pontón Mondelo do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que van impulsar para frear o retroceso industrial de Galicia

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, presidente.

Señor Rueda, antes de empezar, quero facerlle unha pregunta, e unha pregunta moi clara: ¿vaille exixir responsabilidades ao señor Baltar por un suposto delito contra a seguridade viaria? Porque, miren, os cargos públicos temos que dar exemplo, e ir a máis de 200 quilómetros non é un exemplo para ninguén; é que é un perigo para a seguridade viaria. Por iso, señor Rueda, ¿vai exixirlle responsabilidades ao señor Baltar ou é que vostede non pode porque non ten autoridade para facelo? *(Aplausos.)*

Señor Rueda, co Goberno do Partido Popular Galiza tamén está quedando atrás no seu sector industrial. E dicíao vostede: non hai mellor radiografía que os datos. E os datos o que nos demostran é que son o mellor antídoto contra a propaganda que usa o Partido Popular para tapar a súa falta de política industrial; propaganda como esta nota de prensa do ano 2014, na que nos anunciaba o Goberno do Partido Popular que ían crear 50.000 empregos no sector industrial até o ano 2020. ¿Sabe cal foi a realidade? A realidade é que perdemos 20.700 empregos no sector industrial. Propaganda como cando se fixaron o obxectivo de colocar o peso do PIB da industria no 20 por cento. Pero, ¿cal foi a realidade? A realidade é que hoxe o peso da industria no PIB é do 15,5 por cento menos que cando vostedes facían ese anuncio. Propaganda como cando nos anunciaban unha industria competitiva 4.0. Pero ¿sabe cal é a realidade, señor Rueda? A realidade —acaba de dicirllo a Comisión Europea no seu último informe— dinos que Galiza está á cola en competitividade.

Pero é que, lamentablemente, temos moitos máis datos que demostran até que punto o Partido Popular está sendo letal para o noso sector industrial. Temos o índice de produción industrial que cae un 1,5 por cento no ano 2022, mentres a tendencia do Estado foi a subir, concretamente en 2,4 puntos. O investimento estranxeiro en Galiza caeu no noso país un 32 por cento, mentres que no Estado se incrementou nun 14 por cento.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Esta é a realidade da nosa industria grazas a un Partido Popular que nos está dando grandes exemplos de como é a súa política industrial. E podemos concretar eses exemplos, por exemplo, no fiasco de Pemex; esa gran operación industrial que nos anunciaba o Partido Popular en plena campaña electoral e que acabou cos maiores protagonistas imputados por corrupción. Ese é o remate da viaxe do señor Feijóo a México. Eu pregúntome, señor Rueda, como vai ser o remate da súa viaxe a México, porque ¿pode explicarnos en, primeiro lugar, canto nos custou aos galegos e ás galegas esa viaxe? ¿E pode tamén explicarnos nesta Cámara cales son os acordos económicos logrados e en que beneficiou esa viaxe aos galegos e ás galegas? Porque o vimos a vostede repartir gorras do Xacobeo ou ofrecer Galiza para seguir adiante co espolio eólico do noso mar, pero non vemos, señor Rueda, que estea xustificada esa viaxe. En todo caso, agardemos que non acabe como a do señor Feijóo.

Así que, a pregunta que hoxe lle formulamos é moi clara: ¿cales son as súas propostas para frear a sangría industrial deste país? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Grazas, señor presidente.

Bos días, señora Pontón.

Mire, antes de entrar en materia, quero dicirlle que debería de ter vostede un pouco máis de respecto polos galegos que viven fóra. «Gorriñas do Xacobeo», vaia vostede un día pola Irmandade Galega de Venezuela, que a coñezan, polo menos, e de paso cóntelles que o réxime que lles convén é o que teñen alí e que vostede o defende aquí. Vaia por alí, a ver se é capaz. *(Aplausos.)*

Mire, é moi difícil falar, ter un debate con vostede, cando se apoia en cifras, como fai sempre —e dígollo sempre—, manipuladas —dicía ao principio— ou malinterpretadas; agora lla xe digo directamente que falsas. Imos falar de cifras tamén. Eu voulle dar cifras, cifras reais, pero antes gustaríame facer unha serie de reflexións.

Mire, xa a formulación da súa pregunta... Vostede, cando fala de industrias, de empresarios, nunca fala de impulso, nunca fala en positivo; non, fala sempre de retroceso: todo vai mal, todo ten que ser agresivo cando se fala de crear riqueza en boca dun ou dunha representante do BNG. Mire, se temos industria gasista en Galicia, o nacionalismo di que non pode ser; se temos industria que utiliza a madeira, o nacionalismo está sempre en contra; se temos a posibilidade de aumentar —si, de aumentar— a nosa industria eólica, vostedes din que iso non se pode facer; se pode haber industria extractiva e sustentable, o nacionalismo di que de ningunha maneira. É sempre a teima do nacionalismo. Primeiro din que non, despois din outra vez que non e despois veñen aquí facer unha pregunta para dicir que non se está facendo nada. *(Aplausos.)* Iso é exactamente o nacionalismo.

Señora Pontón, vostede fala de retroceso industrial. Nós xa sabemos —e xa o saben todos os galegos e galegas— que cada vez que haxa unha iniciativa industrial en Galicia, sobre todo

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

se é punteira, sobre todo se é de futuro, vai ter unha pancarta do nacionalismo en fronte dicindo que non se pode facer de ningunha maneira. Vostedes seguen empeñados en falar de persoas, de familias e de crear riqueza. ¿Por que non fala coas 5.000 familias que dependen de Ence?, ¿por que non lles di que, a pesar do que digan os tribunais, a pesar do que digan as leis, a pesar da esperanza de 5.000 familias, vostedes van facer o posible para que queden en paro ata o final? Ata o final van estar facendo iso, e ese é un exemplo, como hai moitísimos.

E dicía: ¿quen lle fai a vostede as cifras? Mire, nós recuperamos no ano 2022... A señora Calviño acaba de dicir no Congreso que máis pronto que tarde —é dicir, sen data; probablemente máis tarde— España vai recuperar o PIB previo á pandemia. Nós xa o recuperamos no mes de decembro do ano pasado; fomos das pouquísimas comunidades autónomas, grazas ao esforzo dos galegos, pero en gran parte grazas a que aumentou a produción industrial, o valor engadido bruto, un 20 por cento, e foi decisivo para que chegásemos a esa cifra á que non chegou ningunha comunidade autónoma.

O informe Ardán, da Zona Franca —supoño que non será sospeitoso de intentar favorecer o Partido Popular— di que no ano 2022 os principais sectores produtivos, tamén os industriais, xa estaban no nivel do ano 2019 en Galicia: 2.166 postos de traballo máis a tempo completo e 5,6 millóns de horas máis que no 2021.

Vostedes en catro anos de Bipartito —xa que falaba das cifras— incrementaron, señora Pontón, o desemprego industrial nun 37 por cento, 9.424 persoas máis. Nós baixámolo nun 59 por cento. Cifras pechadas recentes: 20.456 persoas máis. No ano 2009 —índice de produción industrial, vostede referiuse a el— caía nun 20,6 por cento, nada máis e nada menos, despois de catro anos de Goberno bipartito. Agora crece nun 4,2 por cento por encima da media estatal. Señora Pontón, pero ¿quen lle fai as cifras? A industria manufactureira caeu no ano 2009 en 18.534 persoas, nós pechamos o ano pasado con 502 persoas máis.

Polo tanto, señora Pontón, mire, eu diríalle que queira un pouquiño máis as industrias galegas, que queira un pouquiño máis os empresarios galegos, pero, sobre todo, cando fale destas cousas, que queira un pouquiño máis a verdade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Ben, señor Rueda, vexo que vostede non ten autoridade para exixirlle nada ao señor Baltar *(Aplausos.)* —sabemos cal é o seu peso político no Partido Popular *(Aplausos.)*—, nin ao señor Baltar nin facer unha mención dunha situación tan, tan grave. Lamento, desde logo, que se estree vostede así como presidente do seu partido e que como presidente dos galegos e das galegas non teña nada que dicir sobre isto.

En todo caso, mire, señor Rueda, é que a sangría industrial deste país non se vai solucionar facéndolle vostede oposición ao Bipartito. É que quedou nun tempo atrás, xa llo dixen máis

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

veces. Está facendo prácticas de oposición, e paréceme ben porque practica para a próxima lexislatura. *(Aplausos.)*

Si, porque o que debería de molestarlle non é que deamos os datos reais sobre o que está pasando no noso sector industrial; o que debería de molestarlle, señor Rueda, é que, mentres vostedes anuncian 50.000 novos empregos na industria, o que pasara neste país é que se perderan 20.700. O que debería de molestarlle é que mentres vostedes nos falan de que Galiza vai ser máis competitiva, o que vexamos é que estamos, precisamente, entre as peores rexións da Unión Europea en competitividade ou que esteamos á cola en captación de investimento estranxeiro e que esteamos perdendo peso da industria no noso PIB. Ou tamén, señor Rueda, debería de preocuparlle a perda de galeguidade das nosas empresas; e sumamos unha máis, neste caso, Nova Pescanova, que vai ser vendida a súa participación por Abanca sen que vostedes digan absolutamente nada, nun novo caso de perda de galeguidade, e que non moveran nin un só dedo para impedilo.

E por se fose pouco, señor Rueda, logo tamén ten vostede ao seu vicepresidente, que non é capaz de executar nin os orzamentos que ten, porque cando se deixa o 41 por cento dos orzamentos en materia de economía, empresa e innovación sen executar, o que vemos é un goberno incapaz de darlle solucións ao tecido industrial.

Mire, ¿sabe cal é o problema, señor Rueda? O problema é que as súas políticas son unha arma de destrución masiva de emprego industrial neste país. Non foron capaces de salvar nin unha soa empresa en catorce anos e —xa o vimos na súa intervención— non teñen nin unha soa idea. E o BNG claro que ten propostas para que este país saia adiante, porque temos moi claro que o futuro pasa por ser unha economía máis competitiva e unha economía que aposte por ter industria e pola innovación.

Por iso, nós apostamos por que este país teña ferramentas potentes nese ámbito. ¿Como? Pois poñendo en marcha o Innogal, seguindo por transformar o Igape realmente nun instituto galego de crédito, poñendo en marcha un plan para incrementar o peso das industrias tecnolóxicas e innovadoras no noso país que nos permita que no ano 2030 o 25 por cento do PIB teña que ver coa industria e, por último, señor Rueda, facendo algo que vostede nunca vai facer, porque traballa para as eléctricas: poñendo a enerxía de Galiza ao servizo —si, si— dos galegos e das galegas, cunha compañía cen por cento pública e reclamando unha tarifa máis baixa por ser produtores.

Pero, mire, vostedes para quen traballan...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...é para as eléctricas e para grandes empresas de fóra.

Recomendábame vostede que falase con algunha xente deste país. Eu tamén lle vou recomendar que fale con outra. Fale coas miles de familias da ría de Muros-Noia, que están vendo como vostede defende os intereses dunha multinacional de Australia en vez de defender o seu posto de traballo. Porque as rías deste país tamén son un sector produtivo que debemos defender, pero vostede prefire defender os especuladores.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Rueda, este país necesita un goberno que traballe...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...por iso lle digo: menos samba e máis traballar. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, o señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, entón, coas 5.000 familias de Ence, ¿vostede non vai falar, non? *(Risos.)* Mándame a min falar con outras, pero con esas non se atreve a falar. É lóxico, é evidente. Van estar ata o final a ver se conseguen que queden sen medio de vida. ¡Isto é o que hai!

Mire as contradicións e as teimas do nacionalismo: vostede acúsame na primeira réplica de non conseguir investimento estranxeiro, e na segunda dime que nunha empresa na que seguro que estamos en contacto directo para que se manteña a galeguidade, o domicilio social e o domicilio fiscal aquí en Galicia, como ven investimento estranxeiro, din que iso é un fracaso da Xunta de Galicia. *(Risos.)* ¡Pero aclárese un pouco! ¿Dáse conta? Todo é así. Mire, isto é como o chiste: aquí todos van nunha dirección —por certo, incluídos os seus socios europeos— e só vostedes van na contraria; pero todos os equivocados sempre somos os que non imos na dirección do nacionalismo. Sinceramente, eu creo que non é así.

De pouco vale volverlle dicir —xa llo dixen na primeira intervención, porque xa sabía por onde ía ir, sempre vai por aí— que as súas cifras non son certas, señora Pontón. É que lle vou dicir que vostedes incrementaron o desemprego industrial en catro anos —¡todo un récord!—, 9.424 persoas; nós reducímolo en 24.456. E podía falar de moitas cifras destas. Podía falar tamén de moitas medidas que estamos facendo para que se siga mantendo o ritmo industrial en Galicia: investimentos, axudas, avais, medidas normativas... Por certo, está moi ben, se a súa gran medida é o Innogal —que onte presentou—, ¡home!, debería falar cos seus socios socialistas, que non foron capaces de votarlle a favor. Polo tanto, ¿de que estamos falando, señora Pontón? ¿É así como vai solucionar os problemas, cando non ten nin o apoio dos seus teóricos socios para as medidas de goberno que vostede considera fundamentais?

Mire, vostede xa coñece as nosas medidas, pero o catecismo nacionalista o que impide é recoñecelas, que é moi diferente. Polo tanto, ¿de que vale dicirllas? Mire, prefiro mandarlle un... órdago; ben, a palabra non é un órdago. Voulle propoñer un pacto —a vostede, que tanto de proclamas e de pactos é—; voulle propoñer un. Mañá vai ir ao Consello da Xunta de Galicia o Proxecto de lei de ordenación do litoral. Está moi falado con moitos colectivos, moi consensuado; dende logo, absolutamente impulsado pola industria do mar, pola cadea mar-

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

industria. Eu xa sei que os seus socios socialistas, a sucursal do Partido Socialista de España en Galicia, non lle van deixar apoialo, pero espero que vostede estea á altura. Verémolo a partir de agora. Vai ser unha boa proba de todas esas proclamas que fai vostede sobre apoiar o desenvolvemento industrial real, non manipulando as cifras de Galicia.

¿Quere máis propostas? Mire, eu agardo ser recibido polo novo ministro de Industria —pedinllo— e ter máis sorte que co anterior en canto a que me reciba e sobre todo en canto a que solucione os problemas de Galicia. Voulle dicir cousas moi sinxelas pero moi importantes. Voulle dicir que igual que lles está asignando cantidades millonarias, de centos de millóns de euros, con cargo aos Next Generation, a outras comunidades autónomas, que aquí tamén hai proxectos tractores moi importantes, maduros, que van crear miles de postos de traballo e que xa están para empezar a funcionar. Eu non lle quero quitar nada a ninguén, pero quero que lle dean o mesmo a Galicia. ¿Vou ter o seu apoio para iso, señora Pontón? ¿Vou ter o seu apoio cando lle diga que dos arredor —non chega— de 1.300 millóns de euros de asignacións directas con cargo aos Next Generation a Galicia —é ridículo— só o 2,5 por cento —por decisión do Goberno central, por decisión do señor Sánchez— se poidan adicar a fomentar a nosa industria? Voulle dicir que eleve esas porcentaxes. ¿Vou ter o seu apoio niso? ¿Vou ter o seu apoio cando lle diga que ese Comisionado do Corredor atlántico de mercancías —que nomearon unha mañá de présa e correndo, asustados, porque viron que comunidades autónomas de diferente signo político nos uniamos para dicir que os nosos industriais necesitan tamén ser competitivos en transporte ferroviario— non fixo absolutamente nada, nin sequera foi capaz de vir aquí manter unha reunión—? ¿Vou ter o seu apoio cando lle diga que iso ten que cambiar, señora Pontón? Se teño o seu apoio niso, entón estaremos dándonos conta de que, fronte ás súas accións industriais, vostedes por unha vez están á altura.

Por iso, eu pídolle que, fronte aos retos enormes que ten Galicia e as oportunidades enormes que ten —que non está tendo ninguén máis— e que temos que aproveitar —se non, outros as aproveitarán—, por unha vez sexan un pouco menos nacionalistas e un pouco máis galegos.

Moitas grazas. *(Prolongados aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Continuamos coa orde do día, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Ramón Fernández Alfonzo e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dar continuidade á actividade industrial nos terreos de Alu Ibérica, na Coruña

O señor PRESIDENTE: Hai unha autoemenda.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Mercedes Queixas Zas, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Emenda de substitución.

Substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

«O Parlamento de Galiza insta a Xunta a:

1. Promover un foro estábel de entendemento e traslado de información entre os gobernos, os administradores actuais ou futuros da fábrica e os representantes do persoal, dado que os dous gobernos, autonómico e central, se comprometeron a facer de garantes do éxito do proceso.

2. Promover activamente un plan para dar continuidade á actividade industrial nos terreos de Alu Ibérica, garantindo que a adxudicación en sede concursal e os apoios públicos a calquera proxecto empresarial impliquen a recolocación do cadro de persoal da antiga Alu Ibérica.

3. Promover todas as xestións necesarias perante o goberno central para que se arbitren fórmulas para o pagamento das indemnizacións adebedadas ás que teñen dereito e se promova a súa recolocación.»)

O señor PRESIDENTE: Polo tanto, para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Obrigada, presidente.

Moi bo día, señorías.

Eu sinto cortarlles a rodaxe deste capítulo de propaganda político-industrial kafkiana que acabamos de ver, mais a realidade imponse, e a responsabilidade do BNG é sempre acompañar a realidade fóra desta Cámara e trasladala a esta Cámara.

De Alu Ibérica tense falado moitísimas veces neste Parlamento, e estamos seguras no BNG de que non vai ser a última, nin moito menos a derradeira. Mais queriamos comezar esta intervención traendo aquí as palabras dos propios protagonistas, da xente que leva sufrindo en primeira persoa este longo drama que leva por título, por nome propio, «Alu Ibérica», que son os seus traballadores, aos que sempre o BNG acompaña.

E quero traer aquí as voces de Xosé Manuel, de Xulio e de Adrián, traballadores desta empresa cos que puiden coincidir de novo hai moi pouquiños días, porque eles son os auténticos protagonistas, e non esa «xente ao lonxe», tal e como parece que a ve o Partido Popular, recollendo aquí o título da novela de Eduardo Blanco Amor.

Cando lle preguntei a Xosé Manuel sobre a súa percepción respecto do que leva acontecido con Alu Ibérica, Xosé Manuel dixo o seguinte: «Que mágoa ver convertida unha fábrica como Alcoa pouco a pouco nunha chatarrería que malvenderon cando lles interesou. Víase vir dende hai tempo, os traballadores diciámolo, non interesaba a ninguén que tivésemos unha fábrica de alto rendemento na Coruña». Xulio dixo o seguinte: «Somos vítimas dunha estafa, non lle interesamos a ninguén; empresa e gobernos abandonáronnos con enganos.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Todo foi unha mentira á mantenta, xogando coas nosas vidas, cos nosos futuros; os nosos como traballadores e os das nosas familias». E Adrián aínda dixo: «Fomos enganados por todos, pola empresa, polos políticos; por todos, vendéronnos todos. Sempre agardando solucións e sempre as noticias dicindo que a solución aínda se ía pospoñer. E aí seguimos, vivindo na incerteza, á sombra da burla. ¡Como xogaron connosco! «Era visto», «víase vir», «os traballadores advertiámolo», «vítimas dunha estafa», «¡como xogaron connosco!».

Resulta moi difícil atopar palabras de conforto e explicacións convincentes para poder mirar aos ollos dos traballadores de Inespal, Alcoa, Alu Ibérica..., desa restra de nomes comerciais de ida e volta que tanto sufrimento ten deixado na clase traballadora coruñesa, da cidade e da comarca da Coruña; sempre anónima, sempre os ninguéns e sempre innomeada. Pasarmos no día de hoxe por diante da fábrica, ben cando imos camiño de entrada ou ben de saída da Coruña, desde logo, dá moito que pensar: un motor no epicentro industrial da Coruña convertido agora nunha silente chatarrería que deixa espidas as responsabilidades coniventes desa secuencia de titulares de prensa pactados entre empresa e gobernos —gobernos, o Goberno da Xunta e o Goberno central—, sempre á custa e tamén ás costas dos traballadores. Velaí 300 persoas e as súas familias enganadas por quen ten sempre a última responsabilidade: os gobernos; os dous gobernos, o galego e o central, que sempre aparentemente lles prestaron o seu apoio e que sempre confirmaron que se ía salvar a fábrica, porque a fabricación de aluminio era estratéxica e porque a comarca da Coruña non podía permitirse perder un só posto máis de traballo industrial. Traballo industrial, economía industrial, a única sólida que é capaz de soster esa outra economía de servizos tan fráxil.

Alu Ibérica é hoxe o retrato de tantas derrotas na perda de traballo industrial e é ese espello non manipulado que devolve a imaxe real ao Goberno cando se mira nel. Máis de 20.700 postos de traballo —recordábao agora a nosa portavoz nacional— destruídos no sector industrial galego nos últimos catorce anos polo Partido Popular. O legado que nos deixan é a destrución de máis de 1.500 postos de traballo por ano. ¡Triste legado! *(Aplausos.)*

¿Que economía de futuro pode soportar estas cifras? ¿Que responsábel político pode sentirse lexitimado para permanecer un día máis no Goberno? Son as cifras da vergoña, as cifras que explican a fuxida do señor Feixóo cara a Madrid, primando a súa ambición persoal ou simplemente o interese do propio Partido Popular. Son as cifras da vergoña dun goberno de reposto, en tempo de desconto, que aínda non foi quen de dar nin un só indicio de recoñecemento e de restitución dunha política industrial pública con vocación de facer avanzar Galiza.

Entre 2014 e 2021 —só sete anos— Galiza perdeu o 7 por cento das súas empresas do sector industria e enerxía. No mesmo período de sete anos, A Coruña perdeu o 14 por cento, o dobre; en segundo lugar, só despois de Ferrol. E mentres tanto o Partido Popular gábase de practicar na cidade da Coruña a política de pasarela, ou agora, máis recentemente, as das plataformas de baño chic —cuestión de preferencias políticas—.

Imaxinen vostedes, señorías do Partido Popular, que son oposición —imaxíneno— e que se teñen que enfrontar a este relato: había unha vez unha empresa pública que xeraba importantes beneficios. O presidente do Goberno español, nun exercicio remasterizado ao

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

máis puro estilo «benvido, míster Marshall», decide agasallala a un xigante norteamericano chamado Alcoa. Aos agasallos xa sabemos que ás veces se lles dá pouco valor, así que o xigante americano vende ao fondo suízo Parter Capital por 1 euro as dúas factorías da Coruña e Avilés, co compromiso de manter a actividade e non vender os activos en dous anos —¡en dous anos!—. Mais xa sabemos tamén que o barato sempre sae caro, e oito meses despois formalízase a revenda do 75 por cento de Alu Ibérica ao Grupo Riesgo. ¡Grupo Riesgo!, o nome a verdade é que xa o dicía todo. Toda prevención era pouca. Os traballadores sabíano, e así o advertían; advertían das numerosas dúbidas que existían sobre a solvencia e sobre a praxe empresarial dos novos compradores. O tempo confirmaríao: o Grupo Riesgo foi todo un risco.

¿E como remata o conto, preguntarían as súas señorías do Partido Popular na oposición? Alu Ibérica entra en concurso de acredores, é intervida xudicialmente e, finalmente, apróbase o seu plan de liquidación.

¿E quen escribiu este conto tan triste, volverán preguntar? Pois un tal José María Aznar, presidente do Goberno do Estado, do Partido Popular, un tal Alberto Núñez Feixóo, como presidente da Xunta do Partido Popular e un tal Francisco Conde, conselleiro de Industria do Partido Popular. Entenderán agora por que tan axiña pasarán vostedes a formar parte da oposición. *(Aplausos.)*

Mentres tanto, a pregunta seria é: ¿cal é a situación no día de hoxe nas vidas de Xulio ou de Adrián, que ao principio traïamos a esta Cámara? Por unha banda, hai ofertas para facerse cos activos da factoría da Coruña e para recuperar a necesaria actividade industrial que nunca debeu frearse. A máis importante é a oferta de Resonance Ignis, para expandir a fábrica de grafito de Resonac, que pode complementarse coa posta en marcha dunha nova fábrica de grafito para baterías de vehículos eléctricos, e ademais tamén unha fábrica de hidróxeno verde; un proxecto que a Xunta parabenizou dende o principio, declarándoo, ademais, como proxecto industrial estratéxico.

Mais, pola outra banda, os traballadores camiñan neste momento cara á fin do cobro das prestacións por desemprego e teñen aínda pendente de cobrar as indemnizacións que lles corresponden, así como a sempre comprometida recolocación nas novas actividades industriais que xurdan nesta fábrica.

Alu Ibérica está en fase de liquidación, mais o problema —así o entenden os traballadores e así o entendemos no BNG— non está en absoluto liquidado. A débeda cos traballadores segue pendente e cómpre actuar xa desde un goberno da Xunta que realmente queira demostrar que é responsable e cómplice coa situación, con compromisos transparentes, dialogados, firmes, que fagan valer sobre todo dunha vez os dereitos dos traballadores e traballadoras. As palabras xa sabemos que as leva o vento, porque tamén xa sabemos que o papel terma do que lle poñan, mais o certo é que o futuro de Alu Ibérica e dos seus traballadores e traballadoras está aínda pendente de escribir.

O futuro laboral do cadro de persoal debe estar ligado ao impulso de calquera solución industrial para os activos da fábrica, e tanto o Goberno da Xunta como o Goberno central, fa-

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cilitadores do ERE inicial de Alcoa, deben implicarse no máis importante: a recolocación dos traballadores.

A venda da factoría debe estar condicionada a que se salde a dobre débeda pendente que se ten con eles e con elas: primeiro, o cobro das indemnizacións e, por suposto tamén, ao mesmo tempo, as garantías de recolocación nas novas actividades industriais, porque, ademais de ser da súa incumbencia, tamén é da súa competencia, e ademais, sobre todo, porque llelo deben aos traballadores. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Seco García.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, presidente.

Os traballadores da pechada fábrica de Alu Ibérica na Coruña seguen a mobilizarse para reclamar os seus dereitos. Todos puidemos observar como hai poucos días se concentraban ante a Delegación Territorial da Xunta de Galicia na Coruña para exixirlles ás administracións que traballen pola súa recolocación e o pago das indemnizacións que aínda teñen pendentes.

Señorías, gustaríame comezar amosando a miña solidariedade cos traballadores afectados e facer nosas as súas lexítimas reivindicacións. Son uns traballadores aos que debemos, ademais, pedir desculpas por non ter sido capaces de garantir a continuidade da fábrica, pese aos múltiples intentos da Administración central por manter a produción de aluminio e o emprego dunha planta importante para a comarca coruñesa.

Debemos falar claro. A historia recente desta planta é a historia dunha auténtica fraude, na que unha multinacional como Alcoa decide desfacerse da actividade das súas fábricas na Coruña e Avilés, e o que é peor, decide poñer todas as trabas posibles para que ninguén siga coa actividade de produción de aluminio nas ditas fábricas. Por iso, e admitindo o fracasado intento por manter esa actividade, sería bo que todos os partidos, e tamén os representantes públicos, deixásemos moi claro que a responsable desta situación é a multinacional Alcoa. Porque demasiadas veces, señorías do Bloque Nacionalista Galego, escoitamos ese discurso fácil de que a responsabilidade do peche dunha empresa privada, que decide abandonar a súa actividade por estratexia empresarial, é do goberno de turno; é máis, cando son coñecidos os intentos realizados polo Goberno para darlle continuidade á fábrica, aínda que estes intentos fosen frustrados polas sucias manobras dunha man negra e algo que pasou, que vostedes saben que tamén pasaría se vostedes tivesen a responsabilidade de gobernar. Pero isto non é algo que suceda alleo ao proceso de desindustrialización que está a vivir toda Galicia e, singularmente, a comarca da Coruña dende hai máis dunha década, cun goberno galego que ten as competencias en materia industrial, pero que prescinde de utilizalas para garantir o futuro dun sector que resulta estratéxico pola súa capacidade de xerar postos de traballo con mellores salarios, así como unha maior calidade e estabilidade no emprego.

Señorías, os traballadores afectados esperan de nós solucións. Por iso debemos de centrar os nosos esforzos en dous aspectos esenciais, para a miña impresión: en primeiro lugar, en

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que as administracións se involucren no proceso de venda que está a levar a cabo a Administración concursal para favorecer a instalación dun novo proxecto que dea continuidade á actividade industrial na planta, e en que este apoio, ademais, estea ligado á recolocación dos antigos traballadores da fábrica.

Somos coñecedores, como dicía a voceira do BNG, da proposta conxunta realizada por dúas empresas para facerse coa propiedade da antiga Alu Ibérica e levar a cabo dous proxectos industriais: a empresa Resonac, que se dedica á obtención, elaboración e comercio de produtos grafitados, que ten as súas instalacións xusto ao lado da fábrica de Alu Ibérica e que desexa ampliar a súa fábrica para poñer unha nova planta de grafito para ánodos de baterías para coches eléctricos; e tamén da empresa Ignis, unha empresa do sector enerxético, especializada no sector das renovables, que proxecta a construción dunha planta de hidróxeno, aproveitando as conexións que ten alí da rede de alta tensión, e transformar o hidróxeno en amoníaco verde, que, posteriormente, será trasladado ao porto exterior de Langosteira, onde a compañía ten en marcha outro proxecto para a súa exportación. Este proxecto conxunto das dúas empresas a Xunta de Galicia declarouno como proxecto industrial estratéxico.

Por iso, observando as oportunidades que xorden neste proceso de venda, o Goberno galego debera poñer toda a carne no asador para que estes dous proxectos sexan unha realidade e para que, ademais, o apoio público que se lles dea estea ligado a que as empresas beneficiarias recoloquen os traballadores e traballadoras que perderon o seu posto de traballo na antiga fábrica de Alu Ibérica.

Nesa liña fomos coñecedores tamén de que a Unión Europea, atendendo á petición que fixo o Goberno de España, puxo á disposición unha partida económica de millón e medio de euros para axudar a recolocar os despedidos de Alu Ibérica; unha partida coa que se poden realizar servizos de asesoramento, asistencia na busca de emprego, mellora das capacidades laborais e reciclaxe profesional adaptada dos traballadores, ademais de beneficiarse dun incentivo de 200 euros ao mes durante seis meses para a súa reincorporación ao mercado laboral.

Señorías do Partido Popular, cómpre que o Goberno da Xunta utilice todos os instrumentos que ten á súa disposición en materia laboral, formativa e tamén industrial e lles dea unha segunda oportunidade aos traballadores despedidos, uns bos profesionais que son facilmente adaptables á nova actividade. É de xustiza.

E, por outra banda, hai que intentar axilizar o proceso de cobro das indemnizacións pactadas pola plantilla con Alcoa para o seu despido; unhas indemnizacións de 60 días por ano traballado, máis uns 10.000 euros lineais por cada traballador, que deben atender os máis de 300 traballadores que tiña a fábrica na Coruña.

A realidade é que xa pasou un ano dende a sinatura do acordo de despido e no día de hoxe os traballadores non cobraron nin un só euro das indemnizacións pactadas; unha plantilla á que lle quedan en moitos casos só sete meses de paro.

Os traballadores demandaban —e demandan— do Fondo de Garantía Social que como ente solidario e subsidiario lles pague unha parte das indemnizacións mentres non cobren da

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Administración concursal, e a situación legal é completamente endiablada, xa que o propio Fogasa estivo a denegar as peticións de pago das indemnizacións correspondentes porque lle consta que existe un acordo ratificado e homologado entre os traballadores peticionarios e Alcoa que mellora os límites de pago do propio Fogasa. É dicir, que como os traballadores pactaron melloras nas indemnizacións, o Fogasa non pode pagarlles de segundas.

Este acordo existe e está suxeito a unha decena de anexos e a un documento transaccional que, para ser efectivo, ten que homologar a Sala Social do Tribunal Supremo, onde está agora a sentenza da Audiencia Nacional que condenou na primavera do 2021 á multinacional a pagar o plan social aos seus extraballadores por non vender a un grupo solvente as súas fábricas na operación que se fixo en xullo de 2019.

O que sucede é que 14 deses extraballadores de Alu Ibérica excluídos pola multinacional Alcoa do acordo por deixar a empresa, nalgúns casos porque pediron a conta, outros por xubilación ou por excedencia, paralizaron o acordo dos seus compañeiros. Estes 14 traballadores baséanse na circunstancia de que a sentenza da primavera de 2021 ordena devolver os pasos a xaneiro de 2019, cando empezou o proceso de venda das fábricas, e nese momento eles estaban en plantilla. Ou sexa, que aínda que exista o acordo, este non pode aplicarse no día de hoxe, e esta situación é interpretada polos propios representantes dos traballadores como unha escusa máis para demorar o pago do que Alcoa debe, pese a que os traballadores cumpriron coa súa parte, que era aceptar os despidos de maneira unánime e que as federacións que os representan retiraran as demandas que tiñan presentadas.

Os traballadores piden ao Fogasa que adiante os pagos. Descoñecemos se isto é legalmente posible pola situación xudicial na que se atopa o tema. Pero sumámonos á petición desta iniciativa para que se arbitren as fórmulas precisas para intentar que se proceda ao dito pago.

Por outra banda, os traballadores despedidos piden información sobre a situación de venda da fábrica, dos proxectos industriais que aparecen sen que ninguén lles estea a dar explicacións das xestións que se están a levar a cabo. E, polo tanto, tamén sería desexable que se formase un foro de diálogo entre as administracións, as empresas afectadas e os propios representantes dos traballadores, co fin de fomentar as actuacións precisas para tal fin.

Por todo o que acabo de expoñer, e como comprenderán, o Partido dos Socialistas de Galicia non pode facer outra cousa que votar a favor dos traballadores da antiga Alu Ibérica votando tamén a favor desta iniciativa; en primeiro lugar, porque é de xustiza, e, en segundo lugar, porque, tal como din nas súas propias mobilizacións, sen industria non hai futuro, e hai que pagar a sangría que está a suceder no ámbito industrial en toda a comarca coruñesa, que realmente debera de preocupar moito máis o Goberno galego.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Seco

Quenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ten a palabra dona Marta Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidenta.

Bo día, señorías.

Eu, señora Queixas, alégrome de que por fin veña defender a economía industrial, que provoca maiores servizos sociais; eu alégrome. Pero a verdade é que non se pode ser máis incoherentes: sempre coa pancarta en contra de calquera iniciativa industrial, en contra das térmicas, en contra de Ence, en contra da ampliación de Stellantis, en contra da enerxía eólica, da enerxía eólica terrestre, da enerxía eólica mariña, das centrais hidráulicas... ¿Pero que empregos industriais van defender vostedes?, ¿os que lle gustan a vostede? Miren, este grupo e a Xunta de Galicia defende a todos os traballadores, *(Aplausos.)* e vaia por diante, señorías, que os traballadores de Alu Ibérica teñen toda a nosa solidariedade e desde sempre, señorías.

Unha vez máis estamos ante unha iniciativa do BNG que pide cousas imposibles. Unha vez máis o BNG amosa o seu descoñecemento e a falta de respecto polas normas democráticas e polo Estado de dereito. Señorías, esa empresa, Alu Ibérica, está en concurso de acredores e cun plan de liquidación, polo que non está nas mans de ningunha administración garantir o que plantexan vostedes. Hai que respectar o marco xurídico e o proceso legalmente estipulado. O pago das indemnizacións está afectado polo proceso xudicial aberto tras a impugnación do acordo alcanzado entre os traballadores de Alcoa por parte dos antigos traballadores, e a Xunta, señora Queixas, non ten competencias.

Non pode vir aquí vostede pedir cousas imposibles que non son realizables por parte de ningunha administración. Eu véxoa con moita forza, pero só quero recordarlle, antes de entrar en materia: nós, 42 deputados; 19 deputados o Bloque. Nas pasadas eleccións o Partido Popular sacou o dobre de representación de porcentaxe que o Bloque Nacionalista Galego. Entón, tócalle traballar un pouquiño máis, señora Queixas. Non veña aquí presumir e asoballar, como fan sempre, porque vostedes están na oposición e van seguir así durante moitos anos. Levan catro lexislaturas e van estar unha quinta, téñao seguro. *(Aplausos.)*

Mire, sería conveniente facer memoria. É importante facer memoria, facer memoria de como chegamos ata aquí e do que ocorreu en outubro do ano 2018 cando as antigas Alcoa A Coruña e Avilés anunciaban o seu peche. Neste Parlamento, eu, que son a portavoz de industria, e naquel momento era a portavoz de enerxía, debatiamos unha iniciativa sobre a interrompibilidade e xa avisabamos do que ía ocorrer pola cancelación do servizo de interrompibilidade por culpa do señor Pedro Sánchez.

Vostede, ao mellor, non estaba daquela aquí e non está enterada, pero daquela o señor Pedro Sánchez suprimía a cero os 500 millóns que daban antes os gobernos anteriores —como o do señor Rajoy— a este tipo de empresas; suprimiu a cero, cancelou o servizo de interrompibilidade. E a primeira foi esta empresa, que dixo que, pola falta de competitividade, polo alto prezo da enerxía, pechaba. E nós avisabamos de que despois sería Alcoa San Cibrao, e así ocorreu. Nese momento, neste Parlamento, chegamos todos a unha transacción para

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

apoiar esta empresa. ¿E que ocorreu despois? O que ocorreu despois foi, unha vez máis, a propaganda do señor Pedro Sánchez: suprimíase o Estatuto da interrompibilidade, o servizo de interrompibilidade, para crear un estatuto da industria electrointensiva. Dous anos estivemos agardando por ese estatuto, e, cando se aprobou, foi totalmente ineficaz. O prezo da luz seguía subindo e acadando prezos históricos. Un peche en falso. Daquela, a señora Maroto, agora ex ministra de Industria, o xoves, 1 de agosto, dicía: *Es un éxito de todos los trabajadores, de los responsables de las plantas y de todos los gobiernos*. ¿Sabe o que dicía o señor Conde —ese «tal» señor Conde, o señor vicepresidente, pero ese «tal», como lle acaba de dicir vostede, e non é «tal», non, é o vicepresidente Francisco Conde—? ¿Sabe o que dicía? *«El conflicto de las plantas de Alcoa se cierra en falso porque la solución con el inversor es parcial.»* Nós xa o advertiamos e así, lamentablemente, ocorreu. O señor Sánchez, unha vez máis, de costas a Galicia, deixou que se cronificase un problema que está a afectar o conxunto da industria electrointensiva, e segue sen solucionarse.

Estamos cun prezo da enerxía aínda moi por riba de Francia ou Alemaña, o que indica que perdemos competitividade, señora Queixas. E, vostede, diso, chitón. ¿Por que? ¿Por que? ¿Por que, señorías? ¿Cal foi o papel do BNG en todo este conflito? Pois voullo contar, porque, claro, iso tampouco o dixo. O papel do BNG naquel momento era votar a favor do señor Pedro Sánchez para que fose presidente do Goberno e firmar aquel Pacto famoso de Ana e Adriana, que, no seu punto 5.1, pedía un estatuto da industria electrointensiva competitivo. ¿Sabe o que fixo o señor Sánchez? Nada, papel mollado. Ese era o seu papel, é o seu papel, o do BNG, apoiar o señor Sánchez para que non apoiase —valla a redundancia— as empresas, a industria galega. Ese é o papel do BNG. ¿Que fiabilidade teñen vostedes? Pois ningunha, señorías. ¿E que debería facer o Goberno do Estado? Pois debería poñer en marcha medidas que están a implantar outros estados, como é dotar a máxima compensación por dereitos de CO2 ás empresas, e non se fai, e iso podería facelo. E tamén, señor Seco, ¿que podería facer o señor Pedro Sánchez? Pois claro que podería apoiar as empresas galegas, igual que apoia as empresas doutras comunidades, onde, señorías, ¿saben quen goberna, non? ¡O Partido Socialista!

E, claro, esta fin de semana todos soubemos —¡destapouse, vamos!— que ArcelorMittal foi apoiada con 450 millóns do PERTE da descarbonización. Antes nin sequera de que se crease o PERTE xa o presidente Sánchez anunciou en Asturias que ía apoiar esta empresa *por todo lo alto,* con 450 millóns. ¿E saben por que? ¡Miren que casualidade!: *el jefe del PERTE de 450 millones a Arcelor trabajó diez años en el grupo.* ¡Ah! E o xefe do PERTE —do señor Pedro Sánchez, que está á fronte— traballou na empresa ArcelorMittal durante dez anos. ¡Claro! Entón, para Asturias hai cartos, e para Galicia, ¿saben o que hai? ¡Cero, señorías! Vostedes aquí, nada, ¡nada!, porque, claro, estamos a piques dunhas eleccións municipais e dentro de pouco imos ver todos como onde perde o BNG vai pactar co PSOE para acadar un sillón, que é o que lles interesa. A vostedes é o que lles interesa. É o que quería o señor Rego, pero quedou sen sillón e sen ningún apoio do señor Sánchez.

¿E que fixo a Xunta de Galicia? Pois si, señor Seco. Claro que fixo. Vostede nomeouno aquí. A Xunta de Galicia declarou estratéxico o sector electrointensivo galego. ¿Saben por que? Porque dá emprego a máis de 5.000 mil persoas en Galicia. Pero a vostedes eses empregos —uns si e outros non, depende dos que sexan— válenlles ou non lles valen; a todos, en

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

xeral. ¿E que fixo? ¿Que fixo a Xunta de Galicia, concretamente, por Alu Ibérica? ¿Sabe o que fixo? Iso vostede tampouco o dixo, pero cóntollo eu. Mire, pois solicitoulle á Comisión Europea, en concreto ao Fondo Europeo de Adaptación e Globalización, unha axuda para os 303 traballadores da fábrica. ¿E sabe que pasou? Que a Comisión Europea lla concedeu. Concedeulle á Xunta de Galicia —si— 1,5 millóns de euros, dos que 1,2 os pon a Unión Europea e o restante o pon a Xunta de Galicia. ¿Para que? Para dar formación a eses traballadores e poder darlles un futuro en emprego industrial; ademais de 300 euros ao mes durante seis meses.

Si, iso foi o que fixo a Xunta de Galicia. Entón, vostede non pode vir aquí e dicir que non estamos ao lado dos traballadores. Estamos ao lado dos traballadores de Alcoa e de Alu Ibérica dende sempre, pero ao lado dos de Alcoa e dos de todos; non coma vostedes, que son sectarios e defenden uns traballadores para deostar outros. Iso o Partido Popular non o fai.

¿E que imos facer? Pois para nós claro que é unha prioridade que se garanta un novo futuro industrial para estes traballadores, e imos estar, tanto a Xunta de Galicia como o Partido Popular, a carón de todos eles e dotando de proxectos A Coruña, claro que si. ¿Pero saben o que nos falta? Apoio, apoio do Goberno central, que non temos.

E, señorías, por certo, non podemos apoiar unha iniciativa —xa llelo dixen— que non se sustenta xuridicamente. Vostedes piden sempre cousas imposibles e despois laméntanse de que non se apoien. É normal; é que non as podemos apoiar porque non son legais as cousas que vostedes piden.

E, señora Queixas, vostede fala de deserto industrial. Eu recoméndolle que actualice os datos, non que a señora Pontón lle pase os datos copiados. Non, mire, en Galicia, o IPI medra hoxe; con vostedes no Bipartito caía un 20 por cento. Hoxe medra un 4 por cento. Lamentablemente, sufrimos unha pandemia e a industria hiperelectrointensiva en Galicia estivo parada, claro que si, por un prezo da luz abusivo e totalmente desorbitado, señorías, e por falta dun apoio dun Goberno central que non fai o que fixeron outros países, como Alemaña e Francia, que foi declarar estratéxicos estes empregos e darlles unha solución aos prezos altos da electricidade —que tamén está a ocorrer aquí, pero que alí os axudan doutra maneira—.

Entón, menos demagoxia, señoría Queixas, e reclamarlles ¿sabe a quen? Aos seus socios de goberno.

Nada máis pola miña parte e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Nóvoa.

Para o peche ten novamente a palabra dona Mercedes Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Grazas, presidenta.

Señora Nóvoa, no Partido Popular corren vostedes máis para infrinxir a Lei de tráfico que para impulsar a política industrial da Coruña, *(Aplausos.)* porque compromisos na súa in-

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tervención, cero. Realmente, creo que vostede estivo máis atenta ao relato que eu fixen, onde mencionei o Partido Popular na oposición, que ao resto da intervención, e penso que ese relato tampouco lle gustou demasiado, que a enfadou un pouco.

Agradezo, por suposto, o apoio do señor Seco por votar a favor desta proposición non de lei. Só quería facer un pequeno apuntamento. Vostede di que os gobernos non teñen culpa do peche dunha empresa privada. Eu o que quería comentar é que vostedes tiveron, dende o Goberno central, a oportunidade de mudar a normativa laboral precisamente para aumentar o control dos gobernos nos casos de peches empresariais e, aínda así, non o fixeron. Entendemos que pedir desculpas, pedir perdón, está ben, pero non é suficiente, e que o hai é que intentar aplicar sempre o máximo desenvolvemento das competencias.

E en relación ao non do Partido Popular, pois tampouco sorprende nada, porque é o único que saben votar. Son o partido do non e, sobre todo, son o partido do non á clase traballadora; é así, e a realidade é o que confirma. Non sorprende a incoherencia reincidente en materia de política industrial; non sorprende a incompetencia, porque sempre vostedes din que non teñen competencias, cando saben que teñen todas as competencias posíbeis, pero non as queren desenvolver —polo tanto, é unha actuación de incompetencia—; nin tampouco sorprenden as mentiras nas que asentan a maior parte da súa información. En calquera caso, é bo este tipo de intervencións e que traïamos outra vez aquí Alu Ibérica, porque é a maneira de que os traballadores e as traballadoras que nos están a ver agora mesmo ao vivo e que nos volverán ver logo saquen conclusións en primeira persoa, sen ningún tipo de intermediación.

E non sorprende por unha razón fundamental que segue fallando, como fallou durante os catorce anos de goberno do Partido Popular, e é que o Partido Popular non ten realmente unha estratexia e unha planificación para reindustrializar Galiza, porque quen o está a facer son os consellos de administración das empresas, nomeadamente das eléctricas, e o Partido Popular e o Goberno desde a Xunta simplemente o que fan é ratificalas, ignorando absolutamente as consecuencias sociais, económicas e industriais que ten para o conxunto de Galiza. *(Aplausos.)* Porque é así, por acción —eu comprendo que é difícil vir aquí e desenvolver ese papel— ou por omisión, está máis que contrastado en catorce anos que vostedes teñen asumido resignadamente o papel de expendedores de certificados de defunción, que vai convertendo Galiza e a comarca, a cidade e a comarca da Coruña, exactamente, nun deserto industrial, porque iso é o que se ve a todos os ollos. Non fai falta vir aquí recrear ningún escenario para esa película de rodaxe de política ficción que vostedes pretenden rodar, porque é totalmente falsa.

Realmente, sobre esa conivencia da que eu falaba dos dous gobernos, nesa estafa que din e na que se recoñecen os traballadores, hai moitas fotografías que o ilustran, *(A señora Queixas Zas mostra unha fotografía.)* e fotografías onde estaban reunidos os dous gobernos cos traballadores e onde realmente aquí se asumían compromisos de que isto se ía salvar; e o único que fixo, efectivamente, foi saltar polos aires e despedir aos traballadores, en principio con compromisos de solución, mais logo despedíronos máis ben en paz.

Polo tanto, señora Nóvoa, aquí vostede non fixo demostración de ningún compromiso por parte da Xunta de Galiza, e iso aos traballadores e ás traballadoras xa lles di todo.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por certo, que falaba vostede do prezo da enerxía. Eu teño que recordar aquí —aínda que os traballadores de Alu Ibérica o saben perfectamente— que o sistema actual co que se fixa o prezo da electricidade é do Partido Popular, asinado por un tal M. Rajoy. ¡Que útil sería, que necesaria sería a tarifa eléctrica galega!, evidentemente, ¡que útil sería! E por iso vostedes están sempre en contra dela.

Ben, sorprende a irresponsabilidade dunha Xunta que saudou no seu día unha operación de venda ilegal, cun alarmante resultado de investigación xudicial e policial, que seica todo o mundo intuía —empezando polos traballadores, pero que os gobernos quixeron ignorar, empezando pola Xunta de Galiza—, indicios de numerosos delitos cometidos por parte dos administradores da sociedade Parter Capital, como apropiación indebida, administración desleal, estafa, fraude e branqueo de capitais. Estas son as compañías que escolleu o Partido Popular aquí e tamén o Partido Socialista e Unidas Podemos en Madrid. É hora, en calquera caso, de as mudar, de aprender e tirar lecciónns e mudar.

Por iso, no BNG volvemos demandar nesta cámara que se coloquen vostedes do lado dos traballadores e que fagan valer Galiza, concretando o futuro dun proxecto industrial estratéxico, contando sempre con eles, porque son os que sempre fican á marxe. Déanlles unha oportunidade. Cómpre explicarlles antes de máis ese proxecto de compra que anda nos titulares, saber que está disposta a facer a Xunta para cumprir coa palabra dada. ¿Van vincular a recolocación dos traballadores ou van persistir na estafa permanente? ¿Van condicionar a oferta de compra á recuperación dos postos de traballo, si ou non? Esa é a resposta que están querendo agardar. ¿Que plan industrial presentou a empresa? ¿Con que prazos? ¿Que orzamentos? ¿Fondos de transición xusta, Next Generation? ¿Que previsións de contratación hai por parte deste proxecto de Resonac-Ignis? Esas son as preguntas sobre as que aínda vostedes agora perderon outra oportunidade de responder.

Hoxe tiñan —aínda teñen até o momento da votación— unha boa oportunidade para rectificar con ese voto positivo ao que aspiramos a política industrial de ciencia ficción que veñen practicando e que fixo desaparecer 20.700 postos de traballo do sector industrial. É normal que non lles guste...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Remate, por favor.

A señora QUEIXAS ZAS: ...escoitar esta cifra. Hoxe teñen —remato, presidente— a posibilidade de votar a favor de reiniciar o futuro industrial para a cidade e a comarca da Coruña, porque Galiza non soporta nin unha baixa máis.

Falaba vostede de fotos e falaba vostede de fotos cos traballadores. De momento, a única foto que vemos, señora Novoa, é a foto do señor Rueda... *(A señora Queixas Zas mostra unha fotografía.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: ...anunciando, con anuncios...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora QUEIXAS ZAS: ...pero non vimos aínda ningunha cos traballadores.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora QUEIXAS ZAS: Remato, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Si. Remate, por favor.

A señora QUEIXAS ZAS: A tinta grosa dos titulares non asina as nóminas a fin de mes... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora QUEIXAS ZAS: ...nin o tóner das fotos publicitarias abre a esperanza dun novo tempo para os traballadores de Alu Ibérica, que viven...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora QUEIXAS ZAS: ...nun persistente branco e negro.

O señor PRESIDENTE: Señora Queixas, grazas.

(Aplausos.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Noa Susana Díaz Varela e tres deputados/as máis, sobre o rexeitamento por parte do Goberno galego da práctica dos ventres de alugueiro e a solicitude que debe facer ao Goberno do Estado para que evite esta práctica

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Ben, efectivamente, hoxe imos falar aquí dos ventres de alugueiro. E traemos este debate aquí hoxe porque, dende logo, para nós este é un asunto profundamente político. Este non é un problema ético, este é un asunto absolutamente político.

Os ventres de alugueiro son violencia contra a muller, e así ademais está xa recoñecido no noso ordenamento xurídico. É explotación reprodutiva, que propicia ademais un mercado de nenos e de nenas, unha grave violación dos dereitos e a dignidade das mulleres e dos menores.

Por certo, un asunto cuxo debate nós pensamos que debera estar xa pechado, xa que está lexislado. E vostedes dirán: ben, os marcos lexislativos mudan. E é certo, efectivamente,

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

pero a realidade é que estamos xa un pouco fartas de que sexan sempre os dereitos das mulleres obxecto destas mudanzas, e é que son sempre os dereitos das mulleres. Preguntámonos por que sempre son cuestionados os nosos dereitos, por que, cando xa os temos conseguidos, cando xa avanzamos grazas á loita feminista —que non foi doada, por certo—, se produce unha volta a atrás para volver pensar sobre algo que está xa máis que pensado, máis que reflexionado e —como digo— máis que lexislado. Nós, dende logo, aquí dicimos, uníndonos, ademais, porque tamén o somos, ás feministas, que ¡xa basta!, nin un paso atrás cos nosos dereitos.

E miren, debemos ter clara unha cuestión: a maternidade ou a paternidade non é un dereito, non está recoñecido en absolutamente ningunha norma internacional o dereito á paternidade ou á maternidade, e moito menos cando esta é a cambio de negociar con dereitos básicos como o da nai xestante ou a filiación da súa filla ou do seu fillo.

E é que, efectivamente, se aquí falamos de dereito, o único dereito que existe é o que temos nós a decidir libremente sobre os nosos corpos. E os ventres de alugueiro, esa práctica, rachan con esa liberdade, porque non son ventres, non somos ventres; somos mulleres, somos nais que somos explotadas, e hai despois bebés mercados. Iso é o que son os ventres de alugueiro.

E repito, e por iso traemos esta cuestión aquí: porque son sempre os nosos corpos os que son empregados para o que convén, e ademais sempre tamén os corpos das mulleres máis vulnerables empregados por aqueles que máis teñen. *(Aplausos.)*

Para nós, dende logo, este debate está ou estaba pechado, teño que recoñecer que estaba pechado. Pero se o traemos aquí é porque ultimamente tivemos que asistir —despois dun feito da prensa rosa— a un novo titubeo das teses máis ultraliberais. Preocupounos —e moito— unha nova ocorrencia do señor Feijóo a respecto dos ventres de alugueiro, na que abría a porta a legalizar o que hoxe é ilegal no noso Estado. Pero máis nos preocupou tamén a negativa do Partido Popular, do Grupo Parlamentario Popular, a consensuar unha declaración no anterior pleno a respecto desta cuestión, e mais tamén ese seguidismo ao señor Feijóo do actual presidente da Xunta, que si está gobernando e de momento non é só un candidato sen competencia ningunha —el si goberna—, e o señor Rueda marcaba a mercantilización como a liña vermella para esa legalización.

Entón, ben, pois nós pensamos que neste que é o Parlamento e a Cámara de representación de todos os galegos e galegas deberamos abrir ese debate e imos ir ao debate do altruísmo. Un debate, por certo, ese altruísmo, ese concepto que é defendido con vehemencia tamén polas axencias que se dedican a comercializar con ventres e con bebés. Claro, é curioso que esas axencias teñan esa vehemencia se non supón beneficio ningún; daría moito que pensar ou dá moito que pensar.

Eu rógolles que agora mesmo aquí fagan un exercicio de reflexión interna e se contesten vostedes a esta pregunta, os homes tamén pero tamén as mulleres, e aquí agora neste momento gustaríame que houbese máis, pero tamén estamos moitas mulleres. Fáganse esta pregunta: ¿estariamos dispostas nós, calquera de nós, a que, sen que exista contraprestación

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

económica ningunha, nos hiperhormonen, pasemos por un proceso de inseminación —co duro que é ese proceso, que todas o sabemos—, vivamos un embarazo de nove meses e un parto tamén para ceder despois ese neno ou nena que xestou a unhas persoas descoñecidas? Eu xa lles digo que non, ningunha de nós estaría disposta, ¿verdade? Non. Porque nós non somos mulleres vulnerables, e esa é a realidade.

Deixemos fóra a hipocrisía, e eu creo que aquí hai que deixar fóra a hipocrisía. As mulleres vítimas dos ventres de alugueiro son sempre mulleres vulnerables, e moitas das veces —a maioría das veces— de países nos que non se pode falar nin de altruísmo nin moito menos de liberdade. Elas non elixen, elixe a pobreza e a necesidade por elas no exercicio máis macabro que calquera poida pensar. ¿Ou pensan vostedes que mulleres con grandes recursos van prestar alegremente —como dixen hai un momento— os seus ventres para enxendrar o neno ou a nena para outra persoa? Non. É a necesidade a que se presta.

Sexamos sinceras e deixemos as cousas claras. A legalización de calquera aspecto sobre o alugueiro de ventres abre as portas á explotación reprodutiva de mulleres vulnerables por parte das elites dos países desenvolvidos. E, sendo pragmáticas ou dito doutra maneira, o que acontecería sería cambiar o concepto «pago por compra de bebé» por outro eufemístico de «compensacións por gastos». E isto estano dicindo todos os organismos internacionais, finalmente hai contraprestacións económicas, o que é agochado por ese termo de «compensacións por gastos». A nós, dende logo, compensacións por gastos ou pago tanto nos ten, é violencia contra as mulleres, *(Aplausos.)* que, ademais de correr os riscos que supón calquera embarazo, cun contrato de por medio —e, por favor, isto é o máis importante de todo—, están obrigadas a ceder a súa autonomía e soberanía reprodutiva.

Son as clientas e os clientes os que toman as decisións sobre todos os aspectos da súa vida e saúde durante os meses que dura o embarazo, durante tamén todo o tempo previo, que poden ser anos. Mulleres que xa non poden decidir nin sobre os seus corpos nin sobre as súas vidas, que deciden por elas o que teñen que comer, o que teñen que beber, como se poden desprazar. Isto son os ventres de alugueiro, unha agresión ao corpo que non hai diñeiro que a pague se finalmente ese neno ou nena cho arrebatan. E todo isto —repito— ten só un nome, que é violencia; ten outro, que é explotación. ¿Queremos, de verdade, ilegalizar isto?, ¿queremos, de verdade, ilegalizalo?

Eu, en definitiva, rógolles hoxe un acordo unánime para que a sociedade enteira, non só a galega ademais, vexa que a totalidade do arco parlamentario galego entenda que non pode haber un retroceso de novo nos dereitos das mulleres. Porque o único dereito aquí é non ter que, por atopármonos nunha situación de vulnerabilidade, dicir que si a unha proposta na que nos utilizan como vasillas ou como incubadoras —dá igual— para darlle un fillo a outra persoa.

Por todo isto, o que hoxe propoñemos con esta proposición non de lei, diante do que sería —repito— un retroceso nas políticas feministas que protexen o dereito das mulleres e tamén das nenas e dos nenos, en primeiro lugar, é expresar o noso rexeitamento á práctica dos ventres de alugueiro, porque socavan os dereitos das mulleres e, especialmente, os das máis vulnerables —e isto sabemos que é así—, e, en segundo lugar, dirixirse ao Goberno do Es-

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tado co fin de reforzar as garantías que eviten esta práctica prohibida por lei e perseguir e sancionar fortemente as axencias que se dediquen a esta actividade no Estado, así como estudar as medidas oportunas para evitar que se realice a través doutros países.

Respecto da primeira cuestión deste segundo punto, hai que ter en conta que a industria que comercializa cos ventres e cos nenos e nenas emprega as mesmas, exactamente as mesmas tácticas criminais que as redes de tráfico de trata de seres humanos. Ou sexa, van a países con mulleres vulnerables, van a países en vías de desenvolvemento, identifican mulleres vulnerables, cáptanas para unha rede para que presten despois as súas capacidades reprodutivas. Esa é a maneira como operan as axencias que se dedican a comercializar con nenos e nenas e coa capacidade reprodutiva das mulleres. Esa é a única realidade, e, sexa altruistamente ou non, vai continuar sendo igual.

A respecto da segunda cuestión, estudar as medidas oportunas para evitar que se realice a través doutros países, dende logo, no PSdeG nós pensamos que hai que poñer fin á mal chamada maternidade subrogada fronteiriza. Debemos estudar ou debemos dende aquí, evidentemente, apelar ao Goberno do Estado a estudar como facelo, como prohibir esta práctica, pero, evidentemente tamén, sen pór en risco o interese superior do menor. Témolo claro, pero ten que haber solucións. E, dende logo, tamén os organismos internacionais advirten desta cuestión, habería tamén que..., si que o hai, pero, ben, debería ser probablemente máis contundente este acordo.

Remato xa.

As prácticas dos ventres de alugueiro son o que son, son prácticas egoístas, é puro egoísmo, que tende a conformar finalmente ademais un sistema no que hai criadas reprodutivas —que é o que somos as mulleres ou o que seriamos esas mulleres— e a conformar esas criadas reprodutivas e a menores como obxectos de compravenda á carta. Por iso, nós hoxe pensamos que deberamos ser contundentes no seu rexeitamento.

Nada máis, grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Nós imos votar a favor da proposta que trae hoxe o Partido Socialista. E este é un debate recorrente aquí neste parlamento.

Na anterior lexislatura —algunhas das súas señorías lembrarano— debatemos sobre esta cuestión no ano 2017 e no ano 2019, a proposta do noso grupo, e, efectivamente, hai quince

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

días tentamos desde o BNG, infrutuosamente, pois chegar a un acordo unánime de todas as forzas da Cámara, unha declaración institucional para amosar a posición contraria da maioría social de Galiza. Eu aí estou absolutamente convencida de que é así, de que a amplísima maioría das galegas e dos galegos están en contra desta práctica, e, por suposto, están en contra de que se pretenda legalizar no Estado español os ventres de alugueiro.

Digo: foi infrutuosa. O Partido Popular non quixo; ademais, non quixo nin falar sobre os termos nos que formulamos a proposta de declaración institucional, e logo, despois de deixar correr o tempo, pois dixo que había que tratar con sosego este tema. Eu, con todo o sosego e con toda a tranquilidade tamén, pregúntome se vostedes cren que os nenos e as nenas se poden comprar, coma quen colle unha camisa no catálogo de Zara; ou se cremos que os corpos das mulleres poden alugarse para satisfacer desexos de persoas, lexítimos, ¡eh!, lexítimos, pero se se pode alugar; se cren que todo —porque este é o quid da cuestión— pode ser comprable e vendible nesta vida. E ese é o elemento central deste debate.

Vivimos nun contexto liberal non, neoliberal, que sacraliza total e absolutamente a liberdade individual de cadaquén, que promove o libre mercado sobre calquera ámbito, non só da vida económica, senón da sociedade mesma. Unha sociedade de mercado na que ter diñeiro lexitima para acceder a bens, para acceder a servizos, para acceder a recursos e mesmo para materializar vontades e desexos. E que é comprable, é vendible e é alugable até o corpo dunha persoa.

A maternidade e a paternidade son un desexo lexítimo, pero a súa satisfacción non pode estar por encima dos dereitos humanos. A pregunta é: ¿queremos vivir nunha sociedade na que con diñeiro se pode conseguir o que un desexa ou defendemos unha sociedade asentada en valores e dereitos non mercantilizables, na que seguir sendo cidadás e non consumidoras ou mercadorías en función do que che toque?

Nós temos claro que o BNG defendemos unha sociedade na que estean por riba os dereitos humanos, os dereitos das mulleres, pero tamén os dereitos das nenas e dos nenos por riba dos desexos particulares de cadaquén, por moitos cartos que un teña. Porque o alugueiro de ventres é unha violación dos dereitos humanos. E agora xa imos na volta de porca de que podemos intentar revivir persoas que faleceron, ¿non? Estamos nesa distopía de que agora cremos que se pode alugar o útero dunha persoa para intentar revivir en certa maneira, aínda que sexa a través de terceiras persoas, a fillas ou fillos que nos morren, que eu creo que debe ser o peor que podes vivir nesta vida. Pero nin a dor máis terrible xustifica a violación do dereito fundamental doutra persoa.

E digo que é unha violación dos dereitos humanos o alugueiro de ventres, porque así ademais o puxo enriba da mesa o Parlamento Europeo xa no ano 2014. Insisto en que este é un debate habitual, recorrente, non só no Estado español, non só en Galiza tamén, senón no conxunto da Unión Europea.

No Informe anual sobre dereitos humanos e a democracia no mundo o Parlamento Europeo sinala que os ventres de alugueiro constitúen unha práctica contraria á dignidade humana das mulleres, a que o seu corpo e as súas funcións reprodutivas son empregadas como ma-

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

teria prima, w insta ademais a que se prohiba internacionalmente para impedir o que está acontecendo a día de hoxe, que no Estado español é ilegal, éo de maneira clara e contundente desde hai moitos anos. Está ademais máis reforzada esa penalización desde a reforma da Lei de dereitos sexuais e reprodutivos, que se aprobou este mesmo ano, pero, aínda así, é unha realidade coa que vivimos todas e todos. Saen nos medios de comunicación familias de todo tipo que obteñen nenas e nenos a través deste tipo de prácticas noutros países nos que é legal. Por iso a implicación é conxunta e é internacional, para impedir que poida alugarse unha muller e comprar unha nena e un neno, na Ucraína por exemplo, que até a invasión militar era o gran ventre de alugueiro de Europa. Ou non só, porque hai moitos outros países, estámolo vendo agora, os Estados Unidos, sen ir moito máis lonxe.

O Estado español, polo tanto, é contundente e é claro, pero, con todo, segue practicándose. E falamos de persoas. Tanto as mulleres que son reducidas a un corpo xestante como as crianzas resultado da sinatura dun contrato de compravenda cuxo custo oscila entre os 50.000 e 240.000 euros en función do país ao que acudas.

Eu non sei se algunha vez as súas señorías viron un contrato destas características e as cláusulas que recollen. Porque nesa idea dulcificada e banalizada que nos presentan moitas veces este tipo de prácticas, ben, rara vez se fala de que é o que din os contratos.

Agora é moi difícil, grazas a esa reforma da lexislación española, acceder a este tipo de axencias directamente desde o propio Estado español. Saben que está prohibida a publicidade ou a promoción de calquera tipo a través das axencias que serven de intermediarias nos ventres de alugueiro, pero si temos recentemente unha sentenza do Tribunal Supremo de 2022, Tribunal Supremo do Estado español, ao fío dun conflito precisamente polo alugueiro dun ventre no Estado de Tabasco, en México, e coñecemos os detalles de que é o que se firma, ¡eh! Que hai ademais moito traballo xornalístico a nivel internacional con isto, pero é bo saber que é o que firmas, porque ao final, altruística ou non altruisticamente, ti firmas un contrato de alugueiro dunha persoa. E iso establece unha condición. Dá igual se lle pagas máis ou só lle cobres os gastos médicos, que *también tiene tela*: o teu corpo é meu nove meses, pero encima non che pago nada. Que é o que se lle pide, ¿non?, *el altruísmo*, pero as facturas do médico pagaraas quen vai comprar despois o resultado dese produto, ¿ou non?

Ben, ¿que é o que di? Sentenza do Tribunal Supremo, accesible a través das páxinas web da Xustiza española. O soporte vital; ti podes manter viva, se sofre un accidente, esa muller que está xestando a filla ou o fillo para outros, mesmo se ten morte cerebral, até que resulta o nacemento desa persoa. A entrega do neno, ao que se obriga, xa antes de iniciar todo o procedemento, a esa muller a declarar e aceptar que non é nai legal, natural, xurídica ou biolóxica do neno e que, polo tanto, non terá nin tratará de ter relación co neno, que renuncia a todos os seus dereitos como nai legal do neno e axudará con todos os actos legais necesarios para declarar a futura nai —a que contrata— para que se converta finalmente nesa nai legal da crianza. A abstinencia sexual e prohibido fumar. A min ¿quen me garante ou quen lle garante a outra persoa que tivese interese sobre o meu corpo que eu non fumo, que eu non como xamón pola toxoplasmose ou que non consumo calquera outro tipo de substancia que puidera ser durante todo o proceso de embarazo —e hai varias—? ¿Quen garante á outra parte que contrata —altruisticamente, ¡eh!— o corpo dunha muller que está embarazada, quen lle ga-

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

rante que ti cumpres? Porque a min na miña casa ninguén me vai ver que meto na pota cando fago a comida ou fago de cear. Pois as axencias para iso xa se salvagardan moito.

Eu non sei se lembran cando empezaron os bombardeos na Ucraína, cando empezou a invasión militar rusa, unha das imaxes que cruzou todas as fronteiras foi como se evacuaba unha das residencias nas que che obrigaban as axencias ucraínas a instalarte en Kíiv, que están videovixiadas para garantir que esas mulleres, efectivamente, cumpren co que se determina por parte de quen contrata unha persoa para que lle xeste o fillo. Porque claro, eu non fumo, ben, eu xa deixei de fumar antes, pero ¡oe!, non podes fumar mentres están embarazada, non podes comer xamón se non es inmune á toxoplasmose. ¿E eu que garantía teño de que o meu produto que acabo de contratar finalmente é resultado dun bo hábito saudable? *Pues te vigilan* —¡oe!, altruisticamente ¡eh! —, pero métente nunha residencia e vixíante para garantir que ti levas un estilo de vida acorde co que contrataron as persoas que te foron buscar alí, neste caso a Ucraína.

Poden buscar nas páxinas web dos medios de comunicación o que lles acabo de relatar.

Abstinencia sexual, que, ¡oe!, non hai ningunha contraindicación de que ti podes manter relacións sexuais durante o embarazo; *es bueno, es saludable, pero aquí no*. Será por unha cuestión... non sei, non sei. Abstinencia sexual.

Prohibido viaxar.

Probas médicas e psicolóxicas ás que tes que ir pois someténdote, porque alguén terá que darlle garantía a quen acaba de comprar un produto. Isto é como cando pides no Zara, ¿non?

Información semanal e proba de drogas, porque eu teño que ter algunha proba de que ti non fumas, que non consomes ningún tipo de substancia psicotrópica de ningún tipo.

E, por suposto, quen decide se hai unha interrupción voluntaria do embarazo, con arranxo ao que determine a lexislación en cada país, son as persoas que contratan o útero, *no tú*.

Eu, en definitiva, insisto: a min cústame entender como pode ser que non haxa unha posición clara e firme. E démoslle moitas voltas, agora mesmo estabamos aí no escano falando. O PP está dividido. E diciámolo así un pouco entre risas, pero non. E *gracias a Dios,* e *gracias a Dios* que non estamos nunha situación diferente coa posición do Partido Popular, por esa ala aínda conservadora que mantén uns principios humanistas que eu case até llelo teño que agradecer. Porque teñen un sector cada vez con máis peso internamente dentro do partido, liberal, que cre que o corpo das mulleres e as nenas e os nenos poden ser tratados como mercancía, comprable, vendible e alugable. Grazas, de verdade. E é terrible.

Eu tamén lles digo e lles lembro unha cousa que din os estatutos do seu partido: mentres non teñan unha posición política fixada nunha convención, teñen dereito a votar libremente e en conciencia. Apelamos a esa conciencia polo menos dunha parte do Partido Popular para que se poñan do lado da vida das mulleres e, sobre todo, dos dereitos das nenas e dos nenos a non ser traficados entre países.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Máis nada.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Popular, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señora Rodil, é falso que o Partido Popular non quixera falar da declaración institucional. Vostede deunos oito días, oito días. ¿Canto tempo é necesario para negociar unha declaración institucional? ¿Sabe que día é hoxe? 26 de abril. ¿Sabe cando lle trasladamos aos grupos a declaración institucional para condenar a invasión de Rusia a Ucraína? O 21 de febreiro. A día de hoxe aínda estamos agardando que o Bloque Nacionalista Galego nos diga que opina desa declaración institucional que condena a invasión de Rusia para Ucraína. *(Aplausos.)* Polo que vostede acaba de dicir agora, xa empezo a entender por que vostedes non nos trasladaron o seu posicionamento. O Partido Socialista si o fixo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, pois se é público, entón ¿para que di? Entón, se é público todo, ¿para que facemos declaracións institucionais, señora Rodil? Non volvamos facer declaracións institucionais. Boa idea. Mire, entón, cando sexan públicos os posicionamentos, pois entón non facemos declaracións institucionais. ¿Para que a traen, para que a traen? Para facer política, porque a señora Díaz o dixo: hoxe imos ter un debate político. *(Murmurios.)*

Pois miren, como cuestión previa, eu quixera contextualizar este debate e deixar constancia de que neste momento ninguén ten iniciado nin anunciado un proceso de modificación lexislativa do sistema vixente no noso ordenamento xurídico. Insisto: non hai ningunha intención de modificar a lei. É a primeira vez que vén un debate a este parlamento para votar que non se modifique unha lei cuxo procedemento de modificación non se ten iniciado.

Entón, temos que preguntarnos: ¿por que xorde este debate? Pois este debate xorde en quente, pola influencia das noticias do corazón; si, por unha portada do *¡Hola!*, unha portada do *¡Hola!* que serve como escusa perfecta para que a esquerda feminista, achicharrada polos efectos indesexados da Lei do só si é si, da lei soltavioladores, busque un tema que lle permita intentar tapar a aprobación da lei que máis ten prexudicado a defensa dos dereitos das mulleres en democracia. Esa si que foi unha volta atrás nos dereitos das mulleres, señora Díaz. *(Aplausos.)* Unha esquerda que ten feito un harapo a bandeira feminista e pretende restañala alimentando este debate.

E nós, o Partido Popular, somos quen de restaurar eses dereitos das mulleres fronte aos seus agresores sexuais apoiando a modificación da Lei do só si é si no Congreso dos Deputados, no que a vostedes todos os seus socios da esquerda os deixaron sós. E tiveron que vir buscar o voto do Partido Popular para volver restablecer os dereitos das mulleres fronte a ese ataque que foi a Lei do só si é si, *(Aplausos.)* que hoxe temos na rúa máis de mil violadores coa súa condena rebaixada e máis de cen excarcerados antes de tempo.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Estamos, entón, ante un debate forzado para poñer na axenda política a xestación subrogada e sacar do debate do feminismo a Lei do só si é si. E ¿cal é o principal argumento? Nada se fala da implicación da ética e doutros dereitos fundamentais comprometidos, como os que ten o neno ou nena nacidos por xestación subrogada; máis ben todo o contrario: están a sufrir acusacións de ser nenos comprados. Estase a falar en termos despectivos de ventres de alugueiro, de violencia, de explotación da muller e compra de nenos, coa carga social que ten toda esta terminoloxía. Xa se están a detectar casos de *bullying* en centros escolares a nenos que son fillos por xestación subrogada.

A vostedes iso non lles preocupa. O argumento fundamental é a mercantilización do corpo da muller xestante, que pasa a ser explotada e a sufrir violencia de xénero, todo isto aderezado cos imprescindibles condimentos do patriarcado e do capitalismo. Preocúpalles isto moito, pero non lles preocupa moito, polo que vexo, señora Díaz, a trata e explotación sexual das mulleres, ¿verdade? Vostede citouno aquí, pero mire, levan cinco anos para aprobar no Congreso dos Deputados a Lei de trata contra a explotación sexual das mulleres, está no Pacto de Estado contra a violencia de xénero dende o ano 2017. Fagan algo, señora Díaz. Deixe de vir aquí pedir a non modificación do que non se quere modificar e modifiquen o que levamos pactado *(Aplausos.)* todos os grupos políticos en España dende o ano 2017 para protexer as mulleres vítimas de trata e de explotación sexual. ¡Canta demagoxia, señora Díaz, no seu discurso, canta demagoxia!

Ben, pois en Europa observamos unha regulación diferente en cada país, dende a prohibición máis absoluta en España ata a liberdade total, como en Ucraína, pasando por solucións intermedias, como a de Portugal. Efectivamente, no ano 2017 e no ano 2019 trouxéronse a este pleno dous debates e o Partido Popular presentou unha emenda co fin de que o Parlamento Europeo elaborase un marco normativo homoxéneo no marco da Unión Europea tendo en conta a complexidade xurídica, ética e social. Este non é só un debate político, ten moitísimas máis implicacións, aínda que algúns non o queiran ver.

Naqueles países que manteñen a prohibición total recorren ao argumento da indispoñibilidade do corpo da muller, ignorando a autonomía da muller e especialmente para a toma de decisións sobre o seu propio corpo, a diferenza do que ocorre para argumentar a súa autonomía total sobre o seu propio corpo cando se defende o aborto. Hoxe a señora Rodil veu aquí defender a vida. Benvida, señora Rodil.

Fronte a este sector feminista, hai outra doutrina, como a que defenden as feministas, por exemplo, Paloma Uría e Fina Jiménez Betancor, que din que non basta con sinalar os riscos; tamén é necesario fomentar a autonomía, a capacidade crítica e a responsabilidade coas decisións que adoptamos. Non parece que o mellor camiño para logralo sexa o de protexer as mulleres de si mesmas impedindo que accedan a esta práctica, nunha sorte de política paternalista, en lugar de afirmar a súa autonomía. Negar a capacidade autónoma das mulleres reforza o estereotipo da incapacidade feminina para adoptar decisións racionais. ¿Por que esta autonomía non é posible cando se trata de xestación por substitución e si é posible cando falamos doutros traballos e actividades económicas ou si é posible cando falamos de aborto?

Ben, pois este é o argumento que utilizan os países máis permisivos, onde se reclama o respecto á autonomía da muller. E no Partido Popular, señora Rodil, que lle preocupa moito,

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

abrimos este debate no décimo oitavo Congreso do Partido Popular, xa en xaneiro de 2017, onde acordamos o noso posicionamento, e dende entón non ten mudado. Consideramos que é unha realidade moi delicada, extremadamente sensible, polo que entendemos que é un dos asuntos que require un debate en profundidade, serio e sereno; un debate que tras escoitar os expertos tanto dende o ámbito científico como xurídico, como ético, nos permita dialogar, debater e construír xuntos un posicionamento que dea resposta clara e amplo consenso ante un tema tan importante que afecta a vida e a dignidade humana e a conciencia de todos.

A nosa sociedade ten evolucionado nos últimos anos e con ela as necesidades que ten hoxe a familia no noso país. E dende o Partido Popular queremos atender con rigor todas esas necesidades, apoiando todas, todas as familias, dentro do ordenamento xurídico vixente. Insisto: o noso posicionamento dende entón non ten mudado.

¿Que pasou con vostedes, que falaban de posicionamentos? Pois miren, en primeiro lugar, di a señora Díaz na súa iniciativa que a maternidade é un desexo, non un dereito. Ben, se vostedes defenden que a maternidade é un desexo, non poden defender que o aborto é un dereito. Xa partimos de aí. *(Murmurios.)* Porque o dereito a ser nai pasa por decidir libremente se queremos ser nai ou non e, cando unha muller decide ser nai e se non pode, eu pregunto: ¿debería entón a sanidade pública suprimir da carteira de servizos os tratamentos de reprodución asistida? Se non é un dereito ser nai, vostede dígame como xustificamos entón esa carteira de servizos. Identificar a maternidade só como un desexo implica unicamente que aquelas que desexen e que poidan permitilo economicamente poidan ser nais, aquelas que teñan estabilidade laboral, que non teñan un traballo en precario; o resto están condenadas a non selo, porque o desexo non pode ser un dereito.

Pois mire, creo que neste punto estamos todos de acordo en que a sanidade pública asuma os tratamentos de reprodución asistida e de feito neste parlamento témolo falado moito como un servizo imprescindible. Pero o primeiro que deberían facer vostedes é cabalgar as súas contradicións. Miren, este manifesto do Partido Socialista do ano 2013 a favor da legalización e regulación da xestación subrogada en España recolle cousas como: apoiamos unha iniciativa lexislativa popular para que todas as técnicas de reprodución asistida teñan o mesmo tratamento. Este método de reprodución é a solución para aquelas persoas que teñen problemas físicos ou de saúde que lle impidan xestar. A lei choca contra a realidade das necesidades da sociedade. Isto *(A señora Prado del Río mostra un documento.)*, na Pontenova, si, si, na Pontenova. E ¿sabe que votou o Bloque Nacionalista Galego? Votaron a favor, señora Rodil. Aquí parece que os que están divididos son os do Bloque Nacionalista Galego e non os do Partido Popular. *(Aplausos.)*

Pero mire, máis recentemente, nun programa da Sexta, preguntaban sobre a xestación subrogada, e mire, ¿coñecen esta señora? *(A señora Prado del Río mostra unha fotografía.)* Meritxell Batet. Dicía que si. Carolina Bescansa, entón de Podemos, dicía que si. Igual que o Partido Popular, que Ciudadanos e que UP. O único que dicía que non era o señor Garzón. O resto, señora Díaz, mire ben, dicían que si, e disto non hai tanto tempo.

Pero mire, eu recoméndolle que lea debates no Congreso dos Deputados nos que o grupo do Partido Socialista estaba a favor. Mire, por exemplo, o seu compañeiro o deputado socialista

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Bedera Bravo dicía: «*Tiene que ver también con el derecho de cualquier hombre o mujer a formar una familia, desde las monoparentales hasta las constituidas por parejas homosexuales, en especial las parejas masculinas, que por razones obvias no pueden acudir a las técnicas de reprodución asistida*». Dicía tamén este deputado —e non o facía dende o punto de vista que di vostede, que isto é un debate político—: «*La gestación subrogada, más alla de planteamientos terapéuticos o sociales, tiene también una vertiente de carácter ético muy importante y que analiza, entre otras cuestiones, la existencia o no del derecho a donar la capacidad reproductiva y por ende la donación de derechos sexuales y reproductivos*».

É dicir, de forma altruísta, como se doan tamén os órganos, señora Díaz. Eu non sei se vostede sabe que a doazón vivos de órganos existe e que hai quen doa riles e parte do fígado en vivo, *(Murmurios.)* en vivo, señorías, en vivo, non mortos, claro que si. Porque vostede dicía aquí que quen vai doar a capacidade reprodutiva. Pois si, hai xente que está disposta a doarlla pois á súa irmá ou á súa filla. ¿Por que en Portugal é posible e en España non é posible? Díganme: ¿estamos tan fóra da realidade? Non, señorías, non.

Eu creo que o deben de replantexar. E, se non, fale co seu compañeiro Bedera Bravo, do Partido Socialista, do Grupo Parlamentario Socialista...

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora PRADO DEL RÍO: ...no Congreso dos Deputados.

Insisto: tamén no pacto de goberno que firmaron o señor Pedro Sánchez e o señor Albert Rivera no 2016 impulsaban a regulación da maternidade subrogada.

Por tanto, o primeiro que teñen que facer é deixar de vir aquí con esa soberbia socialista...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...a intentar dar lecciónns cando vostedes mesmos entran en absolutas contradicións cada vez que falan deste tema. Claro que queren que sexa un debate político, porque queren borrar o debate que hai agora mesmo no ámbito do feminismo e liderar unha bandeira que se escapou coa Lei do só si é si.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: En primeiro lugar, queremos agradecer o voto favorable do Bloque Nacionalista Galego, tamén para todo o público que estará mesmo aquí no hemiciclo, e dicirlle, señora Prado, que eu non sei a que leva toda a súa vida facendo, pero aquí vimos facer política, ¡eh! Quero dicir: non teño moi claro que pensa vostede que se fai nun parlamento.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Mire, fáltanme cualificativos, de verdade que me faltan cualificativos para dalgunha maneira cualificar o seu discurso, absolutamente delirante. De feito, quedo sen palabras, porque é demencial a cantidade de barbaridades que se poden dicir en dez minutos, absolutamente demencial. Claro, eu espero e por favor pido que non lle dean nunca confianza ao Partido Popular, cando menos ao señor Feijóo, porque está claro que se está cada vez achegando máis ás posturas de Vox, *(Aplausos.)* e calquera día, ¡mi madriña! —como se soe dicir—, se algún día nos atopamos cun goberno do señor Feijóo, ¡como, como quedaremos! *(Murmurios.)*

Mire, ademais, dígolle unha cuestión —pido un pouco de silencio, porque eu estiven en silencio—...

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio, por favor.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidente.

E para nós, como digo, é absolutamente delirante o discurso da señora Prado, ademais, no que non vou entrar, ou quizais si nalgunha cuestión... *(Murmurios.)* —¿podo, por favor, continuar?—. A nós o que si que nos sorprende é a postura do Partido Popular, especialmente a do Partido Popular galego, ademais, que se erixe —estamos acostumadas a velo— como vehemente, como un partido abolicionista da prostitución e da trata de mulleres con fins de explotación sexual, e, sen querer establecer un paralelismo, aquí tamén estamos falando de explotación, non sexual pero si reprodutiva, e, ademais, como xa se dixo aquí, está ademais recoñecido xa no noso ordenamento xurídico, e ademais falamos de explotación novamente tamén, igual que na prostitución, dos corpos das mulleres máis vulnerables.

Non veña aquí vostede —pídollo por favor— falando de liberdade, que xa sabemos: a liberdade con Ayuso é con cañas e aquí sen cañas. Pero liberdade, ¿de que liberdade estamos falando? Mire, a liberdade invócase para estender dereitos, nunca para anulalos, nunca. *(Aplausos.)* E xa me dirá vostede cal é a liberdade desas mulleres que alugan os seus ventres, como digo, xa non durante nove meses, senón durante moito máis tempo.

Eu traía aquí precisamente un relato pero xa o dixo a señora Rodil e non temos que repetirnos. Pero ¿de que liberdade fala? E falou, tamén por certo, de autonomía. Xa me dirá vostede que autonomía teñen unhas mulleres que non poden moverse libremente, que non poden comer nin beber o que elas queren, que non poden ter hábitos, que non poden manter relacións sexuais durante... ¿Que autonomía teñen esas mulleres?, ¿que autonomía teñen? Díganme vostedes que autonomía teñen esas mulleres. Non teñen absolutamente ningunha e vostedes están hoxe nun exercicio con argumentos tan retorcidos como eses e esas mulleres non teñen absolutamente ningunha autonomía. E é máis, non a teñen, non só —como digo— durante o embarazo, senón con todo o proceso anterior que teñen que vivir para quedar embarazadas. Son mulleres vulnerables, que non se vai prestar ninguén.

Poñía vostede o exemplo de Portugal. Primeiro, en Portugal aínda non está a normativa aprobada de todo. Pero, de todas formas, coñécese un caso, un caso. E as mulleres non se poden nin arrepentir no último momento, non teñen autonomía para absolutamente nada.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Son alugados non só os seus ventres, son alugadas as súas vidas, durante anos, si, as súas vidas.

Mire, falaba tamén dos órganos, facía ademais un paralelismo cos órganos. ¿Dende cando neste país...? Mire, se vostede exactamente firma o mesmo contrato cos ventres de alugueiro que fai coa doazón de órganos, estaría vostede no cárcere, no cárcere. Pero ¿dende cando a doazón de órganos se pode facer mediante un contrato privado, dende cando, señora Prado? *(Aplausos.)* E parece mentira que vostede veña aquí dicilo, iso é unha auténtica barbaridade. Eu agora quero doarlle un pulmón á miña compañeira Leticia e firmamos un contrato privado e mañá, non, vostede non se preocupe, que imos a unha clínica privada e quedas ti co meu pulmón. Pero ¿en que cabeza cabe, señora Prado? Mire, ademais, sexamos... *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)* Non estou manipulando, é vostede a que manipula.

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

A señora DÍAZ VARELA: En todo caso, estou no meu turno de palabra e pídolle respecto, igual que eu o tiven con vostede.

Mire, sexamos responsables e, como tamén dixo a señora Rodil, hai abundante literatura e ademais hai tamén abundantes acordos internacionais; son varias sentenzas do Tribunal Supremo, o Parlamento Europeo, a Convención de dereitos humanos. É que van vostedes contracorrente, sempre van vostedes contracorrente. ¡Súmense ao sentido común!

E non, a maternidade non é un dereito; si, o aborto é un dereito. E ¿por que? Porque decido sobre o meu corpo. Na maternidade, nesta maternidade, nestes ventres de alugueiro, eu non decido sobre o meu corpo; o que pretendo é decidir sobre o corpo doutras mulleres..., *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora DÍAZ VARELA: ...que é moi diferente, *(Aplausos.)* ¡moi diferente!

Dende logo, laméntoo moitísimo —non sei se quen está aquí hoxe no debate chegou ao principio—, pero a realidade é que o Partido Popular se nega —e lamentámolo de verdade e profundamente— a rexeitar a que este parlamento, que a Cámara de representación —repito— de todos os galegos e galegas se negue a aprobar ese rexeitamento, nunha proposición non de lei presentada por nós, o Grupo Socialista, rexeitando esta práctica que é absolutamente abominable e que ademais está recoñecida xa como violencia contra as mulleres. ¡Alá vostedes!

Grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

(A señora Prado del Río pide o uso da palabra.)

¿Si? ¿Para que quere a palabra, señora Prado?

(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)

Si. Déanlle voz ao escano da señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas.

Por unha imprecisión da señora Díaz, que manipulou unha manifestación que eu non dixen, e quero precisalo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Polo artigo 77. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Déixeme ler... A letrada, por favor. *(Risos.) (Murmurios.)* Agora non o teño na cabeza e entón vouno buscar no libriño, a ver o que di. *(Murmurios.)* Claro, imos lelo.

O artigo, ¿cal me dixo que era?

A señora PRADO DEL RÍO: O 77.

O señor PRESIDENTE: 77.

(Murmurios.) (Pausa.)

Ben, aquí fala de dous puntos. Podemos ler o artigo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, pero eu estou analizando os artigos. *(Murmurios.)* Di que, efectivamente, un deputado poderá pedir a observancia do Regulamento; para este efecto, deberá citar o artigo —cousa que fixo vostede—, e non caberá por este motivo debate ningún, debendo acatarse a resolución que o presidente adopte á vista da alegación feita.

E outro apartado di: «Calquera deputado poderá tamén pedir durante a discusión ou antes de votar a lectura das normas ou dos documentos que coide conducentes á ilustración en materia de que se trate. A Presidencia poderá denegar as lecturas que coide non pertinentes ou innecesarias». *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿E onde me entra isto aí? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

Non, non, estou preguntando. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Onde entra? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, a min non me entra aí.

A señora PRADO DEL RÍO: Por imprecisións, señor presidente. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Non, non, pero non me entra. *(Protestas.)* Señora Prado, non me entra. *(Murmurios.) (A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, perdoe, non

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

me entra. *(Protestas.)* Non, aquí non o teño contemplado. *(Protestas.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non o teño contemplado. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero iso é outra historia. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non.

Ben, continuamos coa seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª María del Carmen Rodríguez Dacosta e D. Martín Seco García, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da política de prevención de incendios forestais

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Bos días a todos e todas.

Ben, a verdade é que é complicado falar agora despois de escoitar a intervención do Partido Popular á iniciativa anterior. Pois só digo: ¡coidado, coidado, coidado!, mulleres galegas. *(Aplausos.)*

Os incendios forestais son unha das principais preocupacións para a sociedade galega no que respecta xa á seguridade pública. Todos temos na retina a imaxe de centos de miles de hectáreas queimadas de maneira continuada, que se repite ano tras ano, sendo cada vez máis frecuente e maior o risco para as vidas das persoas e os seus bens.

O Informe de cooperación transfronteiriza na prevención e extinción de incendios forestais no eixo atlántico, elaborado pola Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, advertía xa no ano 2018 da chegada para o Noroeste peninsular —Galicia e Portugal— da tipoloxía de incendios de sexta xeración, eses que quedan fóra da capacidade de extinción. De feito, a nosa Comunidade vivía en outubro de 2017 unha fatídica vaga de lumes, catro mortos e case cincuenta mil hectáreas arrasadas.

Incide este grupo parlamentario nas causas motivadoras desta situación: o abandono do rural galego (cun forte declive económico e demográfico das áreas rurais), o cambio climático e a falta dunha política forestal e de prevención axeitada á realidade do territorio.

Recordarán, señorías, o verán pasado, no que vivimos incendios que pola súa magnitude foron considerados os peores do país dende que hai rexistros, con focos principais no Courel, en Valdeorras, en Vilariño de Conso, afectando zonas protexidas como o espazo Rede Natura 2000 do Courel, os parques naturais do Invernadoiro e a serra da Enciña da Lastra; ardían 44.234 hectáreas.

Resulta necesario resaltar que esta lacra non acontece só na tempada estival. Por citar algúns exemplos, en abril do ano 2021 viviamos un Xoves Santo de lumes en Galicia, debido

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ás altas temperaturas e aos fortes ventos, 600 hectáreas arrasadas nun só día. O 30 de xaneiro do ano 2022, en pleno inverno, rexistrábanse incendios no parque natural da Baixa Limia-serra do Xurés, parque que sofre incendios recorrentes sen que a Xunta de Galicia —e, en particular, a Consellería de Medio Ambiente— faga nada para remedialo. De feito, recordarán unha pregunta que lle fixo este grupo parlamentario á conselleira sobre a eliminación da contratación dunha brigada e dun tractor durante seis meses neste parque, e a contestación foi desalentadora: non a vai repor. Esa é a aposta da Xunta de Galicia polos parques naturais.

En datas recentes, a finais de marzo do presente ano, na provincia de Lugo rexistrábanse incendios en Baleira, declarouse unha superficie ardida de máis de mil hectáreas e declarouse a situación 2 como medida preventiva pola proximidade do lume ao núcleo de Fórneas. En Alfoz, unha superficie de 90 hectáreas; en Viveiro, unha superficie de 80 hectáreas; tamén na provincia de Ourense, en Viana do Bolo.

Vivimos xa —e sen ánimo de ser catastrofista— situacións que desbordan o dispositivo contra incendios —e non o digo eu, dino os expertos—, pondo a proba extrema os servizos de emerxencia implicados, pero hai que dicilo, porque ocultar o problema non fai que se resolva por si só.

Por iso, está máis que demostrada a necesidade de realizar unha política activa de prevención —e subliño prevención—, dirixida a minimizar o risco para a poboación e os seus bens, con actuacións decididas e encamiñadas a separar o monte dos núcleos e tamén a asegurar as vías de comunicación para evitar atrapamentos en época estival, que é cando aumentan as poboacións pola afluencia turística.

As claves para reducir os efectos dos incendios, aínda que complexas, pódense resumir nunha serie de obxectivos concretos, señores e señoras do Partido Popular *(Murmurios.)* —parece que hai un debate intenso sobre a iniciativa anterior, ¿non?—: manter o rural habitado e vivo, unha boa xestión e produción forestal, política activa de prevención contra incendios, un servizo de prevención profesionalizado e permanente —tema que temos abordado de forma insistente a oposición tanto en comisión como en pleno, con escaso éxito—, unha adecuada asunción de competencias por parte da Xunta de Galicia en materia preventiva.

A propia Lei 3/2017 fala na súa exposición de motivos de que a planificación debe ser un elemento estrutural fundamental deste sistema, que siga unha serie de criterios básicos: organización de biomasa en zonas estratéxicas, construción e mantemento de faixas exteriores de protección de zonas poboadas, reforzar estruturas de prevención, entre outras que cita a dita norma.

A consellería publica o Pladiga, que é o documento de planificación preventiva, xusto antes da época de alto risco —témolo dito tamén en diversas ocasións—; o ano pasado foi en maio. Onte celebrábase o Consello Forestal, ¡aínda onte se celebraba o Consello Forestal!

Non se estuda o territorio...

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...nin os grandes... Pero ¿xa van? Eu creo que puxo cinco minutos en vez de dez.

O señor PRESIDENTE: ¿Seguro?

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Si. Eu creo que..., polo que vexo...,

O señor PRESIDENTE: Entón, pois pode ser que ao mellor nesta interpretación lle dera eu aos cinco en vez de aos dez.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: É que foi un debate..., a verdade é que os incendios é un tema...

O señor PRESIDENTE: Non, fíome, fíome. Non teño ningunha dúbida.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...moi importante para o país. Pero, claro, despois do acontecido neste parlamento e do debate que hai no Partido Popular sobre...

O señor PRESIDENTE: Non se preocupe.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...a iniciativa...

O señor PRESIDENTE: Pois non se preocupe; se vostede di iso, fíome do que di vostede.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Si.

O señor PRESIDENTE: Entón, pois ten o que lle reste ata..., xa lle direi eu, tranquila.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Perfecto. Grazas.

Non se estuda o territorio nin os grandes incendios, cando os datos demostran que estes son cíclicos no tempo, volvendo sorprendernos nos mesmos lugares. Tendo máis dun 35 por cento do persoal contratado por seis meses ao ano, é inviable conseguir uns obxectivos da citada prevención. As accións fundamentais que realiza o servizo veñen sendo mantemento e puntos de auga, os seus accesos, traballos nos montes conveniados. Pero o aumento incontrolado da vexetación provoca que haxa que potenciar de forma exponencial os traballos sobre o territorio, dando como necesidade un servizo permanente —como dicía antes—, pero non mudan de actitude.

Por iso, entendemos necesario que a consellería elabore un documento de análise crítico e obxectivo onde se estuden polo miúdo, e á vista deses resultados, tanto os éxitos como os fracasos da política de incendios forestais, se tomen as medidas necesarias.

Ademais, a afectación cada vez máis habitual ao risco da vida das persoas —e seguimos insistindo nesta cuestión, porque é verdade— medrou de maneira exponencial polo aumento

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

da masa forestal improdutiva e as acumulacións continuas de combustible, provocando cada vez incendios máis potentes de imposible control, que requiren —reitero— unha política activa de prevención todo o ano e, sobre todo, unha planificación anticipada, non os plans de prevención que publican, que despois non cumpren e dos que non dan conta ao Parlamento da súa execución.

É vital que os traballos preventivos se executen antes do comezo da tempada de alto risco. Debe a consellería afrontar a necesaria e demandada reorganización do seu dispositivo de defensa contra incendios, que dea solución aos graves problemas de persoal enquistados dende hai anos, e implemente múltiples medidas de mellora, propostas tanto no seo da Comisión creada no ano 2007 como as presentadas polo grupo de expertos creado como recomendación da anterior. Sei que están agora traballando niso, e despois seguramente na réplica falaremos desta cuestión, porque xa houbo dúas reunións sobre isto.

E deben traballar nun plan de sensibilización e concienciación social que chegue a todos os lugares e a todos os estrados na nosa sociedade. É importantísima a concienciación sobre este tema. Fomentar iniciativas en materia de voluntariado, procurando a colaboración activa e a complicidade da sociedade na loita contra os incendios, especialmente nas áreas máis afectadas, e con colectivos especialmente preocupados e sensibilizados, como poden ser as comunidades de montes veciñais en man común.

No documento do ano 2019, de análises e recomendacións, realizado polo grupo de expertos de apoio á Comisión do Parlamento sobre incendios, constituída a raíz dos incendios do ano 2017, amosábanse como ameazas varios puntos: o forte declive económico e demográfico das áreas rurais; o abandono do rural; a aparición de lumes de cuarta, quinta e sexta xeración, que pon as zonas fóra da capacidade extintiva; a escasa planificación preventiva. Dicía que os documentos de planificación preventiva non están adaptados á nova xeración de incendios, especialmente no referente á identificación de zonas fóra da capacidade de extinción, puntos de xestión de emerxencias, vías de evacuación e estratexias de extinción e —isto é moi importante— a falta dunha ordenación integral do medio rural —seguen sen facer os plans de ordenación de recursos forestais—, charlas e programas educativos levados a cabo —dicían— excesivamente baixos, actuacións desaxustadas no territorio das causas específicas de incendios en cada zona, falta de accións dirixidas á poboación, falta de coñecemento pola sociedade da cultura forestal.

Unha situación que pouco ten mudado dende aquela, polo que este grupo ten insistido na necesidade de pór en valor o rural, de dar cumprimento ás 123 medidas do ditame, os plans de ordenación de recursos forestais, a necesidade dunha silvicultura preventiva, dotacións educativas implicando toda a comunidade, desenvolver plans de autoprevención baseados na planificación preventiva da redistribución dos recursos materiais e humanos segundo a incidencia dos lumes e outras medidas que loitan contra esta grave problemática e que cada ano, se non se toman as necesarias medidas preventivas, vai ser máis grave, afectando a seguridade das persoas e dos seus bens.

Por iso pedímoslles o voto favorable a unha iniciativa en positivo que pide elaborar ese documento de análise, executar os traballos preventivos antes do comezo da tempada estival,

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

proceder á redistribución dos medios materiais e humanos e desenvolver eses plans de educación ambiental e de concienciación da cidadanía. E isto eu creo que é vital: realizar plans de autoprotección e evacuación para todos os núcleos de poboación coa colaboración de concellos e os servizos de emerxencias locais e comarcais, como se está a facer noutros Estados europeos.

Como dicía, estamos ante incendios de sexta xeración, fóra da capacidade de extinción. Todos estamos preocupados. É un problema de país. O Grupo Parlamentario Socialista sempre tendeu a man ao Goberno galego en medidas positivas. Neste senso, seguirémolo a facer, pero entendemos que estas peticións que facemos deben cumprirse xa, agora.

Nada máis.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Dacosta.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora González Albert.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Grazas, señor presidente.

Bo día a todas e todos.

No último mes, nos últimos vinte días, vimos varios anuncios por parte desa máquina de xerar propaganda na que converteron vostedes a Consellería do Medio Rural. Neste último mes anunciaron, dunha banda, o plan preventivo para 2023-2024; isto é unha novidade: antes era anual, agora 2023-2024. Anunciaron tamén un segundo grande, grandísimo anuncio: o Anteproxecto de lei integral de incendios forestais. Quero dicir varias cousas ao respecto destes dous grandes anuncios que vén de facer a consellería. E eu sei que hai veces que resulta obvio volvernos escoitar falar aquí outra vez do mesmo, pero é que falamos do mesmo e seguiremos falando do mesmo porque poucas cousas, máis aló da propaganda e dos anuncios, mudan realmente na política preventiva e de extinción de incendios da Xunta de Galiza do Partido Popular.

No que ten a ver co plan preventivo, eu revisei a nota de prensa que sacaron, porque aos grupos non nos dan documentación, pero eu analicei... *(O señor presidente diríxese á señora González Albert.)*

O señor PRESIDENTE: Perdoe un segundo, é que me esquecín de saudar —despois o tempo non lle contará— os alumnos do ciclo de Administración do IES Monte Neme, de Carballo. Benvidos ao Parlamento. Estivemos ocupados noutras cousas e non os puiden saudar. Benvidos. Grazas.

Cando queira.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Pois benvidos e até a próxima.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Do plan preventivo estabamos a falar. E aquí fan como no ano anterior, como en anos anteriores: anuncios magníficos, dun montón de millóns, dun montón de medidas, dun montón de diñeiro, dun montón de accións que se van levar a cabo, e que nós o temos que crer cegamente porque logo nunca vemos unha análise dos resultados dese plan preventivo.

Algunhas cifras que chamaron a atención desta deputada que fala é que este Plan preventivo 2023-2024 inclúe o 2024 porque din que vai estar en execución até finais de marzo do ano que vén, co cal, claro, aquí agora imos empezar a falar de números e de feitos e é un pouco tramposo, porque non sabemos que se vai executar realmente neste ano e que parte van dicir que era que lle tocaba no 2024.

En todo caso, anunciaron 38,8 millóns, que é un 17 por cento máis que no ano pasado, efectivamente; que eran 33,1 millóns. Con este truco que veño de sinalar, pois como o ano pasado se supuña que eran para executar nese ano e este ano imos ao ano que vén, pois non temos moi claro cando. E prevén actuar en 60.000 hectáreas; o ano pasado eran 58.600, unhas pouquiñas menos. 5.600 quilómetros de vías; o ano pasado, 5.780, é dicir, 180 quilómetros de vías máis que este ano, con menos diñeiro. E sobre 4.840 puntos de auga; o ano pasado eran 4.861, o cal nos levaba tamén a 21 puntos de auga máis.

Nisto sempre nos xorden estas preguntas —e na comisión a portavoz do Partido Socialista seguro que o sabe—, porque aquí fálase de puntos de auga. Claro, se hai 21 menos que o ano pasado, o ano pasado estaban por facer e non os executaron, pero non o sabemos, porque non temos o resultado da execución dese plan. E o mesmo coas vías. Sempre temos este problema.

E no sistema de xestión da biomasa, co 89 por cento dos concellos adheridos, anunciaron como gran novidade —isto encántalles— un visor público *on line* para que a xente poida ver que parcelas hai que limpar; iso anunciábano hai quince días, o día 13; de momento non vimos nada dese visor.

E mentres tanto, mentres fan este anuncio, ¿que pasa no noso país? Pois pasan varias cousas. O primeiro: as queimas de particulares están prohibidas desde o pasado 29 de marzo. E nós xa vimos o ano pasado que pasou cando se prohibiron as queimas de particulares pronto e como esas queimas que non se puideron facer, esa biomasa que si que fora rozada, no seu caso, e ante a falta de alternativas, porque, claro, prohiben queimar, pero non dan ningún tipo de alternativa á xente de que facer con esa biomasa que tiveron que retirar obrigatoriamente, porque a lei os obriga a retirala.

¿Que pasou con esa biomasa, que estaba efectivamente rozada pero non queimada, nos grandes incendios de xullo do ano pasado? Que colaborou a agrandar a gravidade destes lumes en zonas periurbanas e zonas periféricas aos núcleos de poboación, que *de facto* arderon. E arderon tamén... *(Murmurios.)*

Perdón, xa sei que igual estou..., perdón, é que me vén de lado. *(Murmurios.)* Non, non me molestan o discurso, é que me molesta porque non me podo concentrar. Grazas, señor Balseiro.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Todo isto tamén tendo en conta que hai unha lei estatal que se aprobou o pasado ano, a Lei 7/2022, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que prohibiu as queimas de particulares *de facto*. Entón, temos un problema agora, en Galiza, no noso país, no que ano tras ano e se facilitaba aproximadamente o permiso para unhas 400.000 queimas deste tipo, segundo datos da propia consellería, e no que agora se están dando uns permisos daquela maneira, ¿non?, con declaración responsable dos particulares, os distritos deixaron de facer este servizo para non pillar as mans o persoal funcionario, porque a Xunta non lles deu alternativa, pero non xeran ningún tipo de resposta viable para que facer con eses residuos que non se poden queimar. Entón, ou queimas baixo a túa propia responsabilidade, e que non escape a queima, ou a ver que se fai con eses residuos.

Non vemos nada no plan preventivo deste ano que solvente este problema, polo menos no que anunciaron; non sei se no documento aparece algo; no que anunciou a Xunta de Galicia non hai nada que nos diga que pretenden solventar este problema. E repito: vimos xa as consecuencias que esta problemática tiña en xullo do ano pasado.

E, por certo, falando dos incendios de xullo do ano pasado, que van creo que son dous plenos que trouxemos a este mesmo hemiciclo para pedir que en nove meses despois se solucionaran cousas que están sen solucionar, e así seguimos; non se solucionou nada; van cinco días.

Quero anunciar aquí publicamente que o barrio máis afectado na Veiga de Cascallá por fin volve ter alumeado público nove meses despois. Noraboa aos veciños e veciñas da Veiga de Cascallá, que só tiveron que esperar nove meses para poder volver ter luz nas súas casas. E non lles conto como están os montes, os núcleos, etc., etc., porque xa o falamos aquí, como digo, hai un mes.

Segundo grande anuncio: o Anteproxecto de lei integral contra os incendios forestais. E o conselleiro do Medio Rural en comparecencia —creo que foi— a petición deste mesmo grupo parlamentario, anunciou aquí, nesta mesma tribuna, no mes de setembro, que en outubro esa lei estaría no Parlamento de Galiza —en outubro de 2022, e estamos en abril— e na nota de prensa que anuncia a consellería prevén que o proxecto de lei sexa remitido este ano ao Parlamento, se dá tempo; se non, xa o deixamos para 2024. Isto é o que nos podemos fiar dos anuncios que fai o Partido Popular en relación coa problemática dos incendios forestais. *(Aplausos.)*

Unha das cousas que anuncian neste anuncio de momento de anteproxecto de lei é que lle van mudar de nome ao Pladiga; agora vai pasar a ser Plan de loita integral contra os incendios forestais de Galicia, Plifoga, e nós pedímoslles —cando chegue ao Parlamento tamén meteremos as emendas que sexan pertinentes, se nos dan esa oportunidade— que, máis aló de mudarlle o nome, muden a metodoloxía. Porque o que nos estamos a atopar é que anuncian ano tras ano máis millóns, máis millóns para o plan preventivo —que é do que versa especificamente esta iniciativa—, máis millóns, pero ano tras ano atopamos as mesmas problemáticas, e non vemos esa análise que pide esta iniciativa do que pasa. ¿Que falla ano tras ano? ¿Por que o ano pasado non melloramos? Tivemos os peores incendios, con máis carga enerxética, os máis graves da historia do noso país, non melloramos, ou peor: imos a peor.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Entón, non analizan, ou non nos dan unha análise de que falla noutros anos, que eivas se están a detectar por parte da consellería, que cousas se poden modificar para que non pase iso. ¿Como van actuar en zonas que arderon o ano pasado, por exemplo, e que se vai facer con esas zonas este ano?, máis aló da propaganda, que propaganda xa sabemos que a fan. Pero tamén vemos a realidade do que pasa no territorio.

¿Como van solucionar, por exemplo, os problemas de acceso aos parques naturais que se deron o ano pasado, que se dan outros anos? O Xurés, ano tras ano, ano tras ano no Courel, na serra da Enciña da Lastra, no Invernadoiro. E se hai unha problemática de acceso, porque son espazos protexidos, ¿como se vai solucionar? ¿Que alternativas temos? Porque o que hai até o de agora non está a funcionar. ¿Que novas propostas nos poden facer neses espazos? ¿Como xestionar ese territorio para que non arda? ¿Que se está a aprender ano tras ano para poder modificar estas dinámicas?

Entón, a iniciativa do PSOE —sabe que a aprecio moitísimo e que eu creo que ten máis moral que o Alcoyano, de verdade— vólvelle pedir que fagan caso do ditame da Comisión especial de incendios de 2017, e este ditame foi, por desgraza, como moitas outras cousas, propaganda. E eles anuncian un ditame como propaganda dunha serie de medidas, como propaganda, chegan á comisión e votan en contra de aplicar esas medidas, veñen ao pleno e votan en contra de aplicar esas medidas, fan un Plan forestal dicindo que están executando esas medidas e tampouco as aplican. Pero nisto, como outras cousas, podémoslles pedir un millón de veces que as fagan, pero non o van facer, porque só as aprobaron como propaganda.

E no que ten que ver cos millóns que anunciaron, máis aló do que falan de dúas anualidades, eu tiña aquí —*(A señora González Albert mostra un documento.)* despois, se quere, déixolla— a memoria de execución e modificación dos orzamentos do ano pasado. Vale. Na Dirección Xeral de Defensa do Monte deixaron sen executar un 23 por cento do total do orzamento, 19 millóns de euros, 19 millóns de euros sen executar. Entón, agora poden vir aquí dicir que van gastar, en vez de 33, en vez de 38 —perdón—, 80. Eu xa lle dixen ao conselleiro nesta mesma tribuna: se dá igual, se logo non o executan.

Pero non executaron o diñeiro na Dirección Xeral de Defensa do Monte, pero é que tampouco executaron as partidas da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, que é unha peza evidentemente fundamental na prevención da defensa do lume. E deixaron aí sen executar o 25,5 por cento, o 25,54, exactamente, sen executar. Entón, non nos anuncien millóns, non digan que soben o orzamento, execúteno, e execúteno para evitar que pase isto.

Nós, evidentemente, imos votar a favor disto, son cousas que tiñan que estar incluídas no Pladiga, no Plan de prevención, que son de sentido común, e que, precisamente por ser de sentido común, o Partido Popular pois vai votar á contra.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Armada.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor ARMADA PÉREZ: Moitas grazas, señor presidente.

A verdade é que nestes debates ao final, pois como parece ser que xa saben o que se vai votar, o que imos falar, o que imos discutir, máis que nada polo que se escoita nesta tribuna, pois, loxicamente, permítame tamén facer un pequeno chascarrillo. A verdade é que ás veces parece, escoitando a anterior intervención, que hai incendios que parece que son máis importantes que os forestais.

Voulle dicir unha cousa: é que quizais ao mellor, cando vostedes falaban de que nós nos pareciamos a Vox, eu creo que son vostedes os que están bastante máis preto das posturas de Vox; entón, iso deberíano mirar, ¡eh!

Miren, respecto ao tema que nos incumbe agora mesmo, é certo que están facendo vostedes un magnífico diagnóstico. Precisamente tamén pois, si, hai unha desestacionalización do que son os incendios forestais, e por suposto tamén lle podo asegurar que hai traballo, hai moito traballo, e sobre todo se traduce iso en feitos. E ¿como se traduce ese traballo? Pois, evidentemente, nese plan preventivo que a Xunta de Galicia desenrola todos os anos e que, neste caso, no ano 2023, consolida, efectivamente, un compromiso pola xestión de biomasa nas faixas secundarias; un convenio que é de protección das aldeas e que aglutina hoxe en día o 89 por cento dos concellos galegos, de todo signo político.

Efectivamente, falaban vostedes de que se habilita un visor público para consultar as parcelas incluídas nestas faixas e incorpórase a revisión para comprobar o nivel de xestión das parcelas das franxas secundarias nos convenios das brigadas. Máis aló destas novidades... *(Murmurios.)* Si, si, incrementamos o orzamento, claro que si, un 17 por cento, e, loxicamente, iso vese tamén na superficie xestionada. E aí é onde estamos a traballar. Claro que o facemos, mal que lles pese; si, facémolo.

Un plan preventivo, por outra parte, no que a min me gustaría profundar un pouco máis, porque eu creo que vai moito del nesta iniciativa que están vostedes a presentar e que evidentemente nós xa estamos a recoller e no que xa estamos a traballar; un plan preventivo que vai con dúas liñas de acción moi claras: una dirixida á poboación e outra dirixida ao territorio.

A programación de medidas que van dirixidas á poboación tradúcese nun programa de sensibilización da poboación escolar, no cal se establecen unha serie de charlas, neste caso 304, 16 por cada distrito forestal, onde os axentes ambientais e técnicos dos distritos son os encargados de impartilas, e alí pois céntranse na divulgación da cultura forestal, na sensibilización sobre o risco que supoñen os lumes e na concienciación arredor das perdas que ocasionan os incendios.

Tamén hai un programa de formación dirixido á poboación rural. Despois de 35 edicións realizadas en parroquias de alta actividade incendiaria no ano 2022, durante este ano prevense realizar aproximadamente 40, continuando así coa divulgación en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Tamén lles falarei de campañas de difusión nos medios de comunicación, por suposto. Dun sistema de alerta preventiva, que se empregará como ferramenta de planificación, do índice de risco diario de incendio, que axude a concretar cada día o risco de ocorrencia de lumes; e isto quere dicir que o sistema permite establecer un diagnóstico ou un prognóstico —por dicilo dalgunha forma— a dez días, co que se poidan anticipar as medidas preventivas e situar os medios coa antelación suficiente.

Tamén, por suposto —falaban vostedes das queimas— que a Xunta ten que regulalas, e aí temos un problema con ese real decreto que se aprobou por parte do Estado e sobre o que evidentemente hai que buscar unha solución, e niso estamos, pero ata o de agora o prudente é que se teñen que controlar de acordo coas circunstancias meteorolóxicas. Non imos estar queimando cando o vento está como está e loxicamente poida haber ese perigo de que iso redunde nun incendio forestal.

Tamén a elaboración, por suposto, dunha modificación normativa, que vostedes creo que xa coñecen e que anunciamos, que é a futura Lei de loita integral contra os incendios forestais. E á voceira do Bloque Nacionalista Galego pódolle asegurar que esta vai ser aprobada durante este ano.

Esta presentouse xa no Consello da Xunta do 20 de abril e autorizouse precisamente o inicio de tramitación do anteproxecto de lei, co cal agardamos durante a súa tramitación as súas aportacións, como se fan en todas as leis que aquí se tramitan, e nós estaremos moi gustosos de atendelos e sobre todo de escoitar todas as súas suxestións, así como todo aquilo que poida redundar no noso rural.

Esta futura Lei de loita integral contra os incendios —e permítanme que pare un pouco nela— é unha normativa cunha visión global con recomendacións da comisión, á que estaba vostede facendo alusión, especial de estudo do ano 2017 e facéndose sempre tamén cunha consulta pública previa, cun proceso participativo coas universidades galegas e co Servizo de Prevención e Extinción de Incendios, ¡como non! Un texto que recolle unha tripla planificación que incide de xeito determinante na prevención, e así define tres puntos: un mapa dinámico de perigo de incendios forestais, un documento técnico que terá en conta o combustible existente, a frecuencia histórica dos lumes e as causas e motivación dos mesmos. Tamén se establecen zonas de alto risco de incendios, con medidas especiais de protección, actuación e xestión, así como outra liña que son os plans preventivos de distritos, que amplían os plans preventivos municipais, tecendo así un mapa de localización das infraestruturas preventivas e medios de extinción de que se dispón en cada territorio. E un terceiro punto, tamén importante, que se recollerá nesta lei, son os sistemas preventivos vinculados ao territorio. Aí é onde desenrolamos o que son as paisaxes cortalumes, vinculadas coas paisaxes mosaico, e buscamos impulsar os polígonos agroforestais, as agrupacións forestais de xestión conxunta, fomentar a actividade agrogandeira, as árbores frondosas autóctonas ou froiteiras e, por suposto, os sistemas silvopastorís.

E non quixera esquecerme, por suposto, do Centro Integral para a Loita contra o Lume, de Toén, que vai ser un centro pioneiro sen lugar a dúbidas en Europa, tanto na formación dos traballadores do servizo como na concienciación da sociedade sobre o seu labor Así, no ám-

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

bito formativo terá por obxectivo centralizar nun mesmo centro a formación de todo o persoal, tanto a continua dos novos profesionais como a dos integrantes do dispositivo. Ademais, como xa ben digo, as instalacións estarán dotadas de aulas medioambientais destinadas a formar estudantes de distintos puntos de Galicia.

Pero non soamente queda nisto, senón que falamos tamén de medidas de programación dirixidas dentro do territorio, e para iso aplicamos a vixilancia do cumprimento das obrigas de xestión da biomasa na rede das faixas primarias, que no ano 2023 levará como bandeira o plan de control do cumprimento destas obrigas. Así, haberá un apoio claro e decidido ás entidades locais para o establecemento e xestión da rede de faixas secundarias, onde, a través do convenio de colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e a Federación Galega de Municipios e Provincias, así como coa empresa Seaga, se levará adiante.

E cabe destacar, dentro desta liña, que hai que apuntar que a obriga de xestión da biomasa é durante todo o ano, aínda que desde finais de maio se intensifiquen os controis e desde principios de abril para aqueles que incumpriron nos últimos catro anos.

Hai que indicar que hai agora mesmo 279 concellos de Galicia adheridos, os cales participan dun orzamento para a elaboración destes plans municipais, tanto para a súa elaboración como para a súa aprobación, de 12 millóns e medio de euros. Isto xa é unha realidade e isto tamén contempla diferentes actuacións en parroquias priorizadas para a revisión, notificación e publicación, contratos de execución, actuacións en parroquias non priorizadas, que o que vai levar é a unha maior e moito mellor xestión de todos eses perímetros.

E a novidade que lles estaba a indicar son eses perímetros de alto risco de incendios ao redor tamén de vías de titularidade municipal, levando a cabo actuacións preventivas en lugares onde o estado de abandono signifique un alto risco de propagación de incendios.

Por suposto, tamén apoiamos as diferentes iniciativas veciñais en concellos adheridos, onde existan esas iniciativas que contribúan ao cumprimento das medidas preventivas nas faixas secundarias, podendo facilitárselles a estes concellos o equipamento necesario para levar actuacións sobre a biomasa e as infraestruturas que poidan ser obxecto destas actuacións.

Tamén, por suposto, se levarán a cabo actuacións preventivas mecanizadas.

Establecerase a xestión de redes de faixas terciarias. Estas son as que se localizan en terreos forestais e nas zonas de influencia forestal e están vinculadas ás infraestruturas de uso público, así como de prevención e defensa contra os incendios. Isto leva consigo tamén a elaboración de estudos previos, que agora mesmo están en proceso ou rematados, como, por exemplo, o estudo comezado sobre a rede de devasas existentes, que se trata dunha base de datos que contén a localización de todas as devasas de Galicia, as súas dimensións e o seu estado, contando cunha capa que complementará outras por medio de sistemas de información xeográfica. Tamén a Dirección Xeral de Defensa do Monte está a traballar na actualización dun mapa de modelo de combustible, dispoñendo dun mapa tamén de grandes incendios dos últimos dez anos.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En definitiva, estamos a falar de planificación e, por suposto, tamén falamos de convenios coas entidades locais. Neste ano 2023 prevese firmar aproximadamente 254 convenios. E aí tamén botei un pouco de menos que por parte dos grupos da oposición non implicasen vostedes tamén as deputacións de Lugo, A Coruña e Pontevedra, porque aquí a única deputación que está a colaborar coa Xunta de Galicia, e concretamente coa Consellería do Medio Rural, a través da firma de convenios para dotar de elementos mecanizados para a prevención de incendios, é a Deputación de Ourense.

Entón, eu a verdade é que lle podo asegurar que boto moito de menos —chascarrillos á parte, señor Torrado— que doten precisamente de tractores para realizar labores. Seguro que, se llo pregunta a algún alcalde dos seus, o bota bastante de menos e seguramente algún alcalde da provincia de Ourense que é da súa cor estará agradecido de que se poida contar con ese instrumento.

Entón, eu creo que non é un tema para andar de coña, eu creo que é un tema bastante serio do que estamos a falar, e sobre todo do que estamos a falar é de que a Administración galega se está a mostrar seria, previsora, planificada, tendo en contra unha clara diagnose de como se encontra o territorio e en base á mesma facer unha planificación para que os incendios forestais cada vez vaian diminuíndo máis e a nosa poboación tamén cada vez estea máis concienciada.

Polo momento, nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Armada.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Ben, señor Armada, falaba vostede agora de que temos outros incendios neste parlamento. Si, eu creo que o incendio que hai hoxe neste parlamento é o provocado polo caso Baltar. Xa vimos que Rueda non era capaz de articular palabra sobre este tema cando falaba o meu portavoz Luis Álvarez. *(Aplausos.)* Si, iso é un incendio, ¿non?

E ben, entrando na cuestión que nos ocupa, que é tremendamente seria, agradecer ao BNG o apoio mostrado á iniciativa.

Eu, cando facía a intervención, señor Armada, non prexulgaba o seu voto; de feito, pedinlle o voto favorable; fixen unha intervención explicando a motivación da mesma, pero agora do seu discurso xa sei o que vai facer: vai votar en contra, porque fai unha serie de anuncios: «se presentará», «se implementará», «se fará», «se impulsará», «se establecerá», etc., etc., etc., pero anuncios, anuncios, anuncios. Si, anunciaba o presidente Rueda a pasada semana que se daba inicio á tramitación do Anteproxecto de lei de loita integral contra os incendios forestais, porque o Partido Popular de anuncios sabe un rato; anuncio que xa fi-

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

xera o presidente Feijóo ao inicio desta lexislatura, hai case tres anos. Pero é máis, era un compromiso que adquiría o propio Goberno galego a raíz da aprobación das 123 medidas. E, como dicía tamén a portavoz do BNG ao conselleiro cando fixo a comparecencia, tarde, mal e arrastro, sobre os incendios acontecidos en verán, despois de pedirllo por activa e por pasiva, cando compareceu, dixo: non se preocupe, que nun mes está a lei no Parlamento. Isto foi en novembro, setembro-novembro do ano anterior, e aínda non está o anteproxecto de lei.

Entón, nós falabamos de iniciativas concretas, de sentido común, como diciamos aquí, pero que vostedes van rexeitar. Nós apostamos por menos anuncios e por menos propaganda. Nós apostamos totalmente por unha política de presente en materia de incendios forestais. Porque hoxe vanse opor a facer simplemente un documento de análise crítico e obxectivo. O que diciamos: temos un plan preventivo cada ano e se non sabemos, non coñecemos os resultados dos mesmos, os éxitos que hai pero os fracasos que hai tamén, non podemos avalialo e imos facer a lei sen esa diagnose.

Executar os traballos preventivos. Pois a verdade é que non dixo nada deste punto, porque falando de prevención para o Partido Popular pois a verdade é que ás veces interveñen cantando os millóns que van empregar, pero despois todos sabemos como está o territorio.

En canto á distribución dos medios materiais e humanos, no que leva este grupo parlamentario insistindo en comisión unha e outra vez con distintas iniciativas, pois ben, certo é que comezaron a dar pasos neste senso, pero vou reproducir a nota que fixo UGT sobre as dúas reunións que mantiveron: «Logo de dous anos de espera por unha nova estrutura da Consellería do Medio Rural, ao abeiro da recomendación 54 do ditame, foi unha primeira xuntanza, de contido moi escaso, con poucas certezas, case ningunha precisión. Lonxe de amosarnos a tan ansiada estrutura coa súa memoria económica e funcional, limitouse a informar sobre unha enquisa, que será remitida ao persoal funcionario pertencente a estas dúas direccións, para coñecer as súas preferencias en canto ao traballo a desempeñar e a súa localidade de preferencia. Cremos» —din os sindicatos— «que, pasados cinco años do ditame da Comisión de incendios e ratificado no Parlamento, a cuestión debería estar máis centrada e concretada por consideración co persoal, eliminando os bulos e rumores».

Isto é o que din os sindicatos do avance que fixo a consellería, e solicitan obviamente unha enquisa moito máis completa e unha información moito máis axustada á realidade para saber que criterios van seguir.

Tamén desbotan desenvolver un plan de educación ambiental e de concienciación, cando o ditame o refería, e, ben, si, anuncian que van facer trescentas no plan que anunciaron o outro día, pero «imos facer», «imos facer»; lévano anunciando moitos anos e non o fan.

Nos plans de autoprotección para as aldeas, señor Armada, ¿é que van actuar cando acontece unha emerxencia?, ¿actuamos nesa emerxencia? Non. Este é un problema estrutural e temos que ter un plan de emerxencias xa establecido previamente, porque a seguridade das persoas —e vostede é consciente diso— está en xogo.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Falamos do Pladiga. Preséntase sempre tarde; xa dicía: onte a reunión do Consello Forestal. E non van introducir ningunha achega das que realiza o propio Consello Forestal, porque sempre é así; este ano oxalá nos sorprendan e introduzan algunha achega. E diso levamos falado longo e tendido.

Mire, anuncios —de Feijóo, ¡eh!, xa non de Rueda, Feijóo—: «Propón un pacto forestal cun paquete de trinta medidas e unha comisión específica para abordalo». Pero é que isto foi no ano 2017. E di que ía facer un corpo especializado dedicado á investigación dos lumes, e tal e tal, 57 membros ía formar...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...hoxe temos 15. E disto falaba no ano 2017. E agora o conselleiro di que se crea un equipo multidisciplinar especializado en grandes incendios. Outro anuncio. ¿Como se van formar estes especialistas? ¿Vanos detraer do propio servizo? ¿Como van ser as bases? ¿Como van designar eses equipos? Non sabemos nada. Anuncios, anuncios e anuncios.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Se non votan a favor destas medidas tan sinxelas que presenta o Grupo Parlamentario Socialista, é que pouca vontade política teñen de mudar o sistema de política forestal.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)

Si, señora Prado, ¿para que quere a palabra? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Silencio. Aquí hai que escoitar a todo o mundo.

(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)

¿Cal é a cuestión? Déanlle voz ao escano da señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, señor presidente.

Pido a palabra en base ao artigo 77.2, do que, como vostede xa amablemente leu antes, pois xa me vou aforrar a lectura.

A señora Díaz, entre outras inexactitudes e manipulacións..., *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Non, non, non, non.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRADO DEL RÍO: ....dixo que a lei que regula...

O señor PRESIDENTE: Non, non, escoite, non, perdoe, perdoe. Iso de inexactitudes xa quedamos que o valoraba a presidencia, estaba vostede no debate. *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, se quere aportar un documento, si, magnífico. Iso está contemplado no Regulamento, aporte o documento... *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, pero o documento vostede pode aportalo. ¿É un documento moi longo, a lectura? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Claro, depende de como é o documento. *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)*

Déanlle voz ao escano da señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Non sei se o 77.2 ten límite á extensión dos documentos, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Non, non, si, o 77.2 tamén o teño aquí. Di que se pode en calquera momento, sobre todo antes de votar, dar lectura das normas ou dos documentos que coide conducentes á ilustración da materia. Entón, eu estoulle preguntando se ese pode ser un documento sobre a materia que estabamos discutindo; agora, a seguinte pregunta é: ¿é longo? *(Risos.) (Murmurios.)*

A señora PRADO DEL RÍO: Pero ¿é importante..

O señor PRESIDENTE: Para lelo, para lelo...

A señora PRADO DEL RÍO: ... para a determinación...

O señor PRESIDENTE: ¡Home!, porque, se son tres capítulos, botamos aquí ata mañá.

A señora PRADO DEL RÍO: ...de se vostede me dá a palabra ou non?

O señor PRESIDENTE: Pregunto: ¿é longo? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

A señora PRADO DEL RÍO: ¿É importante para a determinación de se vostede me dá a palabra ou non?

O señor PRESIDENTE: Estou preguntando unha cousa normal. Porque, se non me fai chegar o documento e eu llo fago trasladar, trasládollo á señora Díaz, depende. Claro. Eu só lle estou facendo esa pregunta. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, estoulle dicindo que se é moi longo. ¡Home!, ten dereito a lelo, pero...

A señora PRADO DEL RÍO: Vale. ¿Vaime dar ese dereito, señor presidente?

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Si, se ten dereito a lelo, pero eu só lle fago esta cuestión; agora, vostede dirá.

A señora PRADO DEL RÍO: Vale. Grazas, señor presidente.

Voulle aforrar a lectura, pero si me vai permitir que explique a que se refire este documento *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Se non, léoo.

O señor PRESIDENTE: Si. Un resumo, iso si. Depende do que diga no resumo, ben... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Primeiro, imos esperar ao resumo. Brevemente, se pode ser.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

A señora Díaz, entre outras inexactitudes...

O señor PRESIDENTE: Ben, outra vez. Pero iso xa quedamos en que non.

A señora PRADO DEL RÍO: Non, pero é que, se non, non podo explicar o documento. Terei que explicar o contexto, a que se refire.

O señor PRESIDENTE: Pero as inexactitudes valóraas a presidencia.

A señora PRADO DEL RÍO: Eu estou dicindo que a señora Díaz, entre outras inexactitudes e manipulacións, dixo que a lei que regula... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Non, si...

A señora PRADO DEL RÍO: Gustaríame contextualizalo, se é posible.

(Murmurios.)

O señor PRESIDENTE: Si, silencio, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: Os respectuosos da bancada aquela, que sempre contestan.

O señor PRESIDENTE: Non, non, ¡vaia ao documento, vaia ao documento!

A señora PRADO DEL RÍO: A lei —dixo a señora Díaz, entre outras inexactitudes e manipulacións— que regula a xestación subrogada en Portugal estaba medio aprobada.

Pois ben, voulle aportar... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Si. Silencio. Si, xa sei, ben, hai para todos.

¿E vostede que quere dicir: que está aprobada de todo ou que non está aprobada?

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRADO DEL RÍO: Non, mire, eu quero aportar un documento, señor presidente. ¿Déixame falar?

O señor PRESIDENTE: Pois, por favor, fáganos chegar o documento.

A señora PRADO DEL RÍO: ¿Déixame falar? Déixeme falar, por favor.

O señor PRESIDENTE: Xa lle estou dicindo, pero non compliquemos máis o debate.

A señora PRADO DEL RÍO: Ben, pero non estou... Estou intentando...

O señor PRESIDENTE: Resuma. ¿Que pasa coa lexislación en Portugal? *(Risos.) (Murmurios.)*

A señora PRADO DEL RÍO: Creo que o tema, señor presidente, é o suficientemente serio como para que non se converta nun circo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Por iso, por iso.

A señora PRADO DEL RÍO: E non é por culpa desta deputada.

O señor PRESIDENTE: Non, estoulle dicindo...

A señora PRADO DEL RÍO: E non é por culpa desta deputada.

Eu agradecería que me deixara...

O señor PRESIDENTE: Vostede estaba falando de que a señora Díaz falou de que a lexislación en Portugal aínda non está aprobada. Entón, ¿cal é a situación?, que é o que vostede creo que nos quere dicir.

A señora PRADO DEL RÍO: Se me deixan.

O señor PRESIDENTE: Pois por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: Pois por favor...

O señor PRESIDENTE: Por favor, silencio.

Proceda.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) Non entre vostede no debate, por favor.

Proceda.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, señor presidente.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Aporto o *Diario da República* do 16 de decembro de 2021, que regula este procedemento e que determina que entra en vigor aos trinta días da súa publicación. Por tanto, hoxe está aprobada e en vigor. Do mesmo xeito que manifesto que se manipulou a miña manifestación sobre a doazón de órganos *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*, que non dixen en ningún momento que era un contrato privado.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Se nos fai chegar ese documento...

(Aplausos.) (Murmurios.)

(A señora Prado del Río entrégalle un documento ao señor presidente.)

Grazas.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Ben, procedemos, se lles parece, despois destes intres de intercambios, a votar, que é o máis importante, tamén.

Votamos, en primeiro lugar, a proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular por iniciativa de D. José Manuel Rey Varela.

Parece que hai unha transacción.

Déanlle voz ao escano do señor Rey.

O señor REY VARELA: Moitas grazas, señor presidente, señorías.

Para informar sobre a emenda de adición do Grupo Parlamentario do BNG. Temos unha transacción para incorporar textualmente os puntos 4 e 7 e modificar moi escuetamente o punto 3; se podo ler o contido definitivo: «Realizar un estudo integral, xunto co Cedex, da situación da ría na liña indicada polo estudo que vén de presentar a Estación Biolóxica Mariña da Graña-USC, para determinar con detalle as causas do colapso produtivo e as medidas necesarias para a súa rexeneración».

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votamos esta transacción.

(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)

Si, si, señora Rodríguez Rumbo.

Déanlle voz ao escano.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Nada, simplemente que nós non tiñamos coñecemento desa transacción e se, por favor, nos fai lectura da integridade da transacción, porque non sabemos exactamente cal é.

Grazas.

O señor PRESIDENTE: É a que leu. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben.

Déanlle voz ao escano do señor Rey.

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Si, si, léaa, señor Rey, por favor.

O señor REY VARELA: Si, moi ben. Léoa. É a proposta inicial incorporando o seguinte: «Realizar un estudo integral, xunto co Cedex, da situación da ría na liña indicada polo estudo que vén de presentar a Estación de Bioloxía Mariña da Graña, para determinar con detalle as causas do colapso produtivo e as medidas necesarias para a súa rexeneración. Colaborar co Concello de Neda para a elección do mellor sistema de saneamento para as augas residuais, así como para a realización das obras necesarias para executalo, dando solución definitiva ao problema do saneamento na ría de Ferrol, eliminando as verteduras que aínda existen na actualidade. E declarar zona de especial necesidade de rehabilitación a casa natal de Carballo Calero e as parcelas necesarias para desenvolver o proxecto de recuperación, co fin de destinala para usos dotacionais que o barrio necesita».

O señor PRESIDENTE: Moi ben.

O señor PRESIDENTE: Pois procedemos, entón xa, á votación. Grazas.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Rey Varela e dezanove deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego para lle pedir ao Goberno de España que poña en marcha con carácter prioritario as accións necesarias tendentes ao fomento e á reactivación económica da zona de Ferrol, coa modernización das instalacións e das infraestruturas ferroviarias

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular por iniciativa de don Fernando Pérez Domínguez.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Non se aceptan as emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Bloque... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Piden a votación por puntos. ¿Vostede acéptalles a votación por puntos? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si. ¿Cales puntos quere separar? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Perdón? Non sabía que había dous, por iso pregunto. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* Non podo saber todo, é que isto sería... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, 1 e 2. Pois votamos o punto 1.

Votación do punto 1 da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Fernando Pérez Domínguez e oito deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que adopte medidas tendentes a reforzar os servizos de atención á cidadanía da Seguridade Social

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este punto 1.

O señor PRESIDENTE: Votamos o punto número 2.

Votamos.

Votación do punto 2 da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Fernando Pérez Domínguez e oito deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que adopte medidas tendentes a reforzar os servizos de atención á cidadanía da Seguridade Social

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 57; votos en contra, 0; abstencións, 14.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este punto 2.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez.

Estaba pendente un acordo. Non sei se chegaron a ese acordo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Perdón? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Este acordo coñéceno todos os grupos? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Déanlle voz ao escano da señora Freire.

A señora FREIRE VÁZQUEZ: Si, acadamos unha transacción entre os grupos e acadamos tamén a votación separada por puntos. Pedimos a separación dos puntos 1 a 4, e separado o punto 5.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas.

¿Acéptase esa separación? *(Asentimento.)* Vale.

Entón, votamos, en primeiro lugar, os puntos 1 a 4.

Votación dos puntos 1 a 4 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Alexandra Fernández Gómez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para dar cumprimento ao acordo unánime acadado no Parlamento galego en relación cos inmobles da Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados estes puntos.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o punto 5.

Votación do punto 5 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Alexandra Fernández Gómez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para dar cumprimento ao acordo unánime acadado no Parlamento galego en relación cos inmobles da Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Ramón Fernández Alfonzo, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dar continuidade á actividade industrial nos terreos de Alu Ibérica, na Coruña

O señor PRESIDENTE: Hai unha autoemenda do Bloque. Votamos.

Votación da proposición non de lei autoemendada do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Ramón Fernández Alfonzo e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dar continuidade á actividade industrial nos terreos de Alu Ibérica, na Coruña.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

(Murmurios.)

O señor PRESIDENTE: Perdón.

Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Noa Díaz Varela.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Noa Susana Díaz Varela e tres deputados/as máis, sobre o rexeitamento por parte do Goberno galego da práctica dos ventres de alugueiro e a solicitude que debe facer ao Goberno do Estado para que evite esta práctica.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona María del Carmen Rodríguez Dacosta.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da política de prevención de incendios forestais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións.

Continuamos co punto sexto da orde do día, interpelacións.

Interpelación de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación coa ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Moi bo día.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señora conselleira, mire esta foto. *(O señor Bará Torres mostra unha fotografía.)* Non sei se sabe onde é. Non é o «Emirato de Sanxenxo», aínda que haxa unha praia aí; é un lugar emblemático da costa galega. Exactamente aquí temos a praia coñecida tradicionalmente como Area Loura, que despois foi denominada Praia América. ¡Canto tesouro se perde cando se perde un topónimo tradicional, ¿non?! Estamos entre Panxón e Baiona; xa digo, nun lugar emblemático.

Aquí está tamén un espazo, a foz do río Miñor, na Ramallosa, no límite entre os tres concellos do Val Miñor —entre Nigrán, Gondomar e Baiona—, que está declarada Rede Natura.

Pois ben, ¿sabe cal é a situación deste espazo da Rede Natura, segundo o grupo Ecotox, da Universidade de Vigo? As augas, como se pode ver neste mapa, teñen un estado peor ca malo —¡peor ca malo, señora conselleira!—. E, segundo o grupo Ecotox, é unha foxa séptica a ceo aberto. ¿Así é como tratan, como coidan vostedes, os espazos naturais, señora conselleira? Se tratan así a Rede Natura, ¿como tratarán o resto do país?

Outra foto. *(O señor Bará Torres mostra unha fotografía.)* ¿Sabe onde é esta foto? É nun paraíso da biodiversidade do noso país, un santuario do oso pardo, a serra do Oribio, que tamén está protexida coa figura da Rede Natura. ¿E sabe o que fixeron vostedes aquí? Pois vostedes aquí deixaron facer isto. *(O señor Bará Torres mostra outra fotografía.)* Deixaron facer, ou intentar facer, iniciar un parque eólico cunha declaración ambiental do ano 2005, caducada. A súa consellería permitiu esta barbaridade na Rede Natura. *(O señor Bará Torres mostra novamente a fotografía.)* Así é como tratan vostedes a Rede Natura, co *bulldozer*. Vostedes aplícanlle o *bulldozer* á Rede Natura, señora conselleira. Son vostedes un perigo público, un perigo para a natureza deste país. O Partido Popular: perigo público.

Vostedes maltratan o territorio, maltratan a paisaxe, maltratan o patrimonio natural. Vostedes non fomentan a biodiversidade, vostedes fomentan a biouniformidade, e a verdade é que baten todas as marcas. Voulles dar algúns exemplos da mala xestión do patrimonio natural durante as últimas décadas, nas que vostedes teñen moitísimas responsabilidades.

En primeiro lugar, vostedes levan vinte e cinco anos sen declarar un parque natural, desde o ano 1997. O último foi as Fragas do Eume. Acaban de aprobar recentemente o PRUX, despois de vinte e cinco anos, ¡un auténtico récord! Conseguiron vostedes que diminuíse o bosque atlántico, que é unha auténtica xoia biolóxica, e que aumentase o eucaliptal atlántico do Eume.

En Galiza temos dúas paisaxes protexidas: unha delas son os fabulosos, os marabillosos Penedos de Pasarela e da Traba, declarados no ano 2008. Aquela declaración prevía que en dous anos se fixese un plan de conservación. Pasaron quince anos e foron incapaces de aprobar o Plan de conservación dos Penedos de Pasarela e da Traba. Empezaron a tramitar este plan hai un ano.

E temos en Galiza oito monumentos naturais, tamén a metade deles sen plan de conservación. Un deles é a costa de Dexo-Serantes, no concello de Oleiros, que vostedes converteron nisto, *(O señor Bará Torres mostra unha fotografía.)* nun circuíto de motocrós. E logo de que o

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BNG denunciase esta aberración, de que utilicen un monumento natural para facer motocrós, tamén vostedes, nada máis e nada menos que vinte e tres anos despois de aprobar este monumento natural, anuncian a elaboración dun plan de conservación. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non había. Vostedes non son protectores, vostedes son agresores e depredadores dos monumentos naturais.

E xa un capítulo á parte son os humidais, que vostedes veñen agora presumir de que protexen 400 humidais. ¡Pero se hai un inventario de humidais do ano 2003, de hai vinte anos, que recollía 1.131 humidais! Vostedes tardaron vinte anos en protexelos, e só unha pequena parte; deixaron 700 humidais sen protección neste inventario que acaban de facer público no DOG. Vostedes non son exemplo positivo de nada, máis ben son exemplo do contrario.

E, por último, podemos falar da xoia da coroa dos espazos naturais da Rede Natura 2000, que é a principal rede europea de protección da natureza, polas políticas do Partido Popular. ¿Saben cal é o posto que ocupa a Galiza no Estado español en protección do territorio baixo a Rede Natura? Somos o penúltimo. ¿Saben a quen lle gañamos? A Melilla, ¡a Melilla! *(Risos.)* É dicir, somos os peores despois de Melilla, co 12 por cento do territorio protexido baixo a Rede Natura. ¿Non lles dá vergoña ocupar este posto no Estado español, señora conselleira? *(Aplausos.)* É unha auténtica vergoña para este país, cando a media do Estado supera o 25 por cento, e cando, por certo, as metas de Aichi propoñen o 20 por cento, xa desde hai moito tempo. Agora hai unha convención da diversidade biolóxica recentemente aprobada en Montreal que propón xa o 30 por cento para o 2030, cando Asturias está no 29 por cento xa desde hai tempo, ou cando Madrid —¡famosa Madrid!— ten protexido coa Rede Natura o 40 por cento. ¡Así non poñen parques eólicos alí, claro! ¡Xa llelos poñen aos galegos, co trato de favor do Partido Popular!

Pois esta é a realidade da Rede Natura galega, que ademais ten procedementos abertos de infracción da Comisión Europea por mala conservación, e tamén ten procedemento por non ter o Plan director figuras de conservación específica de xestión de cada un dos lugares de importancia comunitaria.

Pero, ademais, vostedes paralizaron a ampliación da Rede Natura; paralizárona. Paralizaron o intento que se fixo no ano 2008 e paralizaron o intento que fixeron vostedes mesmos no ano 2012, que se publicou no DOG. Veu aquí o conselleiro do Medio Rural un 21 de decembro de 2011 anunciar que se ían protexer baixo a Rede Natura 150.000 hectáreas. Publicouse no DOG esa proposta da ampliación o 2 de xaneiro do ano 2012 —hai once anos e pico—. ¿E sabe que pasou? Que ao día seguinte, o 3 de xaneiro, apareceu no DOG publicado o cesamento do señor Samuel Juárez, conselleiro do Medio Rural, promotor da ampliación da Rede Natura, que o mandaron para China. Si, foi así, ¡foi así! ¿E sabe por que foi, ademais? Porque os *lobbys* —que os teñen a vostedes aí como xestoría ao seu servizo—, o *lobby* forestal, o *lobby* eólico e o *lobby* mineiro, dixéronlle que non querían esa Rede Natura. E díxoo claramente a Cámara Mineira Galega; dixo que ía destruír non sei cantos postos de traballo e que ameazaba non sei cantas explotacións mineiras. E despois vimos como se aprobaron, ou se tramitaron, un sennúmero de parques eólicos nesa ampliación da Rede Natura.

Así é como coidan vostedes eses espazos que a Unión Europea lles dixo —ademais, xa desde o ano 2006— que había que protexer, que era urxente protexer. Mire, este é o DOG do 2 de

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

xaneiro de 2011. *(O señor Bará Torres mostra un* Diario Oficial de Galicia*.)* ¿Sabe o que pon? Pon: «Transcorrido un amplo período desde a publicación pola Comisión Europea da Rede Natura 2000 en 2004 e 2006, é urxente iniciar os trámites para completar a Rede Natura galega e dar así cumprimento ao mandato da Comisión». Era urxente no ano 2012 ampliar a Rede Natura e vostedes metérono nun caixón para obedecer os *lobbys* que gobernan a natureza deste país por mediación do Partido Popular. *(Aplausos.)* Así é como vostedes tratan a Rede Natura; son un goberno ecocida, un goberno *bulldozer*.

Desde logo, o BNG defende outra Galiza e outro futuro para este país. Fronte a esa biouniformidade, defendemos unha Galiza de vangarda en materia de diversidade biolóxica; unha Galiza con todas as cores da paisaxe, señora conselleira, cunha ampla rede de espazos naturais, que deberían chegar, cando menos, ao 20 por cento, no que se refire á Rede Natura, para empezar, e cun conxunto de instrumentos económicos e de xestión para protexelos e enchelos de vida. Porque vostedes, cando falan da Rede Natura, parece que lle poñen á xente un castigo, unha ameaza, unha restrición. E non, ten que ser unha oportunidade, como demostraron noutras comunidades. Temos aí ao lado o caso de Asturias, que ten como lema «paraíso natural». Converteu a natureza, a protección da natureza, nun elemento de dinamización, de impulso do seu territorio, conciliando —porque é posíbel— a protección co aproveitamento e o desenvolvemento sustentábel.

E para esa Galiza que cada vez está máis cerca, a Galiza de construír, a Galiza que vén, a Galiza do porvir, unha Galiza que sexa referente no coidado do medio e da biodiversidade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Está con nós os alumnos do ciclo superior de Administración e Finanzas, do Centro María Sarmiento, de Viveiro. Saudámolos e benvidos aquí ao Parlamento.

E agora continuamos. Neste caso ten a resposta a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dona Ánxeles Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, señor presidente.

Por suposto, un saúdo tamén aos alumnos de Viveiro. Teñen un auténtico paraíso natural nesta zona de Galicia.

Non é a primeira vez, señor Bará, que vostede interpela sobre Rede Natura, pero a verdade é que non cambia; é que o seu mantra é o mesmo. Primeiro, eu diríalle que non repita tantas veces «*looby*», porque é como un pequeno castigo ao galego. Podería vostede cambialo por outra palabra, digo eu, para aqueles defensores do galego, e eu son unha delas. Por outro lado, fronte a esa versión catastrofista que dá vostede, está a realidade.

A vostede gústalle moito falar de Europa, e eu hoxe voulle falar de Europa, voulle falar de Rede Natura e voulle falar de como o Goberno galego conserva e restaura o noso patrimonio

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

natural, pero tamén lle vou dicir cales son os proxectos que temos enriba da mesa. Fronte a esa defenestración que vostede propaga continuamente con esas fotografías —que sobre algunha delas lle terei que dicir e remarcar, aínda que non lle guste absolutamente nada, que se alguén permitiu eólicos en Rede Natura ese foi o Bipartito, e vostedes gobernaban no Bipartito, e non o poden negar, porque aí está—... Despois xa vostede decide sacar unha serie de datos que non contrasta e, polo tanto, dicir que as cantidades das augas de certas praias deixan moito que desexar. Eu dígolle que é todo o contrario. Fronte a isto, Europa aplaude que lideremos proxectos. E eu hoxe aquí, no Parlamento, quero facer público un dos grandes proxectos que vai liderar Galicia. Ese proxecto foi seleccionado recentemente. É o proxecto GIFT —para que lle vaia soando—. Participan oito países: Suecia, Bélxica, Países Baixos, Alemaña, Italia, Eslovenia, Letonia e Croacia. A Comisión Europea, señor Bará, tivo a ben que sexa Galicia a xefa de filas. ¿E sabe vostede por que tivo a ben a Comisión Europea que Galicia o liderase? Porque é un proxecto que se centra na infraestrutura verde, con especial énfase nos bosques, nas árbores e na paisaxe que eles alberguen, e aí Galicia é un gran referente. Empece vostede a presumir un pouco de Galicia. Critique, e que esa crítica sexa construtiva, pero non defenestre, porque, ao final, é que parece que dá a impresión de que se o eido do patrimonio natural vai mal vostede está contento. E non é así.

Dígolle que neste proxecto o que se vai facer é un deseño de metodoloxía común para todos os países europeos, pero centrado nos países que imos participar agora, para implementar elementos na infraestrutura verde, facendo especial énfase nos nosos bosques e, polo tanto, exportando o modelo a todos eses países. E non o digo eu, señor Bará, é que o di a Comisión Europea.

Para que teña vostede datos de interese, van destinarse 2 millóns de euros. Por suposto, este vai ser un proxecto que non remate ata o ano 2027 e que comeza agora. Vaise estender; polo tanto, vanse ver os seus froitos dentro e fóra de Galicia. E o que vai permitir é mellorar as leis e os regulamentos na xestión dos recursos naturais, vai permitir o intercambio de experiencias e vai poñer en valor a infraestrutura verde —que aprobará Galicia antes do verán—, a conectividade e as restauracións ecolóxicas.

Este é un exemplo de como traballa Galicia, de como participamos en proxectos europeos e de como presumimos da nosa Galicia verde. Pero non o facemos sós, porque nós queremos participación, algo que a vostedes incluso lles molesta. No día de onte fixemos a primeira xuntanza, e nesa xuntanza convidamos entidades como as de custodia do territorio; por suposto, tamén estivo a universidade, estivo a Asociación de Viveiros de Galicia, estivo Lourizán ou estiveron distintas reservas da biosfera. Este é un exemplo de traballo, non é un exemplo de defenestración.

Outro exemplo de como traballa Galicia e de como protexe o noso patrimonio natural e a nosa biodiversidade vai ser a futura Lei de ordenación do litoral. Nesta lei tamén quixemos que Galicia participase para que se sentise representada. Nesa lei, como sabe, convidamos a algunha das xuntanzas os distintos partidos políticos. Esta lei vai vir ao Parlamento e, polo tanto, terán a oportunidade de apoiala ou de facer todas as aportacións, e que saiban que, fronte a unha protección lineal —que era o que pretendía o Goberno central e que vostedes tamén aplauden—, hai unha protección exhaustiva daqueles ecosistemas que hai que salvagardar.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E, fronte a isto, están as incoherencias, señor Bará. Vostede traíame aquí fotografías, e eu poderíalle traer documentos, e aportareinos, non se preocupen —non os trouxen, pero aportareinos—. Póñolle un exemplo: vostedes gobernan en distintas administracións, como é a Deputación da Coruña, co PSOE. Recentemente o PSOE subscribiu un convenio cunha entidade para que se poida ampliar un polígono industrial en Rede Natura, e vostedes, que están gobernando con eles, estano permitindo, a pesar de que saben perfectamente que é unha prohibición expresa de Europa, de España e tamén de Galicia. Xogan a dúas bandas: cando teñen que falar con empresarios, enrédamos, dinlles que se poden ampliar os polígonos industriais en Rede Natura e non dubidan en seguir da man cos seus socios, e, polo tanto, a pesar de que saben que iso non vai saír para adiante, continúan enredando; e despois, cando veñen vostedes aquí, ao Parlamento, resulta que quen o fai mal é sempre o Goberno e o Partido Popular.

E hai outra cousa que me gustaría poñerlle a vostede enriba da mesa para saber cal é a opinión do BNG —e é bo, porque este é o único xeito de facer país—. Refírome á recente orde ministerial, á que foi publicada no día de onte polo Miterd e que ademais vai estar en exposición pública ata o 15 de maio, que se refire a que o Goberno central se propón estender a Rede Natura 2000 a toda a costa galega. Iso si, faino sen previa consulta coa Xunta, faino sen ningún tipo de publicidade, e o que é peor é que o fai antes de que saia a conclusión do estudo que subvencionou a unha entidade; estudo no cal teñen que saír unha serie de conclusións, porque para determinar a ampliación da Rede Natura os estudos científicos son primordiais. Neste caso, este é un proxecto de investigación do ano 2022 e que ten que estar entregado no ano 2025. E, ¿como é posible que, sen entregar este estudo, de repente se anuncie que se vai ampliar toda a Rede Natura á costa galega? Pero, fíxese vostede, vostedes, que tamén apoian e están no Goberno co señor Pedro Sánchez e, polo tanto, coa ministra de Transición Ecolóxica cando queren estar —porque os apoian e, polo tanto, votan a favor das súas propostas—, sobrepoñen os POEM con Rede Natura; ¡é que se superpoñen! Pero é que é máis, a pesar de que non se contempla ningunha protección, si que se di claro que se vai permitir expresamente que se ubiquen parques eólicos en Rede Natura.

Esta é a realidade, señor Bará, dos que gobernan con vostedes e da súa incongruencia, ou da do seu grupo político. E aquí, no Parlamento, vostede sácame un eólico nunha zona determinada e fíxese que a avaliación ten que ser ordinaria. Vostedes votaron o real decreto mediante o cal nin sequera ten que haber participación pública. Este é o BNG: con dobre vara de medir en Madrid e con dobre vara de medir en Galicia.

Fronte a todo isto, señor Bará, por suposto que protexemos, e por iso a Comisión Europea fai certos mandatos e faillos a Galicia. E a Rede Natura en Galicia ten 355.320 hectáreas, é un 12 por cento. Aquí efectivamente, inclúense os distintos parques naturais. Por certo, acabamos de aprobar recentemente o último Plan reitor de usos e xestións, que seguro que o poderiamos ter feito antes, seguramente. Concluíuse agora e eu síntome moi orgullosa. Síntome menos orgullosa daqueles que aquí o reivindican, pero que, cando hai reunións, non din absolutamente nada, e cando se aproba o plan en plena Semana Santa, unha vez máis pretenden defenestrar Galicia. Vostedes volven ser unha vez máis socios na Deputación da Coruña e cortan una carretera porque din que o Plan reitor de usos e xestións está mal feito. Iso si, despois piden para outros concellos doutros lados máxima protección, e polo tanto, Rede Natura.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Temos 50.000 hectáreas baixo plans reitores de usos e xestións, e imos mobilizar nestes nosos parques naturais —dos cales nos sentimos moi orgullosos— 70 millóns de euros. E o que si lle podo asegurar, señor Bará, é que non se permite ningún tipo de actuación ou proxecto e que non sae adiante se pode supoñer algún prexuízo para a diversidade, para a biodiversidade. Así é como actúa a Xunta de Galicia, porque actúa con criterios técnicos, non actúa en ningún momento baixo criterios ideolóxicos ou políticos. Os criterios ideolóxicos, ao final, reflíctense nas leis ou nestes reais decretos que saen adiante co apoio, neste caso, do BNG.

Eu tamén lle podo dicir —e ademais lle podo anunciar— que todos os plans relacionados con Rede Natura estarán aprobados antes do ano 2027. Fixámonos uns obxectivos, unhas medidas de conservación suficientes e axeitadas para garantir a protección dos seus valores. Estanse a estudar 22 espazos, para cuxa selección se priorizou...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIOAMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ...a presenza de turbeiras. E é máis, saben vostedes, antes de concluír integramente ese estudo, que non se permite a instalación de eólicos onde hai turbeiras

Polo tanto, sexan prudentes á hora de dicir as cousas e, ao final, se queren facer aportacións, fagan aportacións construíndo Galicia e non destruíndo Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, o señor Bará

O señor BARÁ TORRES: Señora conselleira, fixo vostede un intento fallido de escapismo, de non afrontar as preguntas e as interpelacións que lle fixen aquí.

E, claro, o problema que teñen vostedes é que as verdades son incómodas, as verdades doen e as verdades molestan; e a verdade, a única verdade numérica, é que Galiza está á cola do Estado en protección do territorio baixo a figura da Rede Natura, o 12 por cento, *(Aplausos.)* só por diante de Melilla. Non somos os últimos, é certo, que está Melilla detrás, que ten un 7 por cento, pero somos os penúltimos. Eu non sei se vostede se sente orgullosa diso.

Falounos aquí dun proxecto europeo. Proxectos europeos hai moitos, e moitas comunidades teñen proxectos europeos e financian proxectos europeos, pero vostede non veña presumir aquí de protección dos espazos naturais galegos, porque eu lle lin a cartilla de todo o abandono, de todo a destrución, de toda a degradación, de toda a depredación, de toda a política en 3D que vostedes practican cos espazos naturais e coa biodiversidade. Vostedes practican, como dixo Manolo Rivas, a «bioperversidade»; iso é o que practican vostedes.

E, claro, vén aquí vostede coa trécola de que o BNG aprobou parques eólicos en Rede Natura. Miren, non sei se é ignorancia ou mala fe. Se é ignorancia, a partir de agora non volva uti-

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

lizar ese argumento, porque xa llelo dixen moitas veces ás súas compañeiras e compañeiros. Cando se aprobou a prohibición de parques eólicos en Rede Natura foi cun goberno do BNG no Decreto do ano 2007 de desenvolvemento do sector eólico. Foi a primeira vez que se prohibiu a instalación de parques en Rede Natura, señora conselleira. *(Aplausos.)* Ata ese momento, na época Fraga, instaláronse parques eólicos a eito en Rede Natura. Vaia ao Xistral, ¡vaia ao Xistral! Hai máis de 100.000 hectáreas, moitas turbeiras, miles de hectáreas de turbeiras no Xistral que están invadidas por eólicos.

Nós ímoslle facer unha proposta na moción, que é que empecemos a traballar para recuperar esas turbeiras e para retirar os parques eólicos que están ameazando esas auténticas catedrais da biodiversidade, que non poden aturar esas agresións por máis tempo.

E, claro, vostede vén agora anunciar aquí, despois de poñelo en marcha no ano 2011, que a paralizaron... Vostedes paralizaron algo que lle exixía a Comisión Europea pola presión dos *lobbys*. ¿Non lle gusta a palabra? Pois son os *lobbys* mineiro, forestal e eólico, que lle ditan a política contra natura ao Partido Popular. Esa é a realidade. E por iso vostedes paralizaron a ampliación de 150.000 hectáreas da Rede Natura. Se vostedes non as paralizaran, pois non se poderían instalar aí cantidade de parques eólicos que están en tramitación: nas brañas do Deo, na serra do Suído, na cova da Serpe, da serra da Groba, en Valga... En todos eses sitios hai parques eólicos en tramitación que xa nin sequera se podían tramitar. Hai uns corenta en tramitación, e esa é a responsabilidade. E agora, despois de anuncialo, ademais, no Parlamento no ano 2017, vostedes veñen cunha miniampliación porque a Unión Europea lles está exixindo que hai que ampliar. Pois iso non vale, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* é unha miniampliación que non cumpre os requisitos e as exixencias da Unión Europea, que non cumpre as metas de Aichi, que non cumpre o Convenio de Montreal, que se acaba de aprobar e que nos marca o obxectivo do 30 por cento para o 2030. Vostedes van á cola, van cara a atrás, coma os caranguexos, ou para o lado, pero non avanzan para adiante.

E, claro, a realidade é que isto, *(O señor Bará Torres mostra unha fotografía.)* na serra do Oribio —Rede Natura—, permitírono vostedes, señora conselleira; tiveron que pararlles os pés as organizacións ecoloxistas, conservacionistas, que os denunciaron a vostedes no Tribunal Superior de Xustiza de Galiza. E o TSX paralizoulles o parque eólico do Oribio, esta desfeita; paralizóullela, e aínda non se desfixo de todo. Pero, dígame vostede: ¿que van facer para restaurar, para recuperar todo o que destruíron e destrozaron aquí? É Rede Natura. Isto acabará cunha sanción moi grave, cun gasto público moi grande pola súa irresponsabilidade.

E, claro, que nos fale das turbeiras o Partido Popular..., porque nós percorremos o país, coñecemos o país, queremos o país; e imos, por exemplo, ás brañas do Deo, onde hai máis de corenta espazos de breixeiras e de turbeiras, e vemos isto *(O señor Bará Torres mostra dúas fotografías.)*; vemos isto, señora conselleira, as brañas e as turbeiras desecadas para plantar eucaliptos a esgalla. E vostedes permíteno. Así é como coidan vostedes as turbeiras, así é como coidan vostedes o patrimonio natural e a biodiversidade. Vostedes non son de fiar, vostedes son maltratadores da paisaxe e da natureza, vostedes son ecocidas. Vostedes son pioneiros na práctica do ecocidio, que vai ser un delito tipificado proximamente. Pois vostedes xa o practican agora, niso son pioneiros, son adiantados ao seu tempo.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E mire —para rematar—, ¿sabe que ave é esta, señora conselleira? *(O señor Bará Torres mostra unha fotografía dunha ave.)* —non se moleste en levantar a cabeza—. A tartaraña cincenta, escollida ave do ano no ano 2023; é unha ave ameazada. Pois ben, en Galicia ten un plan de conservación desde o ano 2008. E ¿sabe que fixeron vostedes con ese plan de conservación, xunto con outros 45 que contrataron por máis de 500.000 euros? Gardalos nun caixón. Das 200 especies ameazadas, vostedes teñen só tres con plans de conservación. Así é como tratan vostedes a natureza, a biodiversidade e as especies ameazadas, señora conselleira. *(Aplausos.)*

Remato. Vostedes non son nin conservadores, nin son conservacionistas, son un goberno *terminator*; un goberno *exterminator*, mellor dito. E fronte ás demolicións ambientais do Partido Popular, con sede en San Caetano, fronte á Xunta contra natura, o BNG está a favor dos espazos naturais, a favor da biodiversidade, a favor de Galiza; dunha Galiza viva, forte e con futuro, que xa está máis cerca.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor Bará.

Para pechar esta interpelación, ten a palabra a conselleira, a señora Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, presidenta.

Un 12 por cento de Rede Natura na nosa rexión, na nosa comunidade autónoma. ¿Sabe canto tanto por cento teñen as rexións atlánticas, señor Bará? Entre un 10 e un 15 por cento. Un 42 por cento do territorio galego está baixo algunha figura de protección. ¿Algo que obxectar ou algo que discutir en relación con todo isto? Non, é que parece que só existe a palabra «Rede Natura». Quedou vostede no *lobby* e na Rede Natura, e non avanzou nin cara ao bo galego nin tampouco cara a outras figuras de protección.

Como vostede di que en relación aos humidais tampouco se fixo absolutamente nada, eu téñolle que dicir que xa se remataron todos os plans dos parques naturais, do parque nacional; e, á parte, está o do humidal protexido de Valdoviño, o de souto da Retorta, o da praia das Catedrais; e proximamente remataranse o monumento natural fraga de Catasós, o monumento natural pena Corneira e tamén o monumento natural costa de Dexo, así como distintos plans estratéxicos, señor Bará, como o da paisaxe protexida de Pasarela e tamén o de Traba.

Co que si podo levantar a cabeza e dicilo ben alto é con que este goberno non autorizou ningún parque eólico en Rede Natura, e vostedes, no Bipartito, si. *(Murmurios.)* E están aí..., e ¡dálle! É que non lles gusta, pero esa é a realidade! *(Aplausos.)* Do que estamos moi orgullosos por parte do Partido Popular é de que cando se instale un eólico teña que haber participación pública. ¿E vostedes que fixeron —e aí está a acta—? Votaron a favor da proposta do Goberno central que dicía: exprés, que rapidamente saian todos os eólicos e que non haxa participación pública. ¿Iso é certo ou non é certo, señor Bará? Tamén agacha a cabeza. Eu coñecía a especie e vostede non sei se coñece ou non o voto. Pero o que nunca faría este goberno sería

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

firmar convenios para que alguén diga que un parque industrial se pode ampliar en Rede Natura. ¿Vostede faríao, señor Bará? Pois estano facendo na Deputación da Coruña, e están gobernando con eles. *(Murmurios.)*

Polo tanto, direilles: nós imos seguir traballando. Temos enriba os distintos instrumentos de xestión. Antes do ano 2027 estarán aprobados todos os instrumentos de xestión. Iso si, nós, cando declaramos zonas como unha reserva da biosfera ou como Rede Natura, o que facemos é protexer.

E aquí vostede non me respostou se van estar a favor ou en contra da proposta do Goberno central —porque xeralmente as votan a favor— de que se superpoñan os POEM —é dicir, os espazos onde se poden ubicar os eólicos no mar— coa Rede Natura. Esa é a proposta que está enriba da mesa, señor Bará.

Teño tamén que darlle outra información, simplemente, porque isto de tratar de ignorante a un... ¡Un pouquiño de respecto non vén mal! Un pode saber máis ou menos. Eu xa vexo que vostede estudar non estuda moito, porque repite continuamente o mesmo e ademais fai tempo, porque así vai esgotando os minutos. Hai países da Unión Europea que teñen unha superficie igual a Galicia: Finlandia, Malta, Lituania, Francia, Irlanda, Bélxica, Suecia, Letonia ou Dinamarca, por aquilo de que: ¡oe, fíxate como está a Galicia!. Non é así. Pero tamén lle direi, en canto á superficie neta, señor Bará, de Rede Natura, que temos as seguintes comunidades que teñen menos superficie neta que Galicia: Canarias, Cantabria, Ceuta, Melilla, Navarra, Madrid, Illas Baleares, A Rioxa, País Vasco, Asturias e Murcia. Esa é a outra realidade. *(Murmurios.)* Poden seguir botando vostedes as mans á cabeza. *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Estamos falando de superficie... *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Bará, silencio.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Polo tanto, o noso traballo... *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Vostede xa falou. Xa falou.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Hai un traballo que é claro e, ademais, moi transparente, que é o que está facendo a Xunta de Galicia. E, dentro dese traballo claro e transparente, loitamos pola nosa biodiversidade, conseguimos proxectos europeos —grandes proxectos europeos, non pequeniños— para desenvolver de aquí ao ano 2027, lideramos eses proxectos europeos, teremos implantada a infraestrutura verde en Galicia, axudaremos os concellos a que tamén implanten a súa infraestrutura verde, seguiremos defendendo Galicia dende o punto de vista da conectividade e, por suposto, loitaremos contra o cambio climático, e farémolo baseándonos en estudos, e eses estudos han de ser sempre científicos.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Moitas grazas.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Interpelación de Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego respecto da actualización do Pacto local galego

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Bo día, señores e señoras deputados e deputadas.

Bo día, señor conselleiro. Grazas por estar hoxe aquí.

O Grupo Parlamentario Socialista voltamos interpelalo porque nos parece moi importante que a Xunta de Galicia, e vostede, como responsable máximo da Administración local galega, manifeste en sede parlamentaria cal vai ser o compromiso do Goberno galego cos 313 concellos que conforman o noso territorio despois das eleccións municipais que se van desenvolver o día 28 de maio. Queremos saber, señor conselleiro —todos os representantes legais dos concellos queren saber, e tamén os alcaldables aos concellos galegos queren saber—, se a Xunta de Galicia vai deixar de ser unha administración sectaria que favorece a dedo nunha proporción de 8 de cada 10 aos concellos que teñen gobernos do Partido Popular ou se, pola contra, van cambiar e van traballar conxuntamente en colaboración con todos os concellos galegos, tendo en conta as súas necesidades e as súas potencialidades.

Tamén queremos saber, señor Calvo —e os alcaldables tamén do noso país queren saber—, se a necesidade e a urxencia van seguir sendo eses criterios obxectivos que aplican vostedes, que aplica este Goberno galego, para que os concellos reciban convenios, tendo en conta que fundamentalmente aqueles concellos que, segundo vostedes, teñen máis urxencia e máis necesidade coinciden sempre con concellos gobernados polo Partido Popular, ou se, pola contra, e dunha vez por todas, van acordar coa Fegamp a distribución dos fondos públicos destinados a concellos a través do Fondo de Cooperación Local. E cando falo de Fondo de Cooperación local —señor Calvo, vostede entende perfectamente o que lle digo—, falo do fondo incondicionado, tal e como se estableceu no ano 2000.

Tamén nos gustaría saber se ter ese grupo de traballo que acaban de inaugurar —que acaban de ter a primeira reunión entre a Xunta e a Fegamp para realizar eses estudos elaborados pola Fegamp e pola Xunta de Galicia para delimitar as competencias e os fondos para financiar esas competencias— é un acto electoralista, agora que estamos en vésperas das eleccións municipais, ou se, pola contra, van traballar en serio —e esta vez si— para clarificar un tema tan importante para toda a Administración local; unha Administración local que —

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

como vostede coñece de primeira man— padece un raquitismo orzamentario que está a lastrar moitas das economías dos nosos concellos, e que ademais isto repercute directamente na calidade de vida da súa cidadanía. E eu quero saber —e gustaríame que vostede nos contestase— se vai seguir gobernando esta Xunta de Galicia castigando os veciños e as veciñas que viven en concellos gobernados por partidos distintos do Partido Popular.

Tamén aproveito, señor Calvo, para recordarlle que cando os grupos parlamentarios pedimos documentación a través do artigo 9 é para que o Goberno galego cumpra coa súa obriga legal en tempo e forma, e non para facer como fan habitualmente: que directamente non contestan ou moitas veces tardan un ano en contestar. Hai uns días este grupo parlamentario, despois de solicitar a documentación polo artigo 9 o día 12-12-2022 —voulle deixar toda esta documentación ao presidente para que vexa que nós sempre traemos documentación que avala o que dicimos, non como algún deputado do seu grupo, que nos acusa de mentir—, solicitabamos a copia do estudo elaborado pola Universidade de Santiago de Compostela que clarifica as competencias da Administración autonómica e as entidades locais para garantir unha prestación eficiente dos servizos públicos. Pois mire, señor conselleiro, tres meses e medio despois, o 29 de marzo de 2023, pois resulta que nos remite a copia do powerpoint, *(A señora Rodríguez Rumbo mostra un documento.)* que xa foi debatido en sede parlamentaria, un powerpoint que xa era coñecido por todos e por todas.

Polo tanto, obrigounos a este grupo parlamentario a levar unha pregunta á Comisión 1ª, a Pregunta 45.400, que di, no seu primeiro apartado, cando vai entregar o Goberno galego unha copia do dito estudo á Fegamp e aos grupos parlamentarios para o seu coñecemento e debate. Pois resulta que esta pregunta se formulou na Comisión 1ª o día 4 de abril de 2023. E mentres estabamos debatendo esa pregunta, pois a directora xeral de Administración local, que forma parte do seu equipo e que foi a persoa que veu responder esta pregunta, indicounos —si, cun semblante bastante risoño— que xa se achegara o documento, a copia do documento solicitado, que miraramos no noso correo, porque xa o tiñamos. E, efectivamente, señor conselleiro, o 4 do 4 de 2023, ás 13 horas 49 minutos e 25 segundos, entregóusenos ese documento.

A min gustaríame saber cal é a valoración e que pensa vostede desa forma de responder ao artigo 9 ou ás preguntas que formulan estes deputados e estas deputadas, se a vostede lle parece que isto forma parte da transparencia e se isto forma parte de facilitar o traballo parlamentario aos deputados e deputadas, claro, distintos do Goberno, que formamos parte desta cámara. Gustaríanos que vostede nos contestara.

Mire, señor Calvo, durante estes días seguramente vostede estará en campaña electoral —ben, precampaña electoral— e terá ocasión de escoitar as xustas reivindicacións dos alcaldes e das alcaldesas e dos alcaldables do seu partido para as próximas eleccións municipais. E seguramente, señor conselleiro e vicepresidente segundo, moitas destas demandas van coincidir coas demandas dos alcaldes e alcaldesas e das persoas alcaldables do resto dos grupos que representan o resto dos grupos políticos. E seguro que non me equivoco se lle recordo cales son fundamentalmente estas reivindicacións.

Por exemplo, que se regule por lei o financiamento local; unha lei que estableza unha nova contía para o Fondo de Cooperación Local, ese que vostedes levan conxelado en 112,9 millóns

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de euros durante os catorce anos que leva gobernando o Partido Popular. E recórdolle que durante o Goberno de Emilio Pérez Touriño se incrementou en 24 millóns de euros.

Tamén estou segura de que lle piden que se desenvolva na súa totalidade o Pacto local, asinado no ano 2006, e que dezasete anos despois da súa sinatura segue en moitos dos puntos en incumprimentos por parte da Xunta de Galicia.

Tamén seguro que lle piden que se asine un novo Pacto local; ou que, cando a Xunta de Galicia aprobe normativa que teña impacto no mundo local, se acorden coa Fegamp os termos nos que se vai desenvolver esta normativa; ou que, cando lle trasladen novas competencias ou incrementen as que teñan os concellos, pois se lle trasladen ao mesmo tempo eses recursos necesarios e suficientes para poder facer unha correcta asunción destas competencias; ou que, cando se trate de axudas recorrentes, se elimine esa burocratización na tramitación das mesmas e se fagan as transferencias directamente; ou que, cando fan convocatorias de subvencións, se consensúen os criterios coa Fegamp e deixen de transferir subvencións a través de fondos, como denomina o señor Rueda, regulamentaristas; que se elabore un plan de reequilibrio territorial galego; que se reúna periodicamente a Comisión Galega de Cooperación Local, ese órgano de deliberación e consulta entre o Goberno galego e os gobernos locais, que vostede sabe que durante sete anos non convocaron e agora mesmo na actualidade esas convocatorias son testemuñais; e que as partidas destinadas a convenios de colaboración, cos que na actualidade oito de cada dez son para gobernos que teñen partidos gobernados polo Partido Popular, se regulen doutro xeito.

E mire, señor conselleiro, para mostra un botón, e vou falar da súa Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, na que tamén se inclúe a Administración local. E mire, *(A señora Rodríguez Rumbo mostra un documento.)* este é o cadro de como se reparten os convenios na súa consellería. Pois mire, dos convenios asinados de 2017 a 2022 pois resulta que o 82 por cento é para concellos con gobernos do Partido Popular, un 12 por cento con gobernos do Partido Socialista, un 2 por cento do BNG e un 4 por cento doutros partidos.

E mire, como vostede vai ver, *(A señora Rodríguez Rumbo mostra un documento.)* non se corresponde coa distribución dos gobernos que teñen os concellos galegos. Isto non é iso *(A señora Rodríguez Rumbo mostra uns documentos.)*. E, polo tanto, vese claramente que vostedes nesas repartición a dedo, nesa repartición que fan aos concellos que vostedes consideran que deben ter esa urxencia e a esa necesidade, pois sempre favorecen moito máis os concellos do Partido Popular.

Por iso nós preguntámoslle se esa forma de gobernar vai seguir imperando no que queda de lexislatura e se vai seguir sendo ese principio unha vez que se constitúan os novos gobernos municipais, que probablemente incrementarán incluso os que teñan cor vermella, e non sabemos se tamén nese caso van ser tamén pois pouco correspondidos ou pouco agraciados con esa lotería á que vostedes agracian uns concellos en detrimento doutros.

E ben, a nosa pregunta, a nosa interpelación vai ser: ¿vai o Goberno galego abordar o debate sobre a actualización do Pacto local no seo da Comisión Galega de Cooperación Local?

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

Resposta do vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo Pouso.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidente.

Ben, pois o primeiro, señora Rodríguez Rumbo, é que eu esperaba un pouco máis de debate construtivo, pero vostede empezou duramente con acusacións que non son certas. Pero ben, intentarei ir rebaténdollas todas, unha por unha.

Pero voulle aclarar: ¿cal é o compromiso da Xunta cos 313 concellos de Galicia despois das eleccións municipais? Seguir ao pé dos concellos, señora Rodríguez Rumbo, como fixemos sempre, como os cidadáns de toda Galicia levan anos comprobando e como nos seguen apoiando elección tras elección, dándonos o seu apoio para que sigamos coidando deles.

É certo que isto é un debate que vén a conto, vén a conto nestes momentos falar dos concellos, porque estamos a trinta días dunhas eleccións municipais, e, ademais, todas as miradas, loxicamente, están centradas nos concellos. E nós —pódollo asegurar— intentamos estar ao lado dos concellos, porque, estando ao lado dos concellos, estamos ao lado dos veciños que viven en cada un deses concellos.

E o noso obxectivo, señora Rodríguez Rumbo, é intentar mellorar, e niso é no que estamos centrados. E, ademais, buscamos a colaboración constante cos concellos. Que non lle caiba dúbida: non buscamos a confrontación, como fai vostede ou como fai o seu partido. Non, que non lle caiba dúbida.

Dende hai anos a Xunta de Galicia non estivo quieta en colaboración cos concellos. Vostede falaba do Pacto local. É verdade: a Comisión Galega de Cooperación Local seguiuse reunindo; podemos facer un balance; de feito, fíxose un balance na última reunión, e os resultados foron bos. Os resultados foron bos porque se logrou avanzar.

E fala vostede do Pacto local. Mire, efectivamente, o Pacto local foi un pulo importante no seu momento e completáronse moitos dos pasos que había neles. E eu creo que é bo recoñecelo, claro que é bo recoñecelo. E nós facemos ese exercicio de recoñecemento ás cousas boas. Vostede na súa intervención non recoñeceu absolutamente nada e dedicouse a criticar. E dixo cousas que non eran certas.

Por exemplo: critica de novo —e faino reiteradamente— a cooperación que temos cos concellos a través do Fondo de Cooperación Local. E, ¡home!, efectivamente, o Pacto local estivo ben. Ben, pero vostede coincidirá comigo polo menos en que esa regulación do financiamento

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dos concellos está feita por lei en Galicia. Noutras comunidades onde goberna o Partido Socialista, non. E fixémolo nun ano complicado, fixémolo no ano 2010, onde garantimos por lei todos os ingresos que ían ter os concellos para repartir entre eles. Iso non o teñen outras comunidades autónomas. E vostede é o primeiro día que é incapaz de recoñecer nin iso, nin iso, señora Rodríguez Rumbo. *(Aplausos.)*

E fíxese: é verdade que naquel momento non fixemos ningún slogan nin vendemos nada. Non, porque para nós non é esa a forma de traballar. Se fora falar de vivendas, vostedes poderíannos dar clase de como se fai propaganda. Non, fixemos iso por lei e garantímosllelo a todos os concellos.

E agora vostede dime: claro, é que hai que seguir aumentando. ¡Oia!, xa se seguiu aumentando ano tras ano. O que fixemos por lei é garantir un mínimo, con independencia da cor política do concello, con independencia de quen viva, con independencia de quen goberne. ¿Non cre que iso está ben, señora Rodríguez Rumbo? ¿E non cre que merece ese feito, polo menos, un recoñecemento pequeniño pola súa parte? Pois eu creo que si.

E ese Fondo de Cooperación Local non deixou de crecer. E este ano creceu ademais dunha maneira excepcional. E vostedes critican que ese Fondo de Cooperación Local, a parte xeral, a que é incondicionada, que hai que seguila aumentando. ¡Oia!, aumentamos a incondicionada porque depende dos ingresos da Xunta de Galicia.

¿E como se reparte esa parte adicional que vostedes tanto critican? Pois fíxese que maliciosos son estes do PP: repártenllo aos concellos de menos de 15.000 habitantes. Fai falta ser malo, ¡eh!, fai falta ter mala idea para facer iso. ¿E por que o facemos así? Pois fíxese: nesa reunión que vostede di coa Fegamp nós establecemos eses criterios e dixémoslle cal era a nosa proposta.

E ¿por que imos aos de menos de 15.000? Porque son os que menos recursos teñen, señora Rodríguez Rumbo. ¿Ou cre vostede que o Concello de Vigo ou o da Coruña ten a mesma necesidade que un concello pequeniño como pode ser Cerceda ou San Sadurniño? ¿Vostede cre que ten a mesma necesidade? Eu creo que non. Veña aquí e dígamo. ¿Ten a mesma necesidade calquera capital de provincia que un concello de 1.000 habitantes ou de 500 habitantes en Ourense ou noutra provincia? ¿Vostede cre que si? Nós cremos que non. Por iso, ese fondo adicional foi para os concellos de menos de 15.000 habitantes, *(Aplausos.)* por iso, señora Rodríguez Rumbo. ¿E para que? Claro, porque ¿estableceuse para os de menos de 15.000 habitantes para darlles subvención aos veciños do PP? Non. Pero ¿de que me está falando? ¿Sabe para que era? Para as cousas que os concellos viñan dicirnos que tiñan necesidades: para as faixas secundarias, para atender abastecementos, para atender problemas de custo que teñen en todos os concellos pequenos co prezo da enerxía, señora Rodríguez Rumbo; todos os concellos, con independencia da cor política. E non se trata de darlle unha axuda só para pagar a factura dese día, porque iso está moi ben para ese día, pero mañá volven ter o problema.

Pois, ¡vale!, eu creo que comprenderá vostede que axudarlles a cambiar ou ser más eficientes en todas as instalacións municipais é unha cousa boa, ¿non? ¿E iso tamén é malicioso? ¿Son

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

aos do PP que se lles ocorren esas finalidades para fastidiar? Pero ¿de que me está falando, señora Rodríguez Rumbo, de que me está falando?

Mire, nós aumentamos este Fondo de Cooperación Local de maneira importante. A cantidade asignada no ano 2023 é 143 millóns de euros, un 14 por cento máis que no ano 2022. E ao fondo adicional chegou un incremento de 30 millóns de euros. ¿Non lle parece ben?, ¿non lle parece ben ese incremento? Pagar as emerxencias, que é unha competencia local, e que a Xunta colabore coa metade do custo, ¿non lle parece mal? ¿Niso tamén está en desacordo? Non é competencia da Xunta e, non obstante, pagamos os consorcios provinciais coas deputacións e os GES cos concellos e deputacións. ¿Cal é o problema? ¿A que concellos se beneficia? ¿Aos do PP? Pero ¿por que vostede vén intentar trasladar unha idea que non é certa? Non o entendo. Salvo que veña facer política ou teña outros intereses distintos, uns intereses distintos, señora Rodríguez Rumbo; xa sabe, xa sabe que sempre están igual. *(Murmurios.)*

Claro, tráenos esta iniciativa e dinos: é moi importante falar nestes momentos; está claro, unha iniciativa do Pacto local. Fíxese: esta iniciativa é do ano 2021 e tráea hoxe aquí. Pero tráea hoxe aquí cando hai uns días se reunía esa comisión técnica entre a Fegamp e a Xunta de Galicia para delimitar competencias. Porque ¿onde está o quid da cuestión de todo isto? O problema, señora Rodríguez Rumbo, se vostede fose seria, é que hai que, dunha vez por todas, delimitar cales son as competencias entre a Xunta de Galicia e os concellos. E claro que hai competencias que os concellos fan e non son deles. Pero iso xa o sabemos. E tamén hai competencias que leva a cabo a Xunta de Galicia e non son da Xunta de Galicia.

Ben. Pois ¿o primeiro paso non lle parece que sería poñernos de acordo en saber cales son cada unha? ¿Non lle parece que o máis normal, se queremos realmente solucionar o problema, é poñer enriba da mesa, sen trampa nin cartón, e dicir: ¡oia!, imos clarificar perfectamente cales son as competencias de cada un, e, unha vez que as temos clarificadas, ben, pois a partir de aí o que imos facer é non seguir incrementando este descontrol que existe, dende hai corenta anos, ¡eh!, non imos seguir e agora imos ver como solucionamos este problema cara a adiante? Pero, ao mesmo tempo que coa Fegamp nos sentamos a falar de competencias, veñen vostedes introducir isto e agora falar do Pacto local. Eu non sei a quen lle fan oposición, se lle fan oposición á Xunta de Galicia ou á Fegamp. *(Aplausos.)* Non o sei, señora Rodríguez Rumbo.

E vén falarme... *(Aplausos.)* Mire, nós fixemos un estudo —e isto xa llo expliquei nalgunha ocasión— e invitamos a Fegamp a participar nel. Foi a Fegamp a que se descolgou unilateralmente nun momento determinado; evidentemente, podía facelo. E a Fegamp encargou pola súa propia conta o seu estudo; paréceme moi ben. A partir de aí, unilateralmente, un día o presidente da Fegamp presentou unhas conclusións que el dicía dese estudo e un par de semanas máis tarde a Xunta de Galicia convidou todos os alcaldes de Galicia á presentación do noso estudo. ¿Sabe que pasou? Viñeron algúns alcaldes do Bloque, o cal llelo agradecín; viñeron algúns deputados do Bloque, o cal llelo agradecín. *(Murmurios.)* Si, si. ¿E sabe cantos viñeron do PSOE? Cero. Houbo alcaldes do PSOE que me chamaron e me dixeron: ¡oe!, conselleiro, descúlpame, tiña confirmada a asistencia pero chamaron da sede do PSOE *(Murmurios.)* para que non foramos á túa presentación; os deputados do Partido Socialista tampouco viñeron. Ese día seguro que coincidirá comigo, señor Tabarés, en que levaron o resumo

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

do noso estudo que tiñan; vale? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ja, ja, ja, ja. Ese día levaron o resumo, efectivamente, todos; os do PSOE, non. E de alí a uns días... *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Je, je, je, je...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor, silencio.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): A educación é non interromper o que está no uso da palabra, que ademais está regulado no Regulamento, señora Presas. Vostede tiña que sabelo, porque leva bastantes anos aquí, coma min, *(Aplausos.)* debería de sabelo. Polo menos poderían atender ao que digo e deixarme falar. A súa portavoz, cada vez que alguén sae de aí, protesta. Pero, claro, a pel fina só a poden ter algúns; outros, non; iso é a forma de traballar do Bloque Nacionalista Galego.

Pero mire, tardamos dous meses en darlles o estudo completo aos deputados; fíxese: dous meses. ¿De que se nos acusa? ¿De tardar dous meses sen darlles o estudo completo? ¡Ah! Pois somos culpables, porque, unha vez feita a presentación, fixemos algún axuste máis, efectivamente, e tardamos dous meses en dar o estudo. E vén aquí criticar que nunha comisión lle entregaron o estudo cinco minutos antes. Pero, vostede, durante a comisión, ¡fíxese que gran problema!: dous meses. ¿Cando o entregou...? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdoe, dous meses tardamos en entregar un estudo despois da presentación, fíxese, en remitirlles aos grupos parlamentarios. ¡Que tremendo, que tremendo son estes da Xunta de Galicia que esconden os estudos e fan política con todo para fastidiar os do Partido Socialista!, ¿verdade? Nós entregámolo. E ¿sabe cando o entregou o presidente da Fegamp a nós? Pregúntelle, a ver que lle di.

E agora o que intentamos é, nesa comisión técnica, seguir avanzando, co obxectivo que eu lle dixen, señora Rodríguez Rumbo, de tentar seguir traballando ao lado dos concellos. Pero vostedes veñen aquí facer política. E claro, cando vostedes dan ordes aos seus alcaldes de que non asistan á presentación da Xunta de Galicia, iso é colaboración e iso é diálogo e iso é participación. Iso é o que temos con vostedes, señora Rodríguez Rumbo, e iso é o que tivemos durante moitos anos; por iso están onde están, señora Rodríguez Rumbo.

Dos convenios e da repartición, xa falaremos na segunda intervención, porque tamén temos bastante para falar diso.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Réplica, señora Rodríguez Rumbo.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Mire, señor Calvo, evidentemente, vimos facer política. E logo ¿vostede que vén facer aquí? *(Aplausos.) (Murmurios.)* ¡A ver! *(Murmurios.)* ¡Home!, non me parecen xestos para un vicepresidente segundo, pero, ben, alá vostede.

Mire, señor vicepresidente segundo, ja, ja, ja, ja, pois se vai seguir como ata o de agora, xa vemos que os concellos galegos van recibir oito de cada dez os que teñen gobernos do Partido Popular. E mire, vostede di que están ao lado dos concellos e ao lado dos veciños, pero están moito máis ao lado dos concellos gobernados polo Partido Popular que dos concellos onde non goberna o Partido Popular.

E vostede di: o Pacto local estivo ben. ¡Home!, si, pero desenvólvano, cando estea desenvolvido totalmente. Eu xa sei que vostedes están acostumados a que aquilo que escriben e que está nun papel xa está cumprido. Pero mire, non, facer política é desenvolver iso, non simplemente materializalo nun papel. E aplaudiremos cando o teñan totalmente desenvolvido.

E cando fala vostede de propaganda, mire, señor Calvo, dígallelo vostede aos empregados da Corporación Radio e Televisión de Galicia que se manifestan todos os venres e que hai uns días estiveron diante do Senado precisamente pola manipulación informativa que exerce o Partido Popular nos medios que son pagados por todos e por todas. *(Aplausos.) (Murmurios.)* Por certo, ten alí un deputado que está desexando falar, ¡home! Díganlle que actúe algunha vez, que o teñen alí apartado e está desexándoo, que está continuamente, continuamente dálle que te pego. Mire, vostedes son os expertos en publicidade e propaganda.

E mire, señor Calvo, xa que vostede falou da repartición do fondo complementario, deses 30 millóns de euros, que son os que incrementan no Fondo de Cooperación Local, o que vostedes lles chama, voulle dicir: pois mire, 1.500.000 para eses concellos que foron fusionados. Por certo, dende que se fusionaron, levan máis de 14 millóns de euros, un millón e medio para eses dous concellos; 160.000 euros para os concellos que teñan institucións penitenciarias, que non teñen por que vir aquí; 2.595.000 para o mantemento dos centros de saúde en concellos de menos de 15.000 habitantes, que non teñen por que vir aquí —é unha obriga que teñen vostedes, é unha competencia propia e ademais asinada no Pacto local—; 945.000 euros para conservatorios de grao medio, unha competencia de vostedes, da Xunta de Galicia, non dos concellos; 1.200.000, retirada de niños de velutina, que é competencia de vostedes, non dos concellos. E despois teñen: mellor eficiencia enerxética en edificios municipais, 8.600.000; creación de comunidades enerxéticas, 1.000.000 de euros; concellos de menos de 15.000 habitantes para adquisición de maquinaria e concellos de menos de 15.000 habitantes en redes de abastecemento municipal, 16 millóns de euros, que veñen dos fondos do Estado —do Estado, dese malo malísimo Pedro Sánchez— a través dos fondos de recuperación, transformación e resiliencia. E, polo tanto, non lles queda máis remedio que repartilos, porque veñen con esa finalidade. Así que aquí flores, ningunha, absolutamente ningunha.

E mire, señor Calvo, seguramente vostede despois vaime falar das deputacións, algo que vostede fai moi habitualmente, e eu hoxe non vou empregar iso. Porque se falamos da repartición que se fai das deputacións —evidentemente, non da Deputación de Ourense, que

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

é da que podía falar vostede, supoño que desa será da que saque peito—, no resto das deputacións a maior parte dos fondos dedícanse a ese Plan único, e os convenios son cantidades testemuñais, tes-te-mu-ñais, por moito que vostede veña sacar aquí a repartición.

Pero mire, si que lle vou facer unha repartición que vostedes fixeron dos convenios do Plan Hurbe, uns convenios que se fan cos concellos para humanizar as vilas e que se supón que tamén van influír en minorar ese despoboamento nos concellos. Pois mire, señor conselleiro, e facémolo co que nos envían vostedes, coa relación que vostedes nos mandan, que nos enviaron o 13 de abril de 2022, e despois dos publicados no ano 2022. Pois mire, esta é a repartición, señor vicepresidente segundo, *(A señora Rodríguez Rumbo mostra un documento.)* que, de 28 millóns, 24 millóns nos anos 2019 e 2022 son para concellos do Partido Popular. Este é o seu sectarismo e a súa forma de traballar.

Polo tanto, nós ímoslle aplaudir o día que muden e o día que traten por igual todos os concellos galegos, porque necesidades e urxencias téñenas todos os concellos galegos, señor Calvo, e non soamente os concellos do Partido Popular.

Eu, de todas formas, recórdolle que o Pacto local ten unha serie de cláusulas, unha serie importante, pero fundamentalmente voume centrar en tres. Vostedes non incrementaron o Fondo de Cooperación Local. Vostedes a día de hoxe seguen sen atender e sen asumir o mantemento de todos os centros de saúde, que aínda están moitos a cargo dos concellos. E vostedes a día de hoxe non teñen asumido os centros de educación primaria, que están en mans dos concellos. Iso si, venden que con vostedes as escolas infantís son gratuítas, cando a maior parte do financiamento desas escolas infantís segue sendo a cargo dos concellos, porque os concellos antepoñen os seus veciños e as súas veciñas á falta de recursos que non lles manda esta Xunta de Galicia.

Pola miña banda, nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da interpelación, vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Mire, señora Rodríguez Rumbo, é curioso, entre as cousas que dixo vostede, que cando iamos aí polos concellos preguntando, estaba seguro de que ían preguntar cousas. Para explicar cal é a súa postura, cal é o seu obxectivo con esta intervención, fíxese vostede que o único que non preocupa aos concellos é o sistema de financiamento, porque ese vostede non o nomeou. ¿Sabe por que non o nomeou? Porque iso é de Madrid. E o que máis preocupa aos concellos é o financiamento, señora Rumbo, claro que si, pero iso depende de Madrid, depende de Madrid cambiar o sistema de financiamento e ter en conta determinadas cousas que nos concellos galegos non se teñen. Pero a vostede aí non lle afectou para nada.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E fíxese: fala vostede das deputacións. Di: non, vostede vai falar das deputacións; non, non; das deputacións xa fala vostede. ¿Cal é o papel das deputacións con todos os concellos que vostede di que teñen necesidades? ¿Cal é? ¿O Plan único? Eu xa llo expliquei moitas veces. O Plan único é a suma de todos os plans que existían individualmente. Vostede sábeo porque foi deputada comigo e vostede sábeo. É a suma de todos eses. E é máis, hai concellos que teñen menos cartos que antes, menos financiamento.

E fala vostede das subvencións nominativas. Eu xa lle dei os datos da deputación onde vostede e mais eu compartimos hemiciclo, pero nesta lexislatura —que escoiten tamén os do Bloque—, mandato 2019-2023, subvencións nominativas *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*... —Non, non, escoite, que eu escoiteino perfectamente, de verdade, escoiteina todo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, ben, pero caladiña, a ver se vostede é capaz *(Risos.)* de estar calada— do Partido Socialista: a concellos do Partido Socialista durante este mandato, 13.492.571,24 euros; subvencións nominativas a concellos do Partido Popular, 2.890.706,08; subvencións a concellos do Bloque, 1.641.978.

A vostede isto —que é o seu xefe de filas, o secretario xeral do partido— parécelle obxectivo, parécelle ben e parécelle fantástico. Pero, ben, poderiamos dicir: ¡oia!, ¿e as deputacións poden facer algo máis polos concellos pequenos? Fíxese: a Deputación da Coruña ten a día de hoxe 333 millóns de euros no banco. E ¿os concellos da Coruña teñen necesidades? Si. ¿E fai algo a Deputación da Coruña por esas necesidades? Non. *(Aplausos.)* ¿E que fai o Partido Socialista e os deputados do Partido Socialista? Dicir que a Xunta é malísima. Pero a Deputación da Coruña paga por ter eses cartos no banco. Pero non pasa nada, porque é o líder —amado ou non— do Partido Socialista; non pasa absolutamente nada, señora Rodríguez Rumbo.

E falaba vostedes de competencias. Mire, eu intenteillo explicar de todas as maneiras. Eu creo que a xente, se alguén nos escoita, teno perfectamente claro, pero vostede non, porque non quere, non porque non sexa capaz. Nós recoñecémoslle que hai competencias que fan os concellos, é certo, pero recoñeza vostede que tamén hai competencias que fai a Xunta que non lle corresponden á Xunta, ¡caramba! Pero ¿é incapaz de recoñecer iso?

Entón, ¿cal é o primeiro paso para solucionalo? ¡Home!, imos poñer enriba da mesa cales son e determinar cada unha de cales son. E ¿vostede por que se nega a facer esas cousas?, ¿por que se negan a facer iso? Pero se isto é de sentido común. Non se trata de saber quen gana ou quen perde, que isto non vai diso, salvo que veñan aquí facer política da mala, da partidista e da que buscan sempre na pancarta, señora Rodríguez Rumbo. Isto vai doutra cousa, vai de poñer enriba da mesa e falar seriamente. Iso é o que pretendiamos dende o primeiro momento. A Xunta leva a cabo competencias en educación que non son de educación. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Claro que si, non me diga que non, claro que si. Leva a cabo competencias en política social que non son da Xunta de Galicia, que son dos concellos. E a Xunta ¿ten que cerrar o grifo e deixar moita xente sen atender? Non. Ao servizo de axuda ao fogar, polo que preguntaba vostede hai pouco, a Xunta aporta o 70 por cento, e non é competencia da Xunta. Pero, ¡home! Pero ¿e que facemos? ¿Cerramos o grifo e miramos para outro lado? Non. Haberá que poñerse de acordo e ver como, nun período de transición, podemos chegar a que cada un asuma as competencias. E nese período de transición é necesario cambiar a Lei de financiamento dos concellos, ¿vale?

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero vostede, non. Dime: cando se poñan novas competencias, hai que dotalas de fondo. Si, como fai o Estado, señora Rodríguez Rumbo, como se fixo coa Lei de dependencia. ¿Cal é a aportación do Estado no financiamento da Lei de dependencia, señora Rodríguez Rumbo?, ¿cal é? Haberá que falalo.

¿Por que as deputacións, por que a Xunta ten que facer obras hidráulicas en saneamento e depuración? ¿Por que, señora Rodríguez Rumbo, as deputacións teñen que levalo a cabo? ¿Por que no Servizo de Extinción de Incendios a Deputación ten que levalo a cabo naqueles concellos de menos de 20.000 habitantes e nos de máis de 20.000 é unha obriga para os concellos? Pois, salvo nas cidades, non existe iso, señora Rodríguez Rumbo. E a Xunta paga o 50 por cento da factura. ¿Que facemos? ¿Deixamos de pagala mañá? Eu non creo que ese sexa o camiño. Haberá que poñer todo enriba da mesa e ir mirando e ir solucionando pouco a pouco estes aspectos, señora Rodríguez Rumbo.

Pero vostede desa parte non fala absolutamente nada, non di absolutamente nada, porque non lle interesa, porque non lle interesa. Entón, ¿como solucionamos este asunto? ¿Facendo a conta que fixo a Fegamp no seu estudo? ¿Sabe como foi esa conta? A Fegamp nese estudo resulta que suma todos os gastos do grupo II ao grupo VII e fai todo, e aí mete todas as competencias —as que son dos concellos e as que non—, fai unha suma e sáelle 1.000 millóns de euros, e as transferencias da Xunta sáenlle en 300 e pico. ¿Resultado? A Xunta débelles aos concellos 600.

¡Oia!, eu non veño aquí para iso, de verdade. Veño dicir que as cousas se fan doutra maneira, e hai que saber que competencias son de cada administración...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): ...e iso a Fegamp non o fixo.

Remato, presidente.

Polo tanto, é unha pena, señora Rodríguez Rumbo, que vostedes crean que se pode vir facer aquí política cos concellos. Non é verdade. Os concellos están noutra cousa, non están no que vostede di. E cando eu vou aos concellos, sexan da cor que sexan, non me falan do que vostede me di, non, non me falan do que vostede me di, asegúrolle que non. Por iso eu, se quere, invítoa cando vaia a algúns concellos para que poida vir comigo e que aprenda... *(Murmurios.)* o que di a xente que está nos concellos. Seguramente cambiaría a súa percepción. Fale con máis, señora Rodríguez Rumbo, *(Murmurios.)* fale con máis alcaldes...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Murmurios.)

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): ...fale con máis alcaldes. *(Murmurios.)* Iso si, que non estean os do partido diante, non vaia ser que lle conten unha mentira.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Suspendemos a sesión ata as dezaseis horas, catro da tarde.

Suspéndese a sesión ás dúas e vinte e un minutos da tarde e retómase ás catro.

O señor PRESIDENTE: Retomamos a sesión.

Continuamos co punto 6 da orde do día, interpelacións.

Interpelación de Dª Noa Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a participación pública no sector eólico

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Boa tarde.

Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde, señor vicepresidente, tamén a vostede.

Voulle ler unha cousa, a ver se lle soa. Vou extractar, pero alguén do seu rigor non me cabe a menor dúbida de que vai saber que lle estou lendo:

«A comunidade autónoma ten regulado o aproveitamento da enerxía eólica a través do Decreto 242/2007, do 13 de decembro, no que, entre outros aspectos, se estimula a participación do sector público no capital social do proxecto das empresas que resulten autorizadas.

Unha tacha de legalidade directa e infranqueable tamén implica compartir decisións en decenas de consellos de administración alleos á Administración autonómica. En definitiva, ser socio é intervir en estratexias empresariais privadas nun sector, o sector eléctrico» —refírese aquí á lei estatal— «abandonando a noción de servizo público considerada expresamente no artigo 2.1. de libre iniciativa empresarial. Unha escrupulosa observancia e respecto ante a liberalización do sector xustifica o distanciamento deste procedemento co fin de atopar outras fórmulas, outros modelos máis racionais, máis perfectos, máis rectos. A regulación por esta lei do novo procedemento prescinde da participación pública. Arbítrase a incompatibilidade do novo modelo de aproveitamento eólico co ata agora vixente, baseado entre outros aspectos na participación pública.»

¿Sabe que é isto, verdade, señor Conde? Vostede estaba alí. Non era deputado aínda, non era conselleiro nin vicepresidente; pero xa era asesor do por aquel entón presidente da Xunta, o señor Feijóo. Sabe que isto é o que fixeron vostedes no ano 2009. Despois da campaña

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

electoral máis noxenta que recorda a historia deste país, aprobaron unha lei, a lei actual do sector eólico, na que daban cumprida conta dese abrazo de Iberdrola. Paralizaban con esta lei un decreto e un concurso que terían situado Galiza na vangarda europea en participación pública. *(Aplausos.)*

Tratábase dun modelo que garantía a participación social, que garantía o retorno económico e que garantía a preservación medioambiental. Fixeron perder a este país tempo e recursos económicos, señor Conde. Fixeron unha lei tan inútil que tiveron que facer máis de once modificacións para cambiar máis de cincuenta puntos desa lei.

«Seguridade xurídica», dicían; «predicibilidade», afirmaban. O único predicible e seguro, señor Conde, é que gobernaron, gobernan e gobernarán para favorecer o *lobbie* eléctrico no lugar de defender os intereses deste país. *(Aplausos.)* E canto ao resultado, como din eses titulares de *clickbait*, «lo que pasó después te sorprenderá»: máis de cinco millóns de euros en indemnizacións ás empresas por tombar ese concurso eólico que saíron das arcas públicas, un canon eólico que na súa historia recadou dous millóns e medio menos do que vostedes prevían... E non só iso, senón que en 2019 repercutiu na factura dos galegos e galegas en forma de suplemento: trinta e oito millóns de euros que tivemos que pagar os galegos e galegas do noso peto, mentres outros territorios que non producían, como Madrid, pagaron cero euros.

En terceiro lugar, cargos políticos perseguidos. Hai que recordar tamén esa vergonza. Hoxe exonerados; perseguidos por facer un modelo que loitaba contra o *lobbie* eléctrico e hoxe exonerados. Parálise no sector. Anos enteiros, ata o 2019, en que esta comunidade implantou cero megavatios eólicos.

Peches de empresas como Isowat, Siemens-Gamesa ou Vestas, deslocalizacións etc. Sentenzas demoledoras sobre o modelo eólico do Partido Popular, de Sasdónigas ao Iribio pasando por Corme. E tamén incluso se permitiron regalar 1.600 millóns de euros, que perdoaron a empresas amigas en forma de plans industriais. Entre eles á señora Bea Mato, que se sentou con vostede seis anos no Consello da Xunta todos os xoves. Ese era, ese é o resumo do resultado dun modelo —¿como era que dicían vostedes?— «máis racional, máis perfecto e máis recto».

Señor Conde, desde logo non houbo racionalidade, porque o racional sería que un país que produce enerxía eléctrica teña vantaxes competitivas, mentres o que aconteceu foi que pecharon máis de vinte mil setecentos postos de traballo neste país. Non foi perfecto, porque hoxe en día —acaban de saír os datos do INE— triplícanse os galegos e galegas que non son quen de ter a súa casa a unha temperatura adecuada. E non foi recto, porque a conivencia co sector fede máis do que apesta Ence neste país, señor Conde.

Antes linlle —imaxino que o identificou vostede— cachos, anacos da exposición de motivos da lei vixente do sector eólico, que amosa a obsesión que tiñan. Xa os catro primeiros parágrafos están destinados a demonizar a participación pública. Unha participación pública que, ademais, hai que dicir que está normalizada na contorna europea. Países como Francia, Suecia, Holanda ou Italia teñen empresas públicas ou fórmulas de participación pública. Non

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

sei se de participación pública aprendeu algo o presidente Rueda na súa visita a México. Hoxe pola mañá non nolo aclarou.

En todo caso, a exposición de motivos era: «Venían los comunistas y el Partido Popular de Galicia, con su capitalismo de amiguetes, salvamos a todo el mundo». Pero o certo é que xa o resultado da súa política eólica quedou manifestado.

E sorprendentemente o pasado 22 de marzo eu vía varios titulares coma este: «O Goberno do Partido Popular recúa e ábrese á participación pública na eólica trece anos despois de renegar dela». Ou este: *«Rueda apuesta por una empresa pública capaz de intervenir en los desarrollos energéticos de Galicia»*.

Eu a verdade é que pensei que, despois de vetar unha e outra vez propostas deste tipo, o Partido Popular rectificou; que espertou ou caeu da cadeira de San Caetano. Non sabemos moi ben, pero eu recuperei un pouco de fe en vostedes. Pensei que caeran da burra. Pero non, despois dese momento de inocencia inicial non tiveron que pasar corenta e oito horas e xa vimos que, despois dese presunto xiro, ao final non era un xiro de noventa graos nin un xiro de cento oitenta graos; xiraron xa vostedes tanto sobre as súas propias declaracións que ao final quedaron onde estaban, que é do lado de non facer nada e do lado das eléctricas. *(Aplausos.)*

Porque horas despois e días despois, semanas despois, máis dun mes despois deste anuncio, o presidente Rueda aínda non foi quen de aclarar que é iso desa empresa pública que quere impulsar a Xunta de Galiza. Ademais, xa sabemos que cando vostedes din público nunca se sabe moi ben que quere dicir. Non se aclara que tipo de empresa, non se aclara se é maioría pública ou privada, que cota de participación da Xunta, que modelo etc.

E ían abrir —seica— un proceso de participación pública. Ían abrir, a través das canles que ten a Xunta de Galiza de participación pública, un proceso. Ben, pois no día de hoxe, comprobado de hoxe a mediodía, o único proceso que hai aberto de consulta pública é sobre a futura lei estatística que vostedes —en teoría— van facer para remitir a este Parlamento.

Non teñen proposta, non remiten proposta e aínda teñen máis que dicir, porque non teñen proposta pero teñen soberbia. Entón tivemos que ver tamén unha sesión de control aquí neste Parlamento na que a nosa voceira, a señora Pontón, interpelaba o presidente Rueda e xa directamente dicía que, basicamente, «non temos proposta, pero a súa é peor».

Porque basicamente o que fixeron nestes últimos anos, señor Conde —vostede sábeo perfectamente, porque o groso deses anos estivo aquí—, foi estar vetando propostas de todo tipo. Vetaron a transformación do canon eólico e a súa revisión para convertelo nun imposto diferente; vetaron a súa adaptación ao contexto tecnolóxico actual; e vetaron, por exemplo, unha iniciativa lexislativa popular que chegou co apoio de máis de once mil persoas a este Parlamento para impulsar o rescate das centrais hidroeléctricas, que van caducando en Augas de Galiza e impulsar a creación dunha empresa pública de enerxía. Vostedes non tiveron ningún problema en premer o botón roxo para refutar ese tipo de propostas.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Máis recentemente, tamén noutro tipo de debates —desde o debate do estado da Nación, leis de orzamentos etc.— unha e outra vez vostedes opuxéronse á participación pública, porque teñen un concepto de participación pública moi peculiar, que é drenar directamente fondos públicos a empresas que seleccionan vostedes. Como están a demostrar tamén coa xestión dos fondos europeos.

Polo tanto, á vista do que aconteceu estas últimas semanas nós o único que podemos pensar é que era una bomba de fume; que vostedes están realmente tan rodeados, porque a súa política eólica fai augas por todas as partes. De concellos do Partido Popular a concellos do BNG, da patronal a asociacións agrarias, de asociacións agrarias a asociacións ecoloxistas, do Consello da Cultura Galega á Universidade, absolutamente de forma transversal a sociedade galega ve un problema no modelo eólico do Partido Popular e non sabían xa por onde saír. Entón, saíron con esta ocorrencia.

En todo caso, nós queremos manter o espírito propositivo. Queremos manter ese reduto de confianza que pode haber en que vostedes rectifiquen e preguntámoslles hoxe se asumen que o seu goberno fracasou ao renunciar ás fórmulas de participación pública no sector enerxético, se asumen ese erro e que van facer para rectificalo. Preguntamos que empresa pública van impulsar, se é que van impulsar algunha, e que van facer para garantir un cambio de paradigma e que, por fin, o papel produtor deste país deixe de ser o que é con vostedes, simplemente unha forma de drenar máis beneficios á privada, e pase a ser o que debería ser, que é un vector de crecemento, un vector de xustiza social e un vector de desenvolvemento económico.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Resposta do vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación, don Francisco José Conde López.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Presas, a verdade que é difícil escoitar unha intervención de dez minutos tan baleira de contidos, con tanta demagoxia e simplemente falando do pasado, criticando o presente e non plantexando ningún tipo de proposta. Iso é o que levan facendo durante todos estes anos cando se quere falar de crecemento económico, cando se quere falar de industria, cando se quere falar de enerxía.

Pero si creo que debería ser seguramente un pouco máis prudente ou polo menos un pouco máis coherente. Seguramente os concellos que vostedes gobernan teñan un discurso totalmente diferente ao seu. E sabe perfectamente que podería seguir, por exemplo, o que está a facer o Concello de Muras, promovendo a convivencia, señora Presas, co desenvolvemento eólico, co desenvolvemento da economía, impulsando unha enerxía limpa e unha enerxía renovable.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Vostedes non queren falar de enerxía limpa, porque prefiren falar da loita contra o cambio climático. A cuestión é onde está a súa coherencia. Vostedes non quere falar de enerxía renovable e ao mesmo tempo falan de prezos competitivos. Seguramente deberían buscar a coherencia.

O curioso é que na súa intervención, señora Presas, non falou en ningún momento do prezo eléctrico. ¡En ningún momento! Debería saber que o prezo da electricidade que pagan os fogares é un dezaoito por cento máis caro que a media da Unión Europea a pesar do tope do gas, segundo acaba de publicar a Oficina Europea de Estatística. Debería saber tamén que este prezo é un corenta por cento superior ao que tiñamos en España antes da entrada do socio do Bloque Nacionalista Galego, o seu socio Pedro Sánchez, e do Partido Socialista. Seguramente debería saber que, no caso da industria, a situación foi bastante peor e que o prezo da electricidade para os consumidores non domésticos se duplicou en España dende o primeiro semestre do ano 2018.

Esta mañá a súa portavoz falaba de retroceso industrial. O retroceso é o que vostedes queren implantar negándolle á nosa industria unha enerxía competitiva, unha enerxía renovable, unha industria máis verde e unha industria máis eficiente. Talvez por iso non os escoitamos falar absolutamente nada de competitividade, de industria verde e do futuro. Vostedes o que están facendo permanentemente é intentar dividir e buscar conflitos.

Por moito que o obxectivo do Bloque Nacionalista Galego non sexa outro que illar Galicia dende o punto de vista enerxético, a situación de Galicia, señora Presas, é que temos unha dependencia enerxética do sesenta e tres por cento. E a pregunta que seguramente debería plantexarse internamente o Bloque Nacionalista Galego é cal é a súa proposta para acadar cero emisións netas no ano 2050. ¿Cal é a proposta? Cando partimos dunha situación de dependencia enerxética do sesenta e tres por cento.

Nós o que estamos intentando, señora Presas, é, efectivamente, impulsar as enerxías renovables, desenvolver o sector eólico fronte ás incertezas que vostedes están xerando dende o Goberno de España. E, por suposto, esa posición de tradición milenaria do «non» do Bloque Nacionalista Galego a todo o que significa progreso, a todo o que significa industria, a todo o que significa enerxía renovable.

Hoxe estamos xogando, señora Presas, o noso futuro. Está ben que vostede intente falar do pasado. A realidade é que a Comisión Europea nos comina a cumprir, a través do Plan industrial do pacto verde, que seguramente debería ser unha das referencias de traballo do Bloque Nacionalista Galego, a situación para favorecer precisamente que se poidan crear postos de traballo cualificado, que se poidan revitalizar as bases da fabricación industrial e tamén que se poidan reducir os custos tanto para as familias como para as empresas. E para iso, señora Presas, hai un consenso internacional para desenvolver as enerxías renovables.

Vostedes sábeno e vostedes simplemente están utilizando este sector eólico para ter un posicionamento político en lugar de defender os intereses de Galicia, en lugar de defender os intereses da empresa, en lugar de defender os intereses da creación de emprego. Seguramente vostedes se senten moitísimo máis cómodos detrás dunha pancarta. Pero detrás

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dunha pancarta, señora Presas, non se defende a situación da industria e non se defende o desenvolvemento enerxético de Galicia. *(Aplausos.)*

Falemos de modelo eólico. O seu modelo xa é coñecido e, ademais, foi avaliado perfectamente polo expresidente Touriño, que foi o seu presidente no Bipartito. O modelo do Bloque Nacionalista Galego é perfectamente coñecido. Agora vostedes non queren falar diso. Recórdolle, señora Presas, que vostedes, o Bloque Nacionalista Galego, non derrogaron nin modificaron o Plan sectorial eólico, seguramente porque é un plan sectorial que está avaliado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Vostedes, señora Presas, non paralizaron os parques eólicos que estaban en tramitación. Vostedes, señora Presas, puxeron en funcionamento o vinte e dous por cento de toda a capacidade eólica que está nestes momentos en funcionamento en Galicia: oitocentos setenta megawatts que foron tramitados polo Partido Popular e que vostedes puxeron en funcionamento.

Vostedes, señora Presas, non foron quen de sacar un concurso eólico con todas as garantías. E o decreto eólico do Bloque Nacionalista Galego sabe que acumulou varios recursos da industria, ademais de oito obxeccións do Consello Consultivo na súa redacción. Debería ser seguramente máis prudente cando fala do decreto eólico do Bloque Nacionalista Galego.

Vostedes, señora Presas, non tiñan intención de paralizar o desenvolvemento eólico como piden agora. E o seu conselleiro, Fernando Branco, trasladou en máis dunha ocasión que a cifra dos seis mil quiñentos megawatts era unha cifra realista e que sería ilóxico coartar unha das zonas con maior calidade de vento. Isto é o que dicía o conselleiro do Bloque Nacionalista Galego. En definitiva, señora Presas, o único que pedimos é un pouco de coherencia cando queremos falar do desenvolvemento eólico en Galicia.

Efectivamente, nós estamos tratando de achegar seguridade xurídica e estamos tamén traballando para que este desenvolvemento do sector eólico sexa compatible co medio natural, coa protección do patrimonio cultural e, por suposto, coa actividade do sector primario.

Estámolo facendo exixindo a avaliación ambiental ordinaria para todos os proxectos e estámolo facendo garantindo que ese desenvolvemento sexa ordenado. Por iso, xa lle adianto que onte autorizamos 75 parques eólicos, 1.958 megawatts dos 119 parques para os que se completou a tramitación en xaneiro. O 63 por cento dos que se tramitaron que teñan feita a DIA o 25 de xaneiro.

En definitiva, señora Presas, nós imos seguir traballando precisamente para desenvolver o sector eólico e precisamente impulsando o impacto e os beneficios nas instalacións e nos diferentes concellos.

Sabe vostede que en Galicia temos un canon eólico que foi pioneiro para favorecer o impacto favorable do desenvolvemento eólico. Sabe que estamos impulsando a sinatura de contratos de compravenda de enerxía a longo prazo precisamente para cubrir as necesidades enerxéticas do tecido empresarial. Vostedes nunca falan das necesidades da industria desde un punto de vista de competitividade do prezo enerxético.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Estamos, en terceiro lugar, dándolles prioridade aos parques eólicos que repercutan un 2,5 por cento dos beneficios nas localidades nas que se asentan. E agora, efectivamente, estamos traballando nunha lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos de Galicia. Un marco normativo que pretende ser pioneiro e que é innovador. Nós estamos impulsando o diálogo e o consenso precisamente para que o desenvolvemento eólico teña un impacto e un beneficio positivo no territorio.

Creo que, señora Presas, deberían deixar de vivir do pasado e deberían buscar precisamente a maneira de traballar desde o diálogo co Goberno e, en definitiva, traballar por ese desenvolvemento, non só enerxético senón tamén industrial, do noso país.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Réplica, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Señor vicepresidente, voulle recordar cal era o punto da orde do día, porque creo que veu un pouco despistado —vostede, non eu—: «Interpelación sobre o presunto cambio de opinión do Goberno galego respecto da participación pública do sector eólico». Eu falei da participación pública no sector eólico, pasado e presente do futuro que nós queremos; quen non fala diso é vostede. Igual é porque é tan pioneira esa lei que vostedes anuncian que é translúcida. ¡A primeira lei translúcida da historia do parlamentarismo galego! *(Aplausos.)* Non se sabe onde comeza, por onde remata nin cal é o articulado.

Entón, señor Conde, foron vostedes os que anunciaron —cito literalmente a nota de prensa da Xunta, que é a información que hai neste Parlamento nestes momentos—: «Iniciará a tramitación dunha nova lei para que» —cito literalmente— «os beneficios do aproveitamento dos recursos naturais dos galegos se reinvistan en Galicia». Lectura implícita: ata o momento non están reinvestíndose en Galiza, señor Conde. *(Aplausos.)*

¿Onde está a lei? Nun mes non foron capaces de abrir un proceso de participación pública, que é abrir unha xanela alí na páxina de transparencia, indicar que van facer unha nova lei e que a xente envíe suxestións. Con cento sesenta caracteres xa case o cobren. Eu se quere axúdolle para que poidan abrir xa o proceso dunha vez. Pero, dende logo, o que non hai nese Goberno é nin seriedade nin rigor. E vostede como máximo responsable da política enerxética deste país terá que dicir se aquí hai un cambio de opinión do Partido Popular si ou non.

¿Rectifican e asumen que foi un erro vetar sectariamente a participación pública no sector eólico si ou non? Eu pregúntolle por ese pasado porque por culpa dese pasado e das súas decisións durante estes anos perdéronse oportunidades económicas ao non ter recursos nin capacidade de control do sector, señor Conde. Esa é a cuestión. E sobre ese pasado vostede ten que dar explicacións, porque é o que fai que teñamos este presente.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

É tal tomadura de pelo, que debatemos uns orzamentos, un plan estratéxico... Bueno, debatemos non, máis ben remitiron unhas directrices estratéxicas telegráficas que debatemos parcialmente na anterior lexislatura. Aprobaron unha axenda enerxética 2030 e non aparece a participación pública por ningún lado. De feito, estiveron votando en contra neste Parlamento de cada unha das resolucións que o Bloque Nacionalista Galego propuña neste sentido. Se vostedes rectifican, benvidos sexan. Se vostedes rectifican nós faremos propostas construtivas para iso, pero é o que ten que aclarar vostede hoxe aquí.

Vólvolle dicir que nós estamos moi orgullosos e orgullosas do noso pasado, de impulsar ese marco normativo. E sabe vostede perfectamente, ademais, que mente e manipula. Porque o Bloque Nacionalista Galego, respecto dese plan sectorial eólico, iniciou a avaliación ambiental estratéxica que hoxe sería unha realidade e tería novas áreas de exclusión. Cando, ademais, naquel momento o sector non se desenvolvera tecnoloxicamente nin tiña as dimensións que ten hoxe en día. Polo tanto, non manipule, porque a realidade está aí.

Se quere falamos do prezo. ¿Cantas veces trouxo o Bloque Nacionalista Galego a este Parlamento propostas concretas para cambiar o sistema de poxa? ¿Que votou o Partido Popular? En contra sempre, aquí e no Estado. *(Aplausos.)*

¿Cantas veces trouxemos a proposta de que Galiza, como comunidade excedentaria neta en enerxía eléctrica... Porque evidentemente petróleo non temos —iso sábeo ata o señor Rueda, que o estivo contando por aí por México—, pero si que somos unha potencia en produción eléctrica e renovable e vostedes votaron en contra dun abaratamento das peaxes. Incluso outras comunidades do Partido Popular e do Partido Socialista intentaron abrir ese debate no Estado e vostedes quedaron atrás. É que quedan atrás, porque con ese sectarismo en 2009 deixáronnos atrás, impediron que Galiza fose vangarda neste ámbito e seguen facendo que Galiza quede atrás e quede estancada. E así unha e outra vez.

Fala de que nós traemos aquí cuestións baleiras de contido. O que está baleiro de contido, señor Conde é a súa resposta, porque non teñen nada que ofrecer.

Eu non quería falar de Baltar hoxe pola tarde —de verdade que tiña o firme propósito de non facelo— pero é que ata na Deputación de Ourense aprobou o Partido Popular unha moción impulsada polo BNG para impulsar a participación pública no sector enerxético, na hidráulica e no eólico. Ata ese punto é a contestación da política enerxética do pasado e obsoleta do Partido Popular.

En todo caso, se queren propostas van ter propostas e van ter unha moción que estou convencida de que igual apoian dentro de quince días. Porque nós somos moi amigos da pancarta, de reivindicar os dereitos sociais, por suposto, pero tamén moi amigos de facer propostas. Vostedes nin unha nin a outra.

En primeiro lugar, propoñémoslles que cren realmente unha empresa pública de enerxía A nosa proposta é a constitución dunha empresa pública de enerxía que estea liderada pola Xunta e aberta á participación de entidades locais. Propoñemos a fórmula de sociedade mercantil pública e que o obxectivo sexa xestionar unha carteira de participacións significativas

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

no ámbito da xeración e tamén no ámbito da distribución do autoconsumo das comunidades enerxéticas.

En segundo lugar, fomentar tamén a participación pública e directa e de interese social nos proxectos de iniciativa privada.

E terceira proposta, hai que ir tamén a un cambio de paradigma sobre como se xestionan os recursos naturais. Non é de recibo que hoxe en día unha empresa eólica se instale e teña esa concesión de por vida. Propoñemos facer un cambio de modelo e que se declare o aproveitamento enerxético do vento como dominio público suxeito a autorizacións en réxime de concesión e que, polo tanto, non sexa algo *sine díe*, para toda a vida, regalando os nosos recursos naturais e a expensas do que as empresas privadas decidan.

Polo tanto, se queren propostas aí as teñen. Pero conteste, señor Conde: ¿rectifican e asumen o seu erro ao renunciar á participación pública e avanzar na liberalización absoluta do sector enerxético si ou non? Dea a cara e dea a súa resposta aquí.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da interpelación, Vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Presas, efectivamente, o Bloque Nacionalista Galego está apoiando o Partido Socialista e con ese apoio está permitindo: primeiro, que o prezo eléctrico en España sexa un corenta por cento máis caro que dende o ano 2018; segundo, que o prezo eléctrico que teñen que asumir as empresas sexa o dobre do que tiñan que asumir en España dende o primeiro semestre do ano 2018; terceiro, o Bloque Nacionalista Galego está permitindo nestes momentos que se poidan desenvolver proxectos eólicos e tramitar proxectos eólicos sen as garantías medioambientais e sen participación pública. Iso é o currículo do Bloque Nacionalista Galego en materia de desenvolvemento eólico. *(Aplausos.)*

A pregunta é por que vostedes non están apoiando precisamente que o seu socio —porque a coherencia sería que non o fose, pero é o seu socio e vostedes estano apoiando— retire ese procedemento de tramitación exprés e polo tanto que se aplique a avaliación ambiental ordinaria. Iso é o que está facendo o Bloque Nacionalista Galego.

En calquera caso, efectivamente, a Xunta de Galicia está promovendo unha lei de promoción dos beneficios sociais e económicos. Estámolo facendo porque pretendemos que os beneficios que se xeran no desenvolvemento eólico teñan un impacto directo sobre a nosa industria, sobre as nosas familias e, en definitiva, sobre o noso territorio.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nós o que pretendemos é aproveitar esa oportunidade permitindo que, a través da tramitación dos diferentes parques, se poidan identificar os diferentes efectos, tanto sociais como económicos, dos proxectos. E isto é o que vai permitir, señora Presas, determinar en que proxectos vai ter a sociedade mixta que prevemos crear con outros axentes públicos e privados a oportunidade de desenvolver este tipo de proxectos.

A clave da lei e a clave desta sociedade mixta será que parte dos beneficios polo aproveitamento dos recursos naturais vai poder ter un impacto directo positivo na sociedade galega, especialmente nas zonas máis implicadas neste proceso de transición enerxética. E niso nós traballaremos. E estableceremos un canon que grave as liñas de evacuación da eólica mariña, un desenvolvemento do cal vostedes tamén están en contra.

Polo tanto, imos traballar para que a través desta lei e a través desta sociedade mixta poidamos xerar un impacto positivo e que ese impacto positivo sexa directo sobre as nosas familias e sobre as nosas empresas.

Vostedes non queren falar das necesidades da industria. Vostedes non queren falar tampouco do prezo eléctrico que están asumindo os nosos consumidores e as nosas familias. E vostedes tampouco queren falar da defensa dos intereses de Galicia no desenvolvemento dos proxectos industriais vinculados ao Next Generation. Non queren falar tampouco das necesidades que teñen eses proxectos precisamente de enerxía renovable. Porque, señora Presas, o proxecto de Nervión para fabricar compoñentes de eólica mariña, o proxecto de Altri para producir fibras téxtiles sostibles e o proxecto de Stellantis para producir vehículos eléctricos precisan enerxía renovable que vostedes lles queren vetar. Polo tanto, nós aí non imos participar.

Nós entendemos, señora Presas, que o progreso é perfectamente posible en Galicia grazas precisamente ao desenvolvemento da enerxía renovable. E vostedes, lamentablemente, seguen no inmobilismo. Vostedes están quedando atrás, señora Presas, e no que deberían traballar é precisamente en como revitalizar a industria galega para que, a través dun uso racional, compatible e sostible dos nosos recursos, poidamos xerar máis riqueza, poidamos xerar máis emprego e podemos xerar máis benestar para a sociedade galega.

En definitiva, nós, señora Presas, imos seguir traballando para xerar máis Galicia. Seguramente vostedes deberían ser máis prudentes. E xa que fixo vostede unha referencia ás pancartas, eu o que lle diría é, señora Presas, ¡menos pancartas e máis traballar!

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pasamos ao punto 8 da orde do día, preguntas ao Goberno.

Comezamos coa pregunta de dona Montserrat Prado, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pregunta de Dª Ana Pontón Mondelo e dezaoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a xustificación para que a Xunta de Galicia inicie a tramitación para a ampliación do vertedoiro de residuos de Bander Residuos, S.L.U, no concello de Silleda

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Moi boa tarde.

Antes de máis, permítanme que saúde os veciños e veciñas de Silleda e de Vila de Cruces, que nos acompañan na tribuna e que están pendentes da contestación que vostede vai dar hoxe aquí, señora conselleira.

Porque a publicación no DOG da solicitude de modificación substancial da autorización ambiental integrada para o vertedoiro de residuos coñecido como Campomarzo, situado no concello de Silleda, fixo saltar absolutamente todas as alarmas entre a veciñanza. Unha alarma que no BNG consideramos máis que xustificada, porque a afectación que suporía a aprobación deste proxecto é enorme.

Solicitan a ampliación do vertedoiro existente co obxecto de poder albergar unha maior capacidade, ata chegar aos case oitocentos mil metros cúbicos de residuos e acoller todo tipo de residuos: desde residuos de minas e canteiras, químicos, orgánicos e inorgánicos, agricultura, caza e pesca, preparación e elaboración de alimentos, de industria, de coiro e téxtil, produtos farmacéuticos, servizos médicos e veterinarios, pinturas, vernices, esmaltes, tintas, residuos de centrais térmicas, de industria do ferro, de cemento, de cal, de plásticos, de tratamento de augas residuais... Creo que con esta enumeración —e quédanme bastantes fóra— podemos ter unha clara imaxe do que supón este macrovertedoiro. O proxecto prevé a creación de tres balsas de distinto tamaño que acumularían no seu conxunto máis de medio millón de litros.

O BNG súmase á preocupación da veciñanza, que non entende como sorprendentemente a Xunta, o departamento que vostede dirixe, lle devolveu o aval á anterior empresa deste vertedoiro sen exixir nin a solución á degradación producida polo vertedoiro existente, sen que se realizase ningunha obra de restauración nin retirada do material contaminante e impropio, nin presentar un proxecto de uso para o vertedoiro. Unha empresa sancionada por múltiples ilegalidades na xestión de residuos de obra e industriais. Sorprende que non fixese isto e, pola contra, inicie unha tramitación para aumentar e perpetuar a degradación e o impacto. A primeira pregunta é, señora conselleira: ¿como é posible que lle devolvan o aval a unha empresa con este nivel de incumprimento?

Os riscos deste proxecto son moitos, empezando polo vertido de metais pesados ao medio e aos leitos próximos. O sistema de depuración —segundo todos os técnicos— mediante ósmese inversa e tecnoloxía de membranas non impide que os metais pesados cheguen ao leito dos ríos —do Toxa, do Ulla— e, polo tanto, tamén á ría de Arousa. Tamén existiría a liberación de gases polo proceso de descomposición, a creación de atmosferas explosivas pola

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

falta de osíxeno, o risco de incendios, o tránsito de camións, afectacións a hábitats prioritarios, a especies protexidas... Polo tanto, señora conselleira, ¿cal é a posición da Xunta respecto a este proxecto con tan graves impactos ambientais? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Aplausos.)

Resposta da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dona Ángeles Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, señor presidente.

Señora Prado, a verdade é que son vostedes grandes especialistas en alarmar a poboación. Neste caso, tocoulles aos veciños de Silleda.

A xustificación que vostede me pide de que imos facer e de por que se está tramitando é moi simple: a Xunta o que está é cumprindo estritamente coa legalidade e estamos nun momento incipiente; estamos dando os primeiros pasos.

Non sei se vostedes alí onde gobernan se unha empresa presenta un proxecto de repente deciden que se mete no caixón e, polo tanto, non hai tramitación. ¿Están facendo iso vostedes na Deputación, por exemplo, de Pontevedra, ou na Deputación da Coruña ou nos concellos nos cales vostedes están gobernando? Iso é o que fai única e exclusivamente neste momento a Xunta de Galicia.

O proxecto para a ampliación do vertedoiro de Silleda está sendo sometido ao procedemento de avaliación ambiental ordinaria que, como se verá, é o método máis garantista que está establecido por lei. Ademais, foi o que esixiu a Xunta de Galicia. Non o exixen vostedes de repente aquí cunha pregunta, non; exíxeno os técnicos da Xunta de Galicia. Nin sequera é un criterio político, porque aquí non hai criterio político; aquí o que hai é o cumprimento estrito da legalidade.

De feito, hoxe por hoxe o único procedemento que nos permite poder determinar se un proxecto se pode levar a cabo ou non é seguir esta tramitación. E esta tramitación ambiental, como en todos os casos, inclúe a solicitude de todos os informes sectoriais correspondentes; é dicir, que se está preto un río ten que ser ou Augas de Galicia ou a Confederación. E non só a solicitude deses informes sectoriais, senón que tamén é determinante o informe que poida facer o Concello de Silleda.

Polo que, como non podería ser doutro xeito, o que estamos facendo polos veciños de Silleda —ao igual que facemos co resto dos veciños— é actuar con total transparencia. E, por suposto, contarase coa participación dos cidadáns, as administracións e as entidades que queiran formar parte durante este proceso, como facemos con calquera tipo de proxecto que nos chegue. Porque, señora deputada, o que non recolle ningunha lei é que a Xunta se poida

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

negar a tramitar un proxecto deste xeito de maneira discrecional, porque iso ten un nome, ¿sabe? Iso é prevaricar, e supoño que iso non o está pedindo vostede.

Facemos memoria. Efectivamente, o vertedoiro contaba cunha autorización ambiental do ano 2010 para residuos non perigosos; concretamente, construción e demolición. Posteriormente, foi adquirido por outra empresa e obrigouse a un cambio de titularidade. É aquí cando a Xunta obriga a esa modificación substancial —porque a hai— da autorización ambiental integrada para a ampliación dun vertedoiro de residuos non perigosos de maior capacidade. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señora Prado.

A señora PRADO CORES: O primeiro que teño que pedir, señora conselleira, é que non lle falta ao respecto á veciñanza nin de Vila de Cruces nin de Silleda, porque son capaces de pensar por si mesmos e de ver o que está acontecendo. *(Aplausos.)* Son capaces, pensan por si mesmos e ven o que está acontecendo. *(Aplausos.)*

Mire, vostede vén aquí e ponse toda exquisita dicindo que van exixirlle o estrito cumprimento da legalidade, pero vostede non o fixo. Porque non lle exixiu o cumprimento do Plan de restauración á anterior empresa que tiña a autorización para un vertedoiro de inertes e seis anos despois de que estea inactivo esta é aínda a foto: lixiviados. *(A señora Prado Cores amósalles unha foto aos membros da Cámara.)* Isto verde non é vexetación; son lixiviados que están a escasos metros do Toxa. Entón, non se poña exquisita dicindo que vai exixir o cumprimento da legalidade, porque vostede é unha experta en non facelo.

Entón, polo tanto, o que lle pedimos hoxe aquí no nome da veciñanza e no nome da plataforma que constituíu libremente a veciñanza é que vostede atenda as alegacións presentadas pola plataforma e as alegacións presentadas polo Concello e non autorice esta declaración ambiental, porque non cumpre absolutamente ningún dos requisitos.

Porque teño que lembrarlle que é un vertedoiro que está situado a escasos metros do río Toxa. Polo tanto, do Toxa vai ao Ulla e do Ulla vai á ría de Arousa, a escasos metros da Rede Natura, de onde se capta auga para a veciñanza de Merza, nunha zona protexida incluída no sistema fluvial Ulla-Deza, inundable e de alta permeabilidade. É dicir, son todas cuestións que deberían levar a que hoxe vostede aquí dixese que, efectivamente, están tramitando unha petición, pero que nesa ubicación non se pode permitir un macrovertedoiro destas características.

E eu o que lle pido hoxe aquí tamén, señora conselleira, é que vostedes non actúen unha vez máis de comerciais das empresas, neste caso dunha empresa que ve pingües beneficios nun vertedoiro para residuos altamente contaminantes, e se poña do lado da veciñanza. Póñase do lado da veciñanza, que ten dereito a ter calidade de vida; do lado da protección ambiental, do lado da protección dos cauces dos ríos, dos hábitats e, en resumo...

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Terminou o seu tempo.

(Aplausos.)

Peche da pregunta. Conselleira de Medio Ambiente.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Señora Prado, non son exquisita; son clara e son transparente.

Eu agradeceríalle unha cousa. Se vostede cre que eu son experta en incumprimento da legalidade ten unha obrigación. Sabe a onde ten que ir; non ten que dicilo aquí simplemente por un puñado de votos. *(Aplausos.)* ¡Fágao! Vaia onde teña que ir; invítoa. *(Aplausos.)* Iso é o primeiro.

En segundo lugar, cando a Xunta de Galicia informa desfavorablemente dun vertedoiro non é porque vostedes viñesen aquí ou porque se reunisen cos veciños; é porque non cumpre coa lei. E pódolle dicir casos como Santa Icía, en Arteixo, que non cumprían coa lei, ou o proxecto Toysal, en Teo, que tampouco cumprían coa lei. ¿Pensa que porque vostede veña aquí de repente e me chame a min «exquisita» cumpre ou non cumpre? É un criterio técnico; non é un criterio político.

E por suposto que velamos polos veciños. Non son vostedes os que andan velando polos veciños, se non ¿como estariamos? Aquí din unha cousa e, cando lles apetece, noutro lado din a contraria. *(Aplausos.)*

Hai 375 alegacións presentadas. Serán 375 alegacións que se están estudando e, por suposto, ás cales se lles vai dar resposta. E, se hai incumprimento, nós estamos ao lado dos veciños, igual que tamén estamos ao lado das empresas para que desenvolvan a súa economía.

Eu esta mañá aquí escoitaba que de repente en Galicia caían moitísimos postos de traballo. ¡Pero se a vostedes non lles serve nada! Nós o que facemos é equilibrar; estamos ao carón duns e ao carón doutros.

Por iso, temos unha autorización ambiental nunha fase que é a ordinaria, cunha participación pública e con 375 alegacións. Pedimos todos os informes sectoriais. Eses informes sectoriais que veñen dos distintos organismos, incluído o Concello, avalíanse e créame que se hai incumprimento non se vai dar ningunha autorización por parte da Xunta de Galicia.

Eu o que si lle pido é un mínimo, e ese mínimo é que respecten os técnicos e que respecten os seus tempos. E, ¡home!, se xa me pon esa cara de que non hai que respectar os técnicos, entón é que temos un gran problema.

A conselleira non firma *(A señora Prado Cores mostra un documento ao resto da Cámara.)* se a autorización ten que ser favorable ou ten que ser desfavorable. A conselleira vela polo cum-

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

primento. E se vostede ve que iso non é así, xa sabe o que ten que facer. O único que lles teño que dicir aos veciños de Silleda é que estamos facendo o posible, e que se hai un mínimo de incumprimento, a ampliación dese vertedoiro non se vai levar a cabo, e que estean tranquilos, xa que para alborotar xa están vostedes. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de Dª María Begoña Freire Vázquez e nove deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o investimento do Goberno galego na compra e rehabilitación dos inmobles adquiridos en Ourense no marco do programa Rexurbe

A señora DÍAZ MOUTEIRA: Grazas, presidente.

Conselleira, os nosos cascos históricos foron no seu día o centro da actividade diaria de milleiros de persoas que alí deixaron a súa pegada e unha herdanza en forma de patrimonio que non debemos perder. En maior ou menor medida, todos lembramos a intensa vida que bulía nos cascos históricos, verdadeiros eixos da actividade social, comercial e de ocio. O seu abandono e o seu descoido provocaron que os seus veciños marchasen, que os negocios pechasen e que os edificios e espazos públicos se deteriorasen.

A nosa obriga é conservar ese pedazo de historia, ofrecendo á veciñanza a oportunidade de residir nos casos vellos e mesmo cunha maior calidade de vida que noutras áreas urbanas, pois a meirande parte destas zonas carecen de tráfico e a interacción social é moito maior ao darse a identificación de barrio.

Nos últimos anos, o Goberno galego veu intensificando a súa aposta pola rehabilitación de vivendas en Galicia, a través da convocatoria de distintas liñas de axuda destinadas a preservar o patrimonio construído, a mellorar as condicións das vivendas dos galegos e así incidir nunha mellor calidade de vida dos cidadáns. En abril do ano 2019, aprobouse no Parlamento de Galicia a Lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, que incluía a creación da figura da área Rexurbe, co obxectivo de actuar de forma directa en conxuntos históricos degradados, a través de compra de inmobles para rehabilitar, obter vivendas de promoción pública e destinalas a alugueiro social a prezos asequibles.

Conscientes do importante papel que os cascos históricos xogaron na historia de Galicia e das súas xentes, estamos a ver, conselleira, como se está a actuar preferentemente en zonas cun maior número de edificacións ou solares en estado de abandono ou semiabandono, procurando concentrar intervencións para conseguir un maior impacto na rexeneración urbana. A Xunta de Galicia, conselleira, acaba de adquirir, neste mes de marzo, dous inmobles no caso histórico de Ourense, concretamente na rúa Colón, no marco deste programa. Estas novas compras súmanse a outras que a Consellería de Medio Ambiente, a través do IGVS, xa adquirira no conxunto histórico da cidade de Ourense. Deste xeito, camíñase cara á recuperación de importantes espazos urbanos, conseguindo dinamizalos economicamente, protexendo patrimonio, fixando poboación e permitindo, ademais, optar a diferentes medidas e instrumentos de financiación. É unha normativa de desenvolvemento específico para esta área de rexeneración urbana de interese autonómico.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Dende o Grupo Parlamentario Popular, conselleira, formulámoslle a seguinte pregunta: ¿cal é o balance e a canto ascende o investimento do Goberno galego na compra e rehabilitación dos inmobles adquiridos en Ourense no marco do programa Rexurbe? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, presidente.

Señora Díaz, as previsións da Xunta de Galicia están materializadas na Estratexia de vivenda que levamos recentemente ao Consello da Xunta, na que plasmamos un obxectivo. Ese obxectivo é o incremento no cincuenta por cento do parque público residencial de Galicia ata alcanzar as 5.600 vivendas no ano 2026, co cal, aos preto de 3.800 inmobles que actualmente temos en propiedade, se van sumar 1.800 máis. Pero un dos piares fundamentais da recuperación do xa construído é o programa Rexurbe. Trátase de adquirir inmobles nos conxuntos históricos e, unha vez rehabilitados, cualificar as vivendas como de promoción pública para ser adxudicadas en réxime de alugueiro, tendo preferencia, sobre todo, polos xoves de menos de trinta e seis anos. Actualmente dispoñemos en toda Galicia dun total de 81 inmobles, dos que 18 xa están restaurados; adquirimos recentemente outros 10, polo tanto, estamos en 191 inmobles e prevemos obter arredor de 157 vivendas.

Un dos concellos nos que estamos actuando neste marco é en Ourense, no seu casco histórico. Efectivamente, no mes de marzo adquirimos dous novos inmobles por 370.000 euros: un en Colón, número 18, por 230.987 euros, que está composto por un baixo e dous andares e conta cunha superficie en planta de cento catro metros cadrados, ao que hai que sumar un patio traseiro de cincuenta e oito metros cadrados; e outro inmoble, na mesma rúa, número 8, que custou 136.641 euros e que dispón de baixo e catro plantas, cunha superficie en planta de cen metros cadrados. Agora, imos rehabilitalos para ofrecer novas vivendas públicas e —como xa dixen— estas serán adxudicadas en réxime de alugueiro. Tras a última, compra contamos xa no casco histórico de Ourense con seis inmobles que imos destinar a vivenda social. Xa adquiriramos catro, por 518.000 euros, e actualmente están en redacción os proxectos de rehabilitación de tres deses inmobles, que están situados nas rúas Pelaio, número 9, Manuel Sueiro, 3, e Liberdade, 28. Estes traballos, xunto coa dirección de obra de rehabilitación, foron adxudicados o pasado mes de outubro por 102.000 euros.

Polo tanto, señora Díaz, estamos traballando na recuperación do centro histórico de Ourense, poñendo as bases para a recuperación do patrimonio xa construído e, por suposto, facendo o posible para rexurdir os cascos históricos. Iso si, facémolo con transparencia, dicimos onde están e non como as que nos ofrece da Sareb o Goberno central, pois moitas delas andámolas buscando porque están ás agochadas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, a señora Díaz Mouteira.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora DÍAZ MOUTEIRA: Grazas, presidente.

A área Rexurbe conselleira é declarada por solicitude dos concellos; por solicitude dos concellos e dos núcleos históricos catalogados como BIP, que se atopen especialmente degradados, e outros que, pola súa singularidade e polo seu deterioro, precisen dunha especial actuación. Insisto na expresión «por solicitude dos concellos». Estes están chamados a xogar un papel fundamental no desenvolvemento do programa Rexurbe, baixo unha necesaria premisa de cooperación e colaboración entre administracións. E quero destacar esta frase, porque dende o Grupo Parlamentario Popular somos coñecedores da disposición da Xunta de Galicia para colaborar, e no caso concreto que nos ocupa no día de hoxe falando do Rexurbe en Ourense, para colaborar co Concello de Ourense en todo o relativo ao urbanismo e ás políticas de vivenda. O casco histórico de Ourense segue a precisar desa intervención urxente debido ao seu actual estado, e en maio de 2022, co Partido Popular á fronte da Consellería de Urbanismo do Concello de Ourense, ditouse providencia pola concelleira delegada, dispoñendo que se iniciasen os trámites oportunos para a solicitude de declaración da área Rexurbe do conxunto histórico de Ourense. Levamos case un ano perdido, conselleira, xa que, polo que consta a este grupo parlamentario, o alcalde da cidade de Ourense non a solicitou no día de hoxe con toda a documentación lista e preparada polo partido Popular.

O Goberno da Xunta puxo en marcha este programa, sendo, polo tanto, os concellos galegos os que deben dar o paso para iniciar as tramitacións e as actuacións que prevén o Rexurbe. No día de hoxe, conselleira, ¿consta formalizada a solicitude do Concello de Ourense para a declaración da área Rexurbe? ¿Cal é a aposta desta conselleira, desta consellería e da Xunta de Galicia en materia de vivenda en Ourense?

Agradecendo a súa resposta, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Mouteira.

Peche da pregunta, a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas.

Señora Díaz, coincido con vostede en que sería moi interesante que Ourense tivese unha área Rexurbe; de feito, complementaría as distintas actuacións que está levando a cabo a Xunta de Galicia.

Esta figura non so é para adquirir e para rehabilitar, senón que vai moito máis alá. Vai máis alá, porque axuda a conter o despoboamento dos barrios, aposta por desenvolvelos e dinamizalos economicamente e por fomentar a concienciación e a importancia da rehabilitación. Actualmente temos sete áreas Rexurbe declaradas en toda Galicia, e considero que Ourense debería seguir o camiño emprendido por Mondoñedo, pola Coruña, por Ribadavia, por Tui, por Ribadeo, por Ferrol ou por Betanzos.

Son coñecedora de que houbo contactos entre a Xunta e o Concello neste sentido, pero non se conseguiu obter ningún resultado. Sei que se ditou providencia, dispoñendo que se ini-

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ciasen os trámites, e, ademais, fíxoo naquel momento a concelleira de Urbanismo. Seica, ademais, xa está elaborada a memoria técnica e outra documentación necesaria, pero pasou case que un ano e non recibimos absolutamente nada, co cal é un ano perdido para Ourense. Con todo, a Xunta segue coa man tendida, e estamos á disposición do Concello de Ourense para calquera tipo de axuda ou de asesoramento neste proceso de declaración. Considero que é vital a colaboración entre administracións para conseguir o mellor para os veciños, traballando man a man e, polo tanto, para conseguir rexurdir este fermoso casco histórico de Ourense, que está ben abandonado. A mesma man que tendemos para isto, créame que tamén a tendemos para que, dunha vez por todas, teñan Plan xeral de ordenación municipal, sobre o cal tampouco temos ningún tipo de noticia, e estamos dispostos, por suposto, a colaborar. E colaboramos noutro campo, que é tamén en ampliar o parque de vivenda que, neste caso, é vivenda nova. E para iso adquirimos recentemente tres parcelas por 850.000 euros; estas tres parcelas eran da Sareb, porque parece que cando se di que nolas ceden é porque nolas dan gratis. Non, non. a Xunta de Galicia paga cos impostos de todos os galegos, polo tanto, adquirímolas; o Goberno central non regala nada. Aquí se van construír preto de setenta vivendas de promoción pública; unhas vivendas que se van destinar ao alugueiro para familias con ingresos inferiores a 2,5 veces o Iprem, e, polo tanto, estamos xa traballando niso. Serán tres inmobles; o custo destes tres inmobles son once millóns de euros, e, polo tanto, a previsión que temos é licitar o contrato e a redacción do proxecto para adxudicar as obras entre este ano e principios do vindeiro ano, para que estas vivendas sexan unha realidade no ano 2025.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de Dª María Leticia Gallego Sanromán e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia para completar as fases dúas e tres de humanización da avenida de Vigo, en Chapela, no concello de Redondela

A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Boa tarde, conselleira.

O 12 de maio de 2017, a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Redondela asinaban un convenio de colaboración para realizar as obras de mellora da estrada PO-323 Chapela-Vigo, pertencente á Rede secundaria de estradas da Xunta de Galicia. Parte da avenida de Vigo está nunha situación de total abandono e deterioración por parte do seu Goberno. As obras da primeira fase de humanización desta rúa, ao seu paso polo tramo comercial do núcleo urbano de Chapela, comezaron a principios de abril de 2017. No día de hoxe, o Goberno municipal de Redondela e a veciñanza desta vila seguen esperando pola resolución das fases 2 e 3 da humanización da avenida de Vigo, parada dende hai máis de catro anos, dende que se rematou a primeira fase, no ano 2018. Na obra incluíanse a renovación integral das beirarrúas e a súa ampliación para facilitar o tránsito de peóns nesta zona concorrida, na que

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

se sitúa o mercado municipal, a alameda e os principais establecementos comerciais da parroquia de Chapela. Pódese ver claramente onde comeza e onde remata a reforma das beirarrúas. Vostedes completaron menos do cincuenta por cento do proxecto dende que comezou en 2017, cando nun principio vostedes prometían rematar a humanización na súa totalidade en dezaoito meses. Como outros moitos grandes proxectos, demóstrase, tempo despois, que non eran máis que anuncios puramente electoralistas. Eses anuncios quedan agora en evidencia, xa que para esas obras non hai ningunha partida orzamentaria para este ano nos orzamentos da Xunta de Galicia a pesar de que este grupo trasladou á Xunta de Galicia, a través das emendas dos orzamentos autonómicos para este ano, unha emenda para humanizar a avenida de Vigo nesta vila; emenda que, por suposto, foi rexeitada polo Goberno galego, como xa estamos acostumados.

Este grupo parlamentario reclama o cumprimento dos compromisos adquiridos con este municipio e coa súa veciñanza por parte da Xunta de Galicia; reclama concretamente que remate esa humanización da avenida de Vigo. Eu estiven alí hai un mes e puiden ver como nas beirarrúas había socavóns, como as beirarúas estaban esnaquizadas, había partes sen beirarrúa e, por suposto, eran inaccesibles; é imposible ir por alí cunha cadeira de rodas ou cun carro de bebé.

Este problema está causando moito malestar entre a veciñanza de Chapela que demanda unha solución a este problema. Por iso, a Xunta de Galicia ten que arranxar, dunha vez por todas, estas beirarrúas. ¿Ten pensado a Xunta de Galicia facer a fase 2 e 3 desta humanización? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, dona Ethel María Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

O certo, señoría, é que ten unha peculiar forma de ver a política porque o certo é que, cando un concello ou un alcalde, neste caso alcaldesa, ten como actuación estratéxica unha actuación concreta, dende logo, realiza xestións e son xestións que soen facer moitísimo alcaldes, como presentar un proxecto e tamén, por suposto, propoñer un convenio de colaboración, porque, como xa dixo vostede, a primeira fase foi consecuencia dun acordo dun convenio de colaboración. *(A señora deputada Gallego Sanromán pronuncia palabras que non se perciben.)*

Para min, que utilice a veciñanza de Redondela como arma electoralista a un mes das eleccións, o certo é que esa é a súa peculiar forma de ver as cousas. Cando un concello —insisto—, un alcalde ou unha alcaldesa, ten un asunto prioritario estratéxico que realizar, moitas veces o primeiro que fai loxicamente é traer un anteproxecto, coas cousas e o proxecto e a obra que quere, dende logo, sacar adiante, con previsións orzamentarias, por suposto, con esforzo, con ganas de colaborar e de chegar a acordos.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E fala vostede das emendas. Vostedes presentan emendas e incluso sen consensuar con ninguén, e por facer emendas tamén hai que sacar orzamento doutro lado. Vostede pretende que, con esa emenda que comenta vostede e coa pregunta de hoxe, se tape a inacción do Goberno municipal. Iso é o que pretende e non o vai conseguir, porque o certo é que, cando un alcalde ten como prioridade unha actuación concreta, realiza traballos, xestións e proxectos.

Eu volvo insistir, no ano 2018 fíxose unha obra; fixemos unha obra cun convenio de colaboración. A Administración local cofinanciou, porque estamos a falar tamén de servizos de competencia municipal, e rematouse con 2 millóns de euros investidos, dos cales, 370.000 euros financiou a Administración local do Concello de Redondela. Esta foi a xestión que realizou no seu momento o Concello. ¿Que xestións realizou no día de hoxe —nestes catro anos— o Concello de Redondela? ¿Que fixo para contribuír, para que se sacase adiante esa actuación? Son moi belixerantes coa Xunta de Galicia, pero co Goberno de España, nada.

Vostede fala de emendas, fala de orzamentos. Eu non sei onde estaban vostedes para os Next Generation, xa que o noventa e sete por cento dos concellos quedaron fóra, como o de Redondela, polos fondos Next Generation de mobilidade sostible. ¿Onde estaban vostedes? Belixerancia coa Xunta de Galicia para todo, con toda a súa forza; pero cando vemos cuestións sangrantes no Goberno de España, como hai tamén pantallas acústicas en Redondela, calan.

As emendas —como digo— non poden tapar e agochar a inacción do Goberno municipal. Non queira agora vir vostede trasladar á Xunta de Galicia a inacción do Concello de Redondela, xa que na, miña opinión, tiña que ser máis proactivo.

Pola miña parte nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señora Gallego.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Señora conselleira, fala vostede de mala xestión da alcaldesa de Redondela e da pouca proactividade. ¿E que me diría vostede da xestión dunha conselleira que non responde os escritos dunha alcaldesa?: *(A señora deputada Gallego Sanromán mostra un documento ao resto da Cámara.)* 3 de outubro de 2022, escrito da alcaldesa de Redondela; *(A señora deputada Gallego Sanromán mostra outro documento ao resto da Cámara.)* 16 de setembro de 2022, escrito da alcaldesa de Redondela; *(A señora deputada Gallego Sanromán mostra un outro documento ao resto da Cámara.)* 27 de decembro de 2021, un escrito da alcaldesa de Redondela enviado a vostede, señora conselleira. E ningún destes escritos foi respondido; non houbo resposta. Ninguén respondeu estes escritos. *(Aplausos.)* ¿Que é desta xestión? Esta xestión, esta proactividade... Fala de proactividade e todos estes escritos eran para falar con vostede desta situación, ¡desta situación! Esta é a xestión da súa consellería, señora conselleira.

E xa non falemos da pouca rigorosidade —de verdade—, da pouca seriedade, pois veñen vostedes unha e outra vez —dá igual do que se fale— falar do Goberno de Pedro Sánchez.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xa está ben, ¡xa está ben! Estamos falando dunha estrada autonómica, non de Pedro Sánchez; están vostedes obsesionados con Pedro Sánchez, *(Murmurios.)* están obsesionados con Pedro Sánchez, de verdade. É que, de verdade, é que me parece unha falta de rigorosidade.

Voulle volver preguntar: ¿vai vostede facer o proxecto completo da fase 2 e 3 da avenida de Vigo, en Chapela, no concello de Redondela? E non me veña vostede outra vez falar do Goberno de España, de verdade.

E mire, voulle dicir unha cousa: realmente, os únicos que prexudica non facendo estas obras son os veciños e veciñas de Chapela; non prexudica a alcaldesa...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Gallego.

A señora GALLEGO SANROMÁN: ...moito menos prexudica esta deputada. *(A señora deputada Gallego Sanromán pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Grazas.

Peche da pregunta, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): ¿Ten orzamento consignado o Concello de Redondela para esta actuación, xa que ben fala de orzamentos ou de emendas —para cofinanciar, digo—? Eu creo que, dende logo, a delegada da Xunta recibiu a alcaldesa de Redondela. Vexo aquí electoralismo puro, señoría.

Fálame de emendas, entre as que, dende logo, poderiamos falar da emenda da remodelación integral do porto de Cesantes, cando foi a propia confraría que renunciou e fan a emenda para que se faga —unha emenda absurda—; ou podemos falar da incapacidade do Concello de Redondela. E voulle poñer exemplos da incapacidade do Concello de Redondela en poñer en marcha servizos concedidos pola Xunta de Galicia. Aprobouse a creación dun grupo de emerxencias *(A señora deputada Gallego Sanromán pronuncia palabras que non se perciben.)* con dúas subsedes; unha en Mos e outra Redondela. A de Mos leva operativa máis dun ano e a de Redondela, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* dende logo, non se sabe. Polo tanto, hai incapacidade e ineficiencia no Concello de Redondela. Tamén se ía construír unha pista de atletismo ao aire libre, no IES de San Simón. A alcaldesa rexeitou a actuación, e, polo tanto, en catro anos non fixeron nada e veñen aquí un mes antes das eleccións intentar resolver todo nun mes *(Vólvense pronunciar palabras que non se perciben.)* e agochar o que non fixeron, dende logo, en catro anos. O anteproxecto, que podería facer o Concello e que podería remitir o Concello para falar dun proxecto concreto e coa partida orzamentaria concreta, dende logo, a min no se me remitiu.

E, como digo, esa primeira fase foi consecuencia dun acordo cunha partida orzamentaria municipal de 370.000 euros do Concello de Redondela para achegar e que achegou. Polo tanto, o que vemos é que este concello, nestes catro anos, non achegou un anteproxecto, nin proxecto, nin proposta de convenio para colaborar e, como comprenderá, as obras non se fan por arte de maxia; as obras fanse con base en acordos e, sobre todo, con proxectos técnicos sobre os que falar. Pretende enganar.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Tamén me fala de cuestións políticas. Nós temos unha planificación moi clara en materia de estradas para actuar nos TCA. Non hai criterios políticos, señoría, porque lle vou relatar: catro millóns de euros na avenida de Galicia, en Teis. Pero, ¿onde está Teis? Catro millóns de euros. Na PO-223 e PO-224, en Pontevedra, dous millóns de euros. ¡Ah!, ¿goberna o Partido Popular en Pontevedra?; *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* gobernará, pero no día de hoxe non goberna, e estamos investindo nestas actuacións. *(Murmurios.) (Aplausos.)* Na PO-546, Pontevedra-Marín, dez millóns de euros. E podería seguir: *(Un señor deputado:* ¡En Vigo!*)* en Moaña, en Cangas, en Bueu... Polo tanto, señoría, cuestión política ningunha. *(Murmurios.)* E pregúntome onde está o cofinanciamento do Concello de Redondela e onde está o proxecto *(A señora deputada Gallego Sanromán pronuncia palabras que non se perciben.)* porque cando teña un proxecto e cofinanciamento, aí nos terá para avanzar nunha humanización.

Pola miña parte nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia para garantir un acceso apropiado ao polígono de Areas nas obras da vía rápida Tui-A Guarda

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Señora conselleira, este funil, *(O señor deputado Bará Torres mostra o recorte dunha imaxe ao resto da Cámara.)* —mire— este funil-tubo é unha obra da súa consellería; unha obra non, é unha chapuza da súa consellería. Só se pode chamar así, señora conselleira. Este túnel-tubo é o paso de conexión de acceso da autovía A-55 ao polígono de Areas, en Tui, e tamén ao outlet de Tui. De verdade, señora conselleira, ¿vendo esta imaxe pretenden vostedes que pase por aquí o tráfico pesado de camións articulados, de tráileres, que teñen que acceder a un polígono industrial? ¿De verdade? E, ¿de verdade que vostedes pretenden que pasen por aquí, *(O señor deputado Bará Torres mostra outro recorte doutra imaxe ao resto da Cámara.)* por este funil, con esta beirarrúa ridícula de menos de trinta centímetros, as persoas que teñen que desprazarse a pé por esta zona de Areas ou de Randufe? *(Aplausos.)* Estas non son unhas beirarrúas ridículas, son unhas beirarrúas ilegais.

Espero que me dea unha explicación sobre se vostedes pretenden que esta obra quede así. ¿Que van facer para corrixir este despropósito? Porque, señora conselleira, este funil, este tubo, forma parte dunha obra que leva xa máis de 31 millóns de euros de investimento. Esta conexión da A-55 co polígono de Areas empezou en 2017 e co incremento de prezos está agora en —segundo dixeron vostedes— 31 millóns. Ademais, é unha obra que xa leva dúas adxudicacións á mesma empresa, porque anteriormente foi adxudicada, no ano 2009, a unha UTE formada por Copasa e mais Acciona. Esa obra, despois de desfacer e dividir a parroquia con destrozos e terrapléns, quedou sen rematar, con este funil feito, e quedou aí empantanada. Estivo paralizada durante oito anos e, despois, vostedes, no ano 2021, volveron adxudicala, curiosamente, á mesma empresa; á empresa Copasa pero, agora, en UTE con COVSA.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pois ben, naquel momento vostedes fixeron públicos os planos e aquí se ve claramente que hai dúas rotondas na zona *(O señor deputado Bará Torres mostra máis outro recorte dunha imaxe ao resto da Cámara.)* —neste chamado semienlace de Areas— e unha vía que pasa por debaixo da autovía supostamente de dobre dirección. Pero a realidade do que hai alí é isto: este tubo, esta caixa de mistos, este funil. Por aquí non pasan dous coches; por aquí non pasa un camión articulado. ¿Que van poñer? ¿Semáforos? *(Un señor deputado ri.)* ¿Como van regular o tráfico aquí, señora conselleira? ¿De verdade vostedes investiron ata agora 58 millóns de euros na obra do ano 2009, e nesta de agora, para deixar que isto quede así?

Isto, señora conselleira é unha vergoña. ¿Que van facer vostedes para corrixir isto? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Señoría, esa estrutura chámase «paso inferior»; polo tanto, «paso inferior», para falar, en concreción, das cousas.

Eu aconséllolle que cando traia fotos, tecnicamente é moito mellor ter unha referencia para ter unha escala, porque estamos a falar de máis de oito metros. *(Murmurios.)* Polo tanto, eu aconséllolle que fale tecnicamente con propiedade, máis que nada, para que sexa máis didáctico —señorías, non seenfaden—. Eu vin a foto, pero, para que sexa máis didáctico, se temos unha escala para comparar e saber é moito mellor para que a xente o entenda —que creo que é o seu obxectivo—. Ten oito metros de ancho e chámase paso inferior.

Eu creo que non o ten moi claro. A historia, algo si, pero non toda. Obviamente, vostede non conta toda a historia da estrada e construtivamente tampouco parece que a teña moi clara. Como sabe, son tres treitos. O terceiro treito está operativo xa dende hai anos; os dous treitos tamén e estamos a actuar nun deles. En total son catorce quilómetros e —como sabe— foron reformulados para facelos viables; e foron reformulados de xeito dialogado cos concellos para ter menor afección ambiental, menor afección territorial e para facilitar a execución das obras. Polo tanto, foron reformulados de acordo con todos os alcaldes da zona. E fixéronse melloras salientables. A mellora máis importante foi incorporar os accesos para o polígono de Areas porque o certo é que era unha reivindicación constante —un paso inferior de máis de oito metros—. E o certo é que debe molestarlle que estea en avanzado estado de execución porque está ao setenta por cento de execución e, por suposto, son trinta millóns de euros. Tivo que incrementarse máis de dez millóns de euros pola crise económica e, polo tanto, tivemos de superar, para facer esta obra, a crise de materiais, a pandemia, a crise de subministracións etcétera.

Polo tanto, executaremos, estamos rematando e remataremos este verán 4,5 quilómetros deste eixo viario, e agardamos a este verán. Como dicía, é un paso inferior, baixo a autovía, con oito metros de ancho, e, dende logo, por suposto que se estudou perfectamente o seu funcionamento. Non vai haber ningún problema. Está estudado polos técnicos, e non vai haber ningún problema.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

¿Que é o que non lle gusta a vostede? ¿Que é o que non lle gusta vostede? Someteuse a información pública en 2016 e non fixo alegacións. ¿Vén sete anos despois? ¡Home!, hai que acordarse a tempo, señor Bará, que vostede é profesional; hai que acordarse a tempo das cousas. Agora vén vostede a un mes das eleccións *(Murmurios.)* co trasacordo.

Polo tanto, non alegou a información pública, pero —eu insisto— en breve licitaremos o proxecto construtivo do seguinte treito en maio, porque nós si que imos facer a autovía do Baixo Miño e avanzar nela.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica do señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Señora conselleira, ¿sabe o que é didáctico? O didáctico é que vostede vaia alí a Areas falar coa veciñanza para darlle explicacións *(Aplausos.)* porque a veciñanza se está mobilizando. Non inventou nada o BNG. E pregúntelle a algún seu compañeiro de bancadas, señora conselleira, a ver se está de acordo con esta chapuza. *(O señor deputado Bará Torres ergue o recorte dunha imaxe e móstraa ao resto da Cámara.)* Pregúntelle a algún compañeiro da súa bancada, que foi alcalde de Tui, se está de acordo con esta bancada. *(Risos.)* Dígoo por se non se entende. *(Aplausos.)*

Mire, non son oito metros, son sete metros, pero é igual; sete metros, máis ou menos, son o que nos separa a nosoutros, a vostede e a min. ¿Vostede cre realmente que pasan dous vehículos de tráfico pesado dun polígono industrial por esta distancia? ¿Pero é que nos está tomando por tontos? *(Aplausos.)* Isto é unha chapuza, señora conselleira. *(Murmurios.)* Isto é igual que os trens que non pasan polos túneis —os do Feve—; é exactamente igual. *(Aplausos.)*

Mire, vostede é a máxima responsábel deste funil, deste tubo que queren poñer alí. Vostede era directora da Axencia Galega de Infraestruturas no ano 2010 e é conselleira desde o ano 2014. Ademais, no ano 2012, o seu antecesor, o señor Hernández, foi alí reunirse cos veciños que estaban protestando exactamente polo mesmo polo que están protestando agora. E díxolles que ían facer unha dobre rotonda cun dobre carril, e están agardando agora a que vostede vaia alí dicirlles o mesmo. Non enganen a xente, non estafen a xente. O BNG denunciouno no ano 2021, cando se coñeceu o proxecto. O BNG reuniuse coa xente; foi alí reunirse coa xente. Teña a valentía vostede de ir tamén alí darlle explicacións á xente. *(Aplausos.)*

O BNG trae aquí, ao Parlamento, este problema para denuncialo e para que se tomen medidas. Señora conselleira, non mire para outro lado. ¿Que quere? ¿Quere agardar á primeira vez que pase por alí un vehículo articulado e quede alí empotrado para que sexa unha grande vergoña?

Están en tempo de corrixilo, con 58 millóns que levan investidos; teñen posibilidades de modificar o proxecto e de facer unha obra en condicións para un acceso a un polígono industrial. Non permitan esta chapuza. *(Aplausos.)* *(Unha señora deputada:* ¡Moi ben!)

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Peche da pregunta, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Este é o plano aprobado por vostedes, Bipartito, no ano 2008. *(Risos.) (Murmurios.)* ¡Pero hai que dicilo! *(O señor deputado Bará Torres móstralle á señora conselleira, Vázquez Mourelle, un documento.)* Pero é que aí hai un enlace e vostedes é que nin o pintaron. Nós somos o Goberno que vai executar o enlace do polígono de Areas coa autovía; e vostedes estaban no goberno cando nin sequera o pintaron nun plano. *(Aplausos.) (O señor conselleiro Rodríguez González:* ¡Muy bien, muy bien!*)* ¡Non está nin pintado! Vostedes, nin paso inferior nin nada; polo tanto, ¿que me vai contar? Nós somos o Goberno que vai executar o enlace do polígono de Areas; *(O señor deputado Bará Torres ergue un dos anteriores documentos co recorte dunha imaxe e móstralla á señora conselleira Vázquez Mourelle mentres sinala a referida imaxe e pronuncia palabras que non se perciben.)* vostedes —o Goberno bipartito— teñen na súa hemeroteca que non querían conectar con nada o polígono de Areas.

E nós seguiremos avanzando na execución desa obra. Parece que é o que lle molesta, que executemos esa obra, que estea ao setenta por cento de execución. E vén vostede, sen alegar a información pública, e anos despois, queixarse, queixarse de algo que estamos facendo, que é a conexión do polígono de Areas coa autovía que vostedes nin sequera pintaron no plano —que é máis fácil pintala no plano, ¿eh?; bastante máis fácil que facer a obra— ¡Nin a pintaron no plano! Polo tanto, señoría, un pouco máis de seriedade coas súas cuestións e un pouco máis de prudencia, señor Bará, *(Risos.) (Murmurios.)* porque tiña que acordarse —que vexo que non se acordaba vostede— da historia desta obra.

Nós fixemos e incluímos modificacións substanciais importantes que melloran a funcionalidade, a conexión co polígono de Areas e, ademais, fixemos melloras que acordamos cos concellos; con concellos do Baixo Miño acordámolas e falámolas con eles constantemente para ter un trazado completo e non soamente deste treito 1, senón de todo o treito. Son trinta millóns de euros, e, polo tanto, si que son dez millóns máis do inicialmente previsto pola crise de materiais. Nós non paramos ningunha obra pola crise de materiais; continuamos coas obras e seremos o Goberno que faga a conexión do polígono de Areas con esa autovía e con esa rotonda de máis de oitenta metros de raio. Polo tanto, eu creo que lle molesta que avancemos nas obras, moléstalle que estean ao setenta por cento de execución e moléstalle que vaiamos licitar a obra do seguinte treito: agora, a segunda fase da conexión do polígono de Areas coa PO-350, con once millóns de euros.

Iso é o que lle molesta, e agora un mes antes das eleccións quere sacar rédito electoral. E vostedes nin tan sequera a pintaron nun plano. *(O señor conselleiro Rodríguez González:* ¡Muy bien!) Nós imos executar a obra, que é moito máis complicado que pintala nun plano. *(O señor conselleiro Rodríguez González:* ¡Muy bien, muy bien!)

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego das razóns que alega o Goberno central para rexeitar aplicar bonificacións na AP-53

O señor PRESIDENTE: Pregunta da señora Pérez López, do Grupo Parlamentario Popular.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Boa tarde.

Grazas, conselleira, por vir dar resposta hoxe aquí a unha cuestión que afecta no día a día de milleiros de galegas e galegos, a súa economía e no día a día do tecido empresarial galego.

Hoxe voulle falar dunha estrada construída co obxectivo de vertebrar o interior de Galicia e que nestes momentos, única e exclusivamente, por unha decisión política non está a cumprir coa función para a que foi deseñada.

A AP-53 enlaza Santiago con Lalín, con Silleda e con outras localidades da comarca do Deza e conecta tamén a capital de Galicia coa miña provincia, con Ourense. Na actualidade e tras os incrementos das peaxes por parte do Goberno do Estado, neste ano ten uns prezos prohibitivos e abusivos que están a causar un agravio directo ás persoas e ás empresas localizadas nesta zona do territorio.

Son moitos os cidadáns que cada día van de Ourense a Santiago, de Lalín a Santiago ou á inversa, por moitos e diferentes motivos, pero principalmente por motivos laborais; persoas que, ademais, nos últimos tempos, teñen unhas conexións ferroviarias deficientes —nunca nos imos cansar dedenuncialo—: falta de frecuencias, falta de prazas... Cando rematen eses bonos claramente electoralistas, volveremos aos prezos disparatados ou a atrasos continuados. Non hai empresa que ature un empregado chegando tarde a traballar un día tras outro; e, polo tanto, persoas as que o propio Goberno, por falta de alternativas, obriga a utilizar o seu vehículo para os seus desprazamentos diarios. Aínda que o señor Sánchez siga a desprazarse en Falcon e trate de vendernos o transporte público como alternativa de mobilidade sostible e limpa, *(Murmurios.)* se falamos con esas persoas, dínnolo con claridade; dinnos que a solución fronte á inacción do Goberno e ao prezo das peaxes tristemente os obriga a buscar desprazamentos alternativos.

Unha autoestrada, baleira, polos prezos e unha nacional 525 que pasa por todos os núcleos de poboación; unha nacional 525 insegura e ateigada tamén de transportistas porque as empresas —as da comarca do Deza e tamén as de Ourense— que están a xerar riqueza e que están a xerar empregos en Galicia —e que neste tempo, ademais, están a ter que afrontar o encarecemento da enerxía, das materias primas, da inflación e da falta de xestión dos fondos Next Generation por parte do Partido Socialista, a maiores— tamén están a ver lastrada a súa competitividade por unha autoestrada con prezos prohibitivos e inasumibles.

Temos moitas reclamacións e moitos acordos adoptados nesta Cámara para demandar esas bonificacións, e tamén é un clamor na rúa; un clamor dos cidadáns, que recibiron como un xerro de auga fría, que, este ano, o Goberno do señor Sánchez negase, unha vez máis, ás galegas e aos galegos, bonificacións nunha das autoestradas máis caras de España.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por iso hoxe queriamos coñecer que valoración fai a Xunta de Galicia dos prexuízos que causa ás galegas e aos galegos que o señor Sánchez decidise non aplicar bonificacións similares ás da AP-9 na autoestrada AP-53 —repítolle—, unha das máis custosas de España. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Pérez.

Para contestar ten a palabra a señora conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, a señora Vázquez.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas.

Pois o certo, señoría, é que os argumentos que utiliza o Goberno de España para a súa negativa a implantar bonificacións na AP-53 de forma similar á AP-9, dende logo, parécennos impropias dun Goberno serio e parécennos improcedentes porque denotan un descoñecemento total de Galicia e da realidade galega; e denota tamén que non lles preocupa a mobilidade en Galicia e a mobilidade dos galegos. Hai moitos contratempos, moitas decisións que se toman que van nesa dirección: non sabemos nada dos trens AVRIL; tampouco sabemos nada da renovación das infraestruturas ferroviarias —Portugal si que aposta por conectar Porto con Galicia, mentres que vimos que o Goberno de España enreda e dá voltas e reviravoltas para adxudicar o estudo informativo da saída sur de Vigo—; o ancho métrico aquí en Galicia —o tren entre Ferrol e Ribadeo— non sae mellor parado nin corre mellor sorte; despois, ademais dese bochornoso episodio dos trens que non caben nos túneles —no que se compensan outras comunidades autónomas e Galicia non se compensa, a pesar de que había trens que tiñan que ser asignados á nosa comunidade—, colapsa o viaduto da A-6, pecha a autovía na súa totalidade, pero a emerxencia é pola metade —o certo é que esa é a forma de resolver a mobilidade no Goberno de España—; e tamén vemos servizos de tren eliminados; vemos o mapa estatal de liñas de autobús, que supón suprimir servizos, eliminar paradas e empobrecer o transporte ao rural; e vemos tamén o que está a acontecer coa AP-53, que é máis do mesmo.

A AP-53 é das autopistas máis caras de España e non ten nin unha soa bonificación, non se aplica ningún tipo de rebaixa, polo que debe ser un caso practicamente único en toda España. Esa demanda de bonificacións é unha demanda que se converte en clamor social, económico, político e que non se está a aplicar. O Goberno de España traslada os argumentos de que non é un eixo vertebrador interior, de que non ten funcionalidade, e pon en dúbida o interese público para a bonificación das peaxes da AP-53.

Dende logo, creo que todos sabemos como discorre a AP-53. A AP-9 conecta cidades, pero a AP-53 tamén conecta Santiago con Ourense a través da AG-53, dándolle continuidade. Polo tanto, non podemos entender eses argumentos: a AP-53 non é menor, estrutura a mobilidade do interior e a interconexión; e, polo tanto, non se xustifica a falta de bonificacións nesa autopista. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, a señora Pérez López.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PÉREZ LÓPEZ: Grazas, conselleira.

Hai varios feitos probados: que a AP-53 é unha das autoestradas máis caras de España; que o Goberno central, co Partido Socialista á fronte, non está disposto a rebaixar as peaxes pese a ser una reivindicación constante —como vostede dicía— dende todos os ámbitos —político, empresarial e social—; e outro feito probado é que a AP-53, que une Santiago de Compostela co Deza e con Ourense, non importa por igual a todos.

Ao Partido Socialista non lle importa nada —e xa o vimos— e o mesmo lle importa ao Bloque Nacionalista Galego, porque naquel famoso pacto, co que o Bloque fixo presidente o señor Sánchez, e naquel famoso pacto, co que ía arreglar todos os problemas de Galicia —que ao final quedou en nada—, nada dicía das peaxes desta autoestrada. Pero ao Partido Popular si que nos preocupa e nos ocupa; e mostra diso é que dende a súa consellería se realizou un estudo sobre a extensión das mesmas bonificacións dende a AP-9 cara á AP-53, e ese estudo foi remitido ao Ministerio.

Gustaríanos, nesta segunda quenda —se pode—, que afondase sobre ese estudo. ¿En que consistiu e que resposta recibiron por parte do Ministerio? Doutra banda, hai poucos días coñeciamos a resposta que o Goberno do Estado deu aos senadores galegos ante a falta de avances nas bonificacións. Voulla ler literalmente porque é desconcertante: «*La posibilidad de aplicar a la AP-53 bonificaciones de peajes similares a las aprobadas para la AP-9 siempre es factible, pero en este caso no es comparable la funcionalidad de la AP-9 con la autopista AP-53. Siempre se toman las decisiones por interés público*».

Mire, a conclusión que sacamos desta resposta é que nin os 304.000 habitantes da provincia de Ourense nin os máis de 50.000 da comarca do Deza e arredores —é dicir, case 400.000 galegas e galegos— somos de interese público para o señor Sánchez e para o seu Goberno; e tampouco é de interese público nin son suficientemente relevantes as necesidades dos usuarios desta autoestrada. Polo tanto, gustaríanos coñecer...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PÉREZ LÓPEZ: ...que opinión ten desta resposta. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Pois o certo é que a aplicación de bonificacións na AP-53, similar á aplicación na AP-9 é unha cuestión de vontade política; polo tanto, a non aplicación é cuestión de que non hai vontade política, non hai interese e non hai sensibilidade para esta mellora de calidade de vida e mellora da competitividade en toda esa comarca. E o certo é que estamos a falar dunha petición cun amplísimo respaldo social, compartida por todos os concellos

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

limítrofes, compartida por todo o sector empresarial, compartida incluso neste Parlamento.

Preguntábame vostede por ese estudo que fixemos. Pois o certo é que foi a Xunta de Galicia—a pesar de non ser a súa competencia— que fixo un estudo sobre o impacto que suporía rebaixar as peaxes da AP-53 do mesmo xeito que están a existir bonificacións na AP-9. A cuantificación foi de 3,2 millóns de euros de custo anual; polo tanto, estamos a falar dunha cuestión menor, tendo en conta todo o orzamento do Ministerio de Transportes pero, sobre todo, tendo en conta que o Goberno central consignou 55 millóns de euros para bonificacións da AP-9 en 2021, pero soamente se gastaron 17 millóns. A marxe que hai para trasladar e bonificar as peaxes da AP-53 dende logo é suficiente e importante, e non pode o Goberno de España alegar motivos económicos para rexeitar esta proposta. O Goberno de España quere que a AP-53 sexa excepcional e que siga sendo a única de todo o Estado que non teña bonificación ningunha, e, dende logo, non é xusto para Galicia nin é xusto para todos os concellos limítrofes.

Estamos a falar dunha medida que traería beneficios de seguridade viaria e beneficios tamén de competitividade no territorio e un aforro económico para as familias e para as empresas, e sería de maior relevancia agora que estamos nunha inflación disparada.

O Goberno de España non quixo conxelar as peaxes e incrementáronse un catro por cento, mentres que o Goberno de Galicia si que conxelou as peaxes das súas autopistas; conxelámolas e reservamos 4,8 millóns de euros, e, polo tanto, incrementamos un oitenta e seis por cento a partida destinada para conxelar as peaxes. O Goberno de España nin as conxela, nin aplica esa bonificación na AP-53, nin dispón os recursos.

Polo tanto, en resumo, con vontade política, con sensibilidade, con interese poden aplicarse esas bonificacións; se non se aplican é porque non hai interese, non hai vontade política e non hai sensibilidade pola mobilidade en Galicia.

Pola miña parte, nada máis. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de Dª Ana Pontón Mondelo e dezaoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia para recibir a Plataforma pola creación dun conservatorio profesional de danza en Santiago de Compostela

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra, señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Señor conselleiro, voulle facer cinco preguntas moi breves e concisas.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A primeira é: ¿como valora vostede que a sociedade galega leve mobilizada máis de tres anos, demandándolle ampliar a oferta de estudos profesionais de danza, en Compostela?.

A segunda é: ¿como valora o informe da Plataforma do conservatorio de danza en Compostela que confirma que máis de dous mil alumnos e alumnas están matriculados en estudos de danza, ou ben en colexios, ou ben en academias privadas, na cidade e na comarca de Compostela, ou que mesmo superen os tres mil alumnos se incluímos os que asisten a clases de baile tradicional?

A terceira é: ¿como valora que máis de cinco mil sinaturas apoien a petición da creación do Conservatorio Profesional de Danza, en Compostela?

A cuarta é: ¿como valora que a Corporación Municipal de Compostela aprobase en Pleno, sen ningún voto en contra, un acordo impulsado polo Grupo Municipal do BNG para solicitar á Xunta a creación deste conservatorio profesional de danza en Compostela, así como para comprometer xa a cesión dunha parcela municipal para a súa construción?

E a quinta e última pregunta é: ¿como valora vostede as conclusións da *Xornada: O estado da danza en Galiza*, organizada polo Consello da Cultura Galega, que afirman, literalmente, que «a situación da danza en Galiza se atopa nun estado de explosión creativa das ideas; mentres tanto, mentres isto sucede, asistimos a un tempo de decadencia no soporte institucional e nas políticas públicas dende Administración».

Estas cinco preguntas veñen motivadas por dúas razóns fundamentais: a primeira é que en Galiza, na actualidade, só contamos cun único conservatorio xestionado pola Xunta, o Conservatorio Profesional de Danza en Lugo, insuficiente para atender a demanda e, ademais, pola súa localización xeográfica, tamén podemos dicir que é excluínte, ao non facilitar o acceso á formación en danza para o alumnado do centro e do sur de Galiza; e, en segundo lugar, porque nesta lexislatura o Grupo Parlamentario do Partido Popular, na Comisión 4ª, votou en contra desta proposta, que a oposición trouxo até en dúas ocasións. A última foi en días pasados, mesmo desautorizando o señor deputado, o señor Verea. Mentres que este compañeiro de bancada e de partido se comprometeu publicamente, como candidato do Partido Popular á alcaldía de Compostela, á execución deste proxecto, vostede, a través do grupo parlamentario —que xa comprobamos nesa comisión que non ten voz propia— mandou votar «non».

Esta petición é xusta, é necesaria, é rigorosa e está analizada e avaliada. Entendemos, no BNG, que non debera ser rea dos conflitos internos que poidan ter no Partido Popular ou da descoordinación. Por iso, señor conselleiro, como máximo responsable en educación e cultura, preguntámoslle, en resposta ao clamor social e profesional do mundo da danza e do ensino e tamén en resposta á vontade de colaboración explicitada polo Concello de Santiago: ¿vai rectificar a súa decisión hoxe e comprometer aquí... *(A señora Queixas Zas pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, don Román Rodríguez González.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Agradezo a concreción das preguntas que fixo a señora deputada. A verdade é que eu quero poñer un pouco en contexto o que se está a falar, para que as persoas que poidan estar escoitándonos non teñan unha idea errada.

Non é a primeira vez que isto se debate no Parlamento. Houbo varias iniciativas ao longo do tempo. Recentemente vimos tamén, por parte do Partido Socialista, unha iniciativa levada, neste caso, á comisión, onde os grupos políticos se posicionaron. Agora vén aquí un plantexamento, outra iniciativa plantexada, neste caso, polo Bloque Nacionalista Galego, que se pode entender lóxica neste contexto. Hai que ter en conta que estamos nas portas dun proceso electoral a nivel municipal, e, obviamente, dende unha perspectiva municipal pódense entender moitas cousas, moitos plantexamentos. Outra cousa é contextualizala no conxunto do territorio galego, contextualizala no conxunto do país. Aí creo que hai que avaliar as cousas cun pouco máis de criterio.

Dá a sensación tamén de que hai como unha especie de competencia entre o Bloque Nacionalista e o Partido Socialista para ver quen se pode poñer unha hipotética medalla a respecto deste tema. Certamente, non entendemos como hai este plantexamento tan intenso por parte de ambas as forzas políticas, salvo que haxa detrás un interese político de intentar situarse e poñerse unha medalla. Hai unha repartición dos papeis neste caso.

Sabemos e coñecemos as reivindicacións, e os datos que deu vostede, por suposto, son coñecidos. Eu non me reunín persoalmente coa plataforma, pero temos coñecemento absoluto das súas reivindicacións e dos seus plantexamentos; coñecemos tamén o acordo plenario que houbo. Vostede fala de colaboración e eu non sei de que colaboración fala vostede por parte do Concello; non a coñezo. Falouse de que se daba una parcela —non sei que—, pero nada máis se coñeceu. E, obviamente, tamén falei co próximo alcalde de Santiago; o próximo alcalde de Santiago, que é deputado nesta Cámara, trasladounos o plantexamento que, neste caso, a propia plataforma lle trasladou a el, como representante do Grupo Parlamentario Popular.

Dito isto, para contextualizalo: ¿cal é a situación?; ¿onde estamos? En Galicia pódense cursar estudos de xeito oficial e de xeito extraoficial en danza, tanto en danza contemporánea como en danza clásica —vostede coñece a oferta—. Hai dous conservatorios públicos: un en Lugo, xestionado pola Xunta, e outro na Coruña, xestionado pola deputación, onde goberna o Partido Socialista co Bloque Nacionalista Galego; hai cinco centros públicos autorizados e hai tamén varias escolas de danza, isto é, dúas públicas e dez privadas; tamén hai constancia de que hai moitísimas escolas privadas que dan un ensino non formal neste ámbito. *(Murmurios.)* Bueno, obviamente... *(O señor conselleiro, Rodríguez González, pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas. No segundo turno vén a... *(Aplausos.) (Protestas.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Foi un preámbulo e é un preámbulo bo. *(O señor presidente diríxese ao resto da Cámara.)* Bueno, se queren damos máis tempo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Réplica, a señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Ben, señor conselleiro, infelizmente comprobamos que vostede vén aquí dedicar o tempo a falar do pasado, e nós levamos toda a lexislatura, case tres anos, falando do futuro para este conservatorio (*Aplausos.*) en Compostela.

Da súa non resposta —porque iso é o que fixo: non responder, evadir a súa resposta— hai varias certezas que vostede logo non pode ignorar. En primeiro lugar, a sociedade galega quere formación en danza, como opción de lecer, como formación complementaria ou como unha vía alternativa dunha carreira profesional. En segundo lugar, a demanda do Consello da Cultura Galega, órgano de alto asesoramento da Xunta de Galiza —ao que deberían empezar a facer caso—, di literalmente que «hai que avanzar na creación de conservatorios de grao medio en todas as cidades galegas» —e vostede sábeo—. En terceiro lugar, a terceira certeza: ¿por que comezar por Compostela? Evidentemente, non é unha ocorrencia de ninguén; ten toda a razón de ser. É un primeiro paso, considerando a demanda crecente e consolidada —que vostede coñece— e tamén a propia centralidade de comunicación —¡como *no*!—, que permitiría algo que non existe, que é avanzar no equilibrio territorial e, polo tanto, na igualdade e na equidade.

E fronte a todo isto, fronte a todas estas razóns, vostede, señor conselleiro, decide seguir colocándose do lado da imposición do «non», como unha ferramenta política paralizante: «non» á Plataforma polo conservatorio de danza de Compostela, a cal se está negando a recibir desde hai máis de dous anos, que ten vostede a petición de reunión enriba da mesa; *(Aplausos.)* «non», votando en contra da emenda que o BNG ten presentado, ano tras ano, para dotar de orzamento este conservatorio nos orzamentos da Xunta de Galiza; «non» á petición do Consello da Cultura Galega; «non», como instrución de voto ao seu grupo parlamentario —do que nos consta que non concordaba para nada con esa decisión—; e «non», por suposto, un «non» desautorizador, a esa promesa pública electoral do candidato popular á alcaldía do señor Verea.

Arranxen as súas discrepancias, pero non fagan pagar a danza.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Grazas.

A señora QUEIZAS ZAS: Vostedes fallan... *(A señora deputada, Queixas Zas, pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o tempo.

Peche da pregunta, o conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Bueno, imos intentar cumprir ben o tempo, que creo que é moi, moi positivo.

Eu non lle puiden responder porque tiña máis información que comentar. Creo que hai que contextualizar as cousas para non quedar só na reivindicación política curtopracista, que é

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

o que vostedes plantexan aquí —vostedes e o Partido Socialista—, porque, miren, hai moi pouco tempo, hai moi poucos días na Comisión 4º se debateu este tema, por instancia do Partido Socialista, e plantexouse unha emenda por parte do Grupo Parlamentario Popular. E, ¿que fixeron vostedes? Negarse; negarse radicalmente a que por primeira vez se puidese plantexar unha análise seria e rigorosa para ver se é necesario este tipo de ensino —despois dareille números—, e no caso hipotético de que así fose, onde facelo. A vostedes púidolles moito máis o interese curtopracista que o interese xeral.

E fala moito de interese pola danza e a min, a verdade, é que non me deixa de parecer curioso. Mire, nós estamos tremendamente orgullosos do funcionamento do Conservatorio de Danza de Lugo; de feito, os principais profesionais que neste momento desenvolven o seu traballo no país, pois saíron de aí. Hai magníficas profesións e prestixiosas compañías.

Hai moi pouco aprobamos un Plan integral de danza. *(A señora Queixas Zas move a cabeza dun lado para o outro e pronuncia palabras que non se perciben.)* Non creo que haxa ningunha administración —incluso as que goberna o Partido Socialista xunto co Bloque ou o Bloque xunto co Partido Socialista— que dea un apoio que porcentualmente poida supoñer o dez ou o quince por cento do que dá a Xunta, e, se non, vaian vostedes ás programacións culturais que financian para ver que financia o Bloque en danza. A partir de aí poderemos falar *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Agora —insisto—, mire, eu vexo que estamos nuns tempos políticos *(A señora deputada Queixas Zas nega coa cabeza reiteradamente.)* nos cales as reivindicacións municipalistas están moi ben, pero —*oiga*— haberá que coordinalas, haberá que avalialas, haberá que enmarcalas e haberá que ter sentido común.

Por suposto que respectamos absolutamente a plataforma, as firmas, o estudo que fixo, o interese... E parécenos moi positivo que haxa ese interese, tremendamente positivo que haxa ese interese. Agora, tamén terán vostedes que respectar que isto non sexa unha decisión aleatoria ou que responda á presión concreta, dunha plataforma concreta. ¿Por que non en Coruña? ¿Por que non en Vigo? ¿Por que non en Ourense? ¿Por que non en Ferrol? Vostedes buscan un interese curtopracista e realmente os datos son os que son.

Mire, en Galicia os estudos de danza teñen trescentos alumnos; deles, dous terzos, é dicir, douscentos, están no Conservatorio de Lugo. ¿Como non nos vai interesar a danza se o principal organismo e entidade que financia a educación en danza é a Xunta de Galicia?

Despois, das escolas autorizadas, hai dúas sen alumnos. E é bo que haxa bos desexos, tremendamente positivo que o Bloque veña aquí e plantexe bos desexos ou aspiracións lexítimas, pero tamén hai que ter un pouco de sensatez. E hai que ter en conta a demanda do estudantado, hai que ter en conta o custo económico de poñer en marcha unha instalación deste tipo...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: ...que vostede saberá...

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas. Xa quedou claro o asunto.

(O señor Rodríguez González pronuncia palabras que non se perciben.) (Murmurios.)

O señor PRESIDENTE: Grazas. Xa terminou o tempo.

(Aplausos.)

Pregunta de Dª María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as melloras que vai recoller o novo contrato de transporte sanitario urxente

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don Alberto Pazos, do Grupo Parlamentario Popular.

O señor PAZOS COUÑAGO: Grazas, presidente.

Boa tarde, conselleiro. Vaime permitir que comece esta pregunta trasladándolle a miña felicitación e a do meu grupo parlamentario polo recente acordo alcanzado pola Consellería de Sanidade e a representación do sindicato que convocara unha folga na sanidade pública galega que, como calquera folga, causa incomodidade aos usuarios que seguro que todos lamentamos.

A miña felicitación debe ser dobre. En pimeiro lugar, polo propio acordo alcanzado, que estou seguro de que servirá para mellorar a situación dos profesionais da medicina pública e que agardo que tamén mellore a capacidade organizativa do Sergas. E, o máis importante de todo, desexamos que redunde nunha mellor atención aos usuarios da sanidade pública galega que, en definitiva, debería ser a principal preocupación de todos.

Pero quero felicitalo tamén pola prontitude da solución, que evitou que se enquistase un problema que só podía ser resolto mediante o diálogo. E, dende logo, a súa consellería amosou dende o minuto 1 que para o diálogo, para a negociación e para o encontro sempre está disposta. De feito, cando se convocou esta folga xa estaban en marcha outras convocatorias similares en distintos puntos do Estado —como por exemplo Ceuta e Melilla, únicos territorios nos que a sanidade é competencia do señor Sánchez— e aí seguen, esperando que alguén se sente cos sindicatos para facer o que en Galicia, afortunadamente, xa está feito. Parabéns, conselleiro.

Pero o motivo da nosa pregunta de hoxe é outro. Concretamente, a cercanía dun novo proceso de licitación do transporte sanitario urxente de Galicia. Conselleiro, todos coñecemos que a Fundación Urxencias Sanitarias de Galicia se encarga da xestión deste servizo, fundamental para garantir unha correcta atención sanitaria no conxunto do territorio da nosa comunidade.

E, como vostede tamén sabe, é un servizo que tamén se ten prestado para que a oposición practique esa demagoxia tan característica da esquerda galega; esa esquerda que cando está na oposición atopa solucións máxicas para case todo e cando está no goberno non atopa solucións para case nada.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Levamos meses escoitando como se exixían modificacións contractuais que en realidade non tiñan soporte legal nin posibilidade de materializarse. Pero é certo que agora, cando as posibles melloras de servizo poden ser valoradas e introducidas nos pregos que se teñen que redactar, este Grupo Popular, ao igual que o Goberno autonómico, é máis partidario do traballo serio que dos trucos de prestidixitación, tan do gusto da oposición.

Cremos que o momento axeitado para interesarse polos avances que se pretenden introducir neste servizo básico para a saúde dos galegos é este, e de aí que nos interesemos polo presente e o futuro do transporte sanitario urxente de Galicia. Esperamos as súas noticias.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

Resposta do conselleiro de Sanidade, don Julio García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Señor Pazos, en primeiro lugar quería agradecer esas palabras sobre o conflito, pero quero engadir e destacar o acordo non só co sindicato convocante, senón cos demais sindicatos de mesa sectorial cos que se chegou a un acordo unánime para estender esas medidas de condicións a todos os profesionais sanitarios e, como digo, estendelo así aos 43.000 traballadores, como estaba previsto no acordo do 31 de marzo pasado.

Falando da Fundación Urxencias Sanitarias de Galicia, efectivamente, como vostede ben di, encárgase da xestión, da coordinación, da consultoría, da docencia e investigación en materia de atención extrahospitalaria en caso de emerxencia ou urxencia sanitaria. O seu labor é básico e prioritario, posto que realiza unha grande actividade asistencial cunha rede que permite chegar a calquera punto de Galicia.

O bo facer dos seus profesionais fai que este servizo goce dunha moi boa reputación por parte da cidadanía. Así o mostra a cualificación global que lle outorgan os usuarios, acadando o noventa e tres por cento. Trátase, pois, dun dos servizos mellor valorados de toda a Consellería de Sanidade, que cada día chega a máis xente e grazas, fundamentalmente, á excelencia dos seus profesionais e tamén aos recursos dedicados.

E é, señor Pazos, que nunca houbo tantos recursos dedicados ao transporte sanitario urxente como na actualidade, tendo moitos máis recursos que no ano 2008, por exemplo. Para ser exactos, un 13,64 por cento máis, con novas dotacións como, por exemplo, sete ambulancias de soporte vital básico, seis ambulancias de soporte vital avanzado ou dúas ambulancias convencionais, neste caso en Pedrafita e Folgoso do Courel.

Uns recursos que dende o ano 2008 non deixaron de medrar e, sobre todo, non deixaron de aumentar a seguridade asistencial. Así o mostran os datos: 135.000 asistencias máis, un

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

33,42 por cento máis; 66.000 mobilizacións máis, un 24,6 por cento máis; ou 689 saídas de helicóptero máis que en 2008, isto é un 128 por cento máis de saídas.

Así mesmo, xunto con máis dispoñibilidade de recursos, teño que sinalar que a área de transporte sanitario urxente en Galicia dispón dos vehículos, das ambulancias máis modernas de todo o Estado español. Nesa mesma liña, a semana pasada o Consello da Xunta aprobou a contratación do transporte sanitario urxente aéreo por un valor de dez millóns de euros. Un contrato que vai ampliar as horas de prestación de servizo, vai mellorar as medidas de control e tamén vai incrementar as garantías de seguridade.

Non cabe dúbida de que este goberno está comprometido coa mellora deste recurso de transporte sanitario urxente, feito que quedou de manifesto con ese incremento de tres millóns de euros nos presupostos do ano 2023.

Durante a vixencia deste contrato, evidentemente a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia, estivo en todo momento realizando estudos de demanda co obxectivo de dimensionar adecuadamente a rede de transporte urxente de Galicia. Ese traballo foi o que nos permitiu coñecer a realidade de múltiples factores: variacións demográficas, variacións de demandas sanitarias, tempos de resposta, distancias aos centros sanitarios, así como as necesidades e as actividades diferentes de comarcas ou concellos. Isto vainos permitir, sen dúbida, incorporar todos eses resultados a ese novo concurso de transporte sanitario urxente que estamos preparando.

De momento máis nada. Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Grazas, presidente.

Moitas grazas pola resposta, conselleiro.

Nós somos moi conscientes de que sempre que a responsabilidade da xestión pública recaeu en gobernos do Partido Popular, a sanidade pública experimentou unha melloría que, sen dúbida, se reflicte no sentir dos cidadáns en xeral e dos usuarios da sanidade en particular. Aí están os barómetros sanitarios para acreditalo.

No que fai referencia ao Servizo de Transporte Sanitario Urxente, a mellora do servizo a través do tempo resulta máis que evidente. Compartimos co Goberno galego que esta evolución permanente deber ser froito dunha análise obxectiva das necesidades reais do servizo no conxunto do territorio.

Isto debe ser así porque, como calquera outro servizo público, o transporte sanitario urxente finánciase con cartos de todos. Iso debería obrigar calquera xestor responsable a buscar coa máxima dilixencia un equilibrio que garanta a máxima eficiencia do servizo atendendo a

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

criterios exclusivamente sanitarios, pero sen dilapidar recursos financiados con cargo aos petos de todos os galegos.

Resulta evidente que no novo contexto de alza de prezos vai resultar necesario incrementar a partida orzamentaria dedicada a financiar o transporte sanitario urxente, pero estou seguro de que o Goberno galego realizará o esforzo orzamentario que sexa necesario para garantir un servizo de máxima calidade.

Pero tamén nos gustaría saber se, con base neses estudos de demanda realizados pola Fundación Urxencias Sanitarias aos que vostede facía referencia, xa se pode albiscar algunha das melloras concretas que se van introducir nos novos pregos de contratación e tranquilizar así e dar coñecemento xeral destas melloras á poboación potencialmente beneficiaria das mesmas.

Moitas grazas pola resposta e sigan traballando nese sentido. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

Peche da pregunta, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidente.

A licitación dese novo concurso de transporte sanitario terrestre pretende, por suposto, consolidar o proxecto iniciado no ano 2019, adaptándoo a unha nova situación económica que require, probablemente, dese incremento de fondos. Pensemos, ademais, que o contrato xa experimentará unha importante subida ao contemplar un incremento do persoal do catro por cento equivalente ao que experimentaron, neste caso, os empregados públicos.

Por iso, o deseño dese mapa debe responder a criterios de necesidade asistencial que maximicen a eficiencia dos recursos. Hai que lembrar que cada nova ambulancia, co seu persoal asociado, supón un investimento moi importante.

Así, unha vez vistos os datos, e seguindo no modelo de concurso actual, decidiuse propoñer un esforzo para mellorar a cardioprotección nas zonas rurais. Por iso, proporemos localizar unha ambulancia convencional, con base na Veiga e zona de cobertura preferente no mesmo municipio e municipios veciños, que conte cun desfibrilador externo semiautomático e un técnico de emerxencias sanitarias con formación no uso do mesmo. Deste xeito, en caso de emerxencia mellorarase o tempo de resposta ata a masaxe cardíaca e a desfibrilación temperá, ao tempo que tamén se avanza na cardioprotección do municipio e dos municipios veciños, como dicía.

De igual maneira, preténdese incrementar tamén o número de ambulancias de soporte vital avanzado de enfermaría. Estes recursos xurdiron no concurso do ano 2019 e nestes catro anos gozan dunha moi boa aceptación por parte dos profesionais sanitarios e tamén da poboación. De feito, máis do noventa e seis por cento das súas asistencias foron resoltas autonomamente sen necesidade de mobilizar recursos medicalizados.

Este tipo de ambulancias están xa actualmente presentes nas cidades da Coruña, Vigo, Santiago e Pontevedra. Cremos que é o momento de achegar estes novos recursos a outras po-

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

boacións semiurbanas, con extensa área de cobertura e distancias ao hospital de referencia, como por exemplo Lalín. Neste caso particular estamos a falar dunha área de cobertura extensa cunha grande dispersión poboacional e distancias ao hospital de referencia superiores aos cincuenta quilómetros. Polo tanto, engadir este novo recurso vai permitir trasladar o paciente durante os traxectos, podendo, ademais, recibir tratamento durante o traslado sen necesidade de mobilizar o equipo de atención primaria, o cal vai permanecer operativo no centro de saúde para a atención das urxencias que poidan xurdir.

En resumo, este novo concurso suporá dar continuidade a un modelo que está dando moi bos resultados no seu obxectivo, que é asegurar a accesibilidade, a equidade, a eficiencia, a sostibilidade dunha asistencia urxente de máxima calidade ao conxunto da poboación.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Agora formúlanse dúas preguntas de xeito acumulado. A primeira formúlaa dona Rosana Pérez Fernández, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, e despois don Julio Torrado Quintela, do Grupo Parlamentario Socialista.

Pregunta de Dª Rosana Pérez Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para dar solución ao conflito que se está a vivir entre mexilloeiros e percebeiros por mor da extracción da semente de mexillón no medio natural.

Pregunta de D. Julio Torrado Quintela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego para resolver o conflito da extracción da mexilla

O señor PRESIDENTE: Comeza, polo tanto, a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidente. Boa tarde.

Señora conselleira, de repetilo vostede ata a saciedade, non hai ninguén neste país que non saiba no día de hoxe que leva vostede trinta e cinco anos na Consellería do Mar. No entanto, se lle preguntamos a calquera persoa sobre as súas actuacións durante os últimos catorce anos, só a coñecen a vostede pola súa errática e neglixente actuación no coñecido como conflito da mexilla. *(Aplausos.)*

Coñécena por ser vostede a conselleira que, cando ten que xestionar as súas propias e exclusivas competencias, é absolutamente incapaz. Coñécena pola súa falta de talante para dialogar e acordar, por deteriorar ata o límite o imprescindíbel entendemento entre mexilloeiros e percebeiros. Iso é o que saben hoxe os galegos e galegas de vostede.

Agora, despois de aprobar unilateralmente un decreto no ano 2019 que modifica a regulación da extracción da mexilla; despois dunha resolución, tamén unilateral, no ano 2021 que modifica as zonas de extracción; despois de anunciar a apertura de zonas e mantelas pechadas

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ata cinco meses máis tarde; despois de aprobar un rosario de medidas que ían ser a solución de todo e non o foron de nada; despois de que abrira zonas irregularmente, que logo tivo que pechar, corrixir a metedura de pata e volvelas abrir... Despois de todo iso, aínda segue pedindo vostede prudencia e dicindo que ten a man tendida. Unha prudencia que vostede non tivo en ningún momento á hora de tomar decisións e unha man tendida na que hai tempo que xa non cre ninguén. A mostra máis palmaria é que vostede está absolutamente soa nunha mesa de negociación onde xa non queda ninguén que a escoite, porque vostede tampouco soubo nin quixo escoitar os demais.

E agora, como o paquete de medidas que aprobaron hai menos de dous meses tampouco serve para nada, anuncia un plan de xestión da explotación da mexilla. ¿Que será o próximo, señora conselleira? Sexa clara: ¿ten a máis mínima idea do que vai facer para solucionar o conflito que vostedes, unicamente vostedes, crearon entre mexilloeiros e percebeiros?

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez Fernández.

Formula agora a pregunta o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Señora conselleira, sesenta anos de convivencia entre percebeiros e bateeiros nas pedras, resolvendo as súas tensións e as súas diferenzas, como calquera colectivo, e chegou vostede como elefante en cacharraría, desbotou todo e provocou un conflito. Dá a sensación de que desfrutan co conflito, alimentan o conflito. Hoxe para adiante, mañá para atrás; hoxe abren zonas, mañá péchanas; hoxe emiten resolucións, mañá ditaminan que as súas resolucións non estaban axeitadas á legalidade. Logo anuncian que, a pesar diso, as van volver abrir e logo péchanas. E vai vostede facendo un baile inasumible.

Estamos —é certo— despois de toda esta evolución na situación que vostede quería. Este é o escenario, tristemente, que vostede quería: todos enfrontados (á Consellería, iso si; iso é o que vostede non era capaz de prever). ¡Todos enfrontados! E, como o peor dos árbitros, todos enfrontados e todos cabreados; incluso os seus, tamén. Pero iso, non llo nego, é parte do electoralismo que fan aos seus compañeiros de partido, que eu xa ben sei que vostede niso xa leva a penitencia de ter algúns compañeiros que ten e non me vou meter eu.

Pero a pregunta é: ¿cre vostede que a súa Consellería é capaz de resolver o conflito? Porque todo o mundo está opinando que non; todo o mundo opina que non. Nós intentariamos que o resolvese o señor Rueda, pero marchou deste tema máis rápido que un presidente da Deputación de Ourense. E entón nós non vemos a capacidade deste goberno de afrontar o problema; non vemos ninguén que sexa quen de intentar poñer algo de sentido común.

Mire, está vostede nunha situación para a que os alemáns teñen un termo que se chama o *zugzwang.* É un termo moi peculiar que define, nun xogo ou nunha situación de toma de de-

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cisións, aquel que, polos erros cometidos, ten que tomar unha decisión, pero xa todas son malas. Por tanto, nós propoñémoslle unha idea da que o seu partido votou en contra neste Parlamento a semana pasada.

Pero, lonxe diso e do electoralismo que intentan facer, imos intentar aportar solucións e nós propoñémoslle unha: volvamos á casiña de saída. Volvamos atrás, non para quedar alí. ¿Para que? Para intentar facer as cousas mellor do que vostede as fixo. Por exemplo, propoñémoslle algunhas ideas a partir desa volta atrás: que o consenso sexa de verdade unha actitude, que nas mesas de diálogo non haxa ninguén que teña a sensación de que llas están impoñendo.

Pero, é máis, propoñemos cousas tan revolucionarias, señora conselleira, tan estrañas, como que tomen as decisións con técnicos e con datos actuais e propios. Porque é sorprendente comentar que, neste tema, non hai datos técnicos publicados nin coñecidos que sexan da propia Consellería —son sempre externos— e que sexan actuais. Porque están vostedes apelando sempre a informes que teñen doce anos, dezanove anos, vinte e cinco anos. Isto é inasumible en calquera ámbito; tamén no sector do mar. E vostede debería sabelo, ou sábeo pero dálle igual. Pero, é máis, hai máis solucións: vixilancia, control e contundencia se non se cumpren.

Todas estas propostas nós facémosllas. ¿Vese vostede capaz de afrontar o problema ou temos que buscar o señor Rueda, que nunca se sabe onde está? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira do Mar, dona Rosa María Quintana Carballo.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Pérez, señor Torrado.

Permítanme que comece esta intervención contestando directamente á pregunta que formulaba o señor Torrado. E déixenme dicir que, por suposto, me sinto capacitada para resolver este problema e que este problema —como todos en política e en xestión— só se resolve falando. *(Aplausos.)* Como dicía a señora Pérez, en máis de trinta e cinco anos de servizo público non atopei nin observei outra fórmula que tivese éxito non só a curto, senón a medio e longo prazo.

Neste caso, como en moitos, trátase de buscar unha vía de futuro. E iso parece que alguén o esquece. Digo que se esquece, porque o problema pode ir máis alá dunha campaña e necesita dun cambio importante na maneira de afrontalo. Por iso, precísase falar. E iso exixe ter posturas claras, mentes abertas e, sobre todo, vontade de sentarse sen apriorismos.

Pero non só falando tratamos de desatascar este aumento da necesidade de mexilla. Isto exixe tamén medidas e sempre as puxemos derriba da mesa para saír adiante, fosen esas medidas normativas ou prácticas.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Desde que hai constancia de roces e problemas nas pedras —non é, como dicía o señor Torrado, que haxa sesenta anos que non hai estes problemas; estes problemas están documentados dende principios dos anos oitenta, estamos a falar do século XX— non houbo outra liña que ir poñendo medidas nas liñas de traballo diario de ambas as actividades.

En boa maneira cremos —e tamén moitos bateeiros cos que neste período puidemos falar— que é preciso avanzar na definición dunha nova normativa que regule non só a extracción de mexilla en bancos naturais, senón tamén a súa captación e produción. Indo a máis, esta nova normativa, xa proposta en setembro, ha recoller as bases que deben rexer os cambios adoptados nestes anos e dispor de maior flexibilidade para acoller os que veñan no futuro inmediato, ademais de plasmar as liñas xerais que deben ser a ferramenta de articulación flexible do abastecemento de mexilla nas rochas. Como dicía a señora Pérez, un plan de xestión, como teñen os demais recursos que se explotan en Galicia.

Necesitamos, e necesita o sector, este plan de xestión que permita adecuar os tempos de extracción ao estado e localización do recurso e que nos leve a protexer aquelas zonas onde poden medrar e abastecer maior número de bateas e abrir aquelas onde a súa presenza e tamaño suficiente poida exixir o adianto na apertura.

Ademais, ha de rexerse a provisión de documentos para o movemento, inmersión e traslado de mexilla entre as rochas, as plantas de produción ou as bateas, así como os horarios e días de traballo na extracción, podéndose adecuar tamén á disposición de mareas e ás boas condicións climatolóxicas.

Sumado a isto, tamén se debe axilizar a obtención da habilitación para obter ou extraer mexilla, aumentando a vixencia do permiso e flexibilizando a inclusión ou cambio de persoal ou medios, así como avanzar na dixitalización dos trámites relativos ao REGA. Esta dixitalización irá da man dunha aplicación xa deseñada, de xeito que se vaian minorando trámites e permitindo unha trazabilidade para os bateeiros, cuestión fundamental que debe servir de base para toda a cadea de produción, transformación e comercialización do mexillón.

Unha das cuestións máis importantes que leva consigo a proposta do establecemento deste tipo de plans é que debe ser a Comisión do Mexillón, como órgano de representación maioritaria dos mexilloeiros, o organismo que se encargue da elaboración da proposta do plan de xestión das áreas de recrutamento de mexilla. Nesta liña, propoñemos que esta Comisión poida constituír un grupo científico-técnico, cuxa composición se determinará no acordo da constitución, ao que poida encargárselle a elaboración da devandita proposta, acordada por maioría da representación das persoas con dereito a voto. Esta proposta, por suposto, deberá ser revisada e aprobada pola propia consellería.

Queda claro que esta medida e a súa evolución ten moito de necesidade de participación e achega por parte do sector, e sabemos que nesa liña moitos bateeiros queren traballar. Por iso, en breve iniciaremos o camiño para que, de forma aberta e participativa, poidan dar a súa forma a este paso que debe ser un avance na cogobernanza que ha de rexer este sector, ao xeito que xa se fai en todos os demais.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Neste senso, esta vía de traballo segue a doutras xa anunciadas e postas en marcha e que evidencian que sumando pode irse mellorando e que as achegas do sector en forma de opinión son importantes. Falo de medidas como a posta en marcha das *hatcheries*, coas que ir avanzando na disposición de cría dunha forma sostida e na que nos consta que hai pasos e intereses de abastecemento. Falo de medidas como a disposición das cordas colectoras en batea, que agora mesmo non están en uso ou teñen dispoñibilidade para colocar máis colectores. Falo de medidas como a xeración de información sobre a presenza de larvas de mexillón, cuxa difusión retomamos hai semanas e na que se está mellorando o formato para mellorar o aproveitamento e a comprensión.

En definitiva, esta situación supérase falando e dando pasos adiante. Desde logo, só se poderá facer un bo proceso se todos achegamos transparencia, e por iso queremos informar todo o sector; e coherencia, e por iso sempre seguimos na mesma liña. Por ende, a vontade de sentarse permanece intacta pola nosa parte. Pídolles que todos sumemos para que esta vontade sexa plena no sector.

Máis nada, de momento. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Señora conselleira, di que se sente capacitada para resolver este problema e di ademais que este problema só se resolve falando. E nós dicímoslle: efectivamente, estamos de acordo. Pero non se resolve falando un cun mesmo; resólvese falando a Administración cos sectores implicados, que é o que vostedes levan tempo sen facer. *(Aplausos.)*

Mire, para o BNG non existe un problema entre mexilloeiros e percebeiros. O problema dos dous sectores —e acaba de quedar, efectivamente, máis claro que nunca— é a Xunta de Galiza e o Partido Popular.

Catorce anos, señora conselleira, e non ten vostede ningún... En fin, ¿non lle doen prendas volver repetir as medidas que trouxo aquí hai tres anos, hai dous, hai un e hai dous meses o seu director xeral? Catorce anos de desidia, catorce anos de ti vai facendo; de abocar os dous sectores a delinquir, señora conselleira, de non investir en coñecemento, de non poñer os medios e os esforzos para buscar alternativas á extracción da mexilla no medio natural. Catorce anos que nos trouxeron a onde estabamos; outra vez volve repetir o mesmo.

«Eu nunca fun das que me escondín», dixo recentemente a viva voz nun acto electoral. Nunca se escondeu, señora conselleira, pero leva meses agochada detrás dun director xeral que resolve aínda bastante menos que vostede. Nunca se escondeu —di—, pero rexeita a petición do BNG de comparecer neste Parlamento para dar explicacións. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E dixo máis nese acto electoral. Dixo: «nunca permitirei» —estou citando textual— «que ningún político utilice o sector». Nunca o permitirá porque vostede, señora Quintana, é a única política que leva anos utilizando un sector e outro sector como e cando lle convén. *(Aplausos.)*

Señora conselleira, do mexillón e do percebe... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Terminou o seu tempo.

Réplica, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Señora conselleira, voulle recoñecer que respondeu á pregunta. Debido a todo o que vostede explicou e á súa inflexibilidade, porque leva contando o mesmo durante practicamente catro anos e o problema está como está, hai que preguntarlle ao señor Rueda. Dá a sensación de que vostede non é capaz de resolver o problema, porque a súa opción para resolvelo é seguir contando o mesmo.

Vostede fala de que hai que falar. Estamos de acordo, pero eu creo que vostede se olvida dun segundo verbo fundamental: «escoitar». Vostede ten que escoitar, porque vostede chámalle falar a que os demais fagan o que vostede di, a que a aplaudan, a que lle digan que é moi boa, a que a aplaudan enfervorecidamente e todos submisamente se preguen ao que vostede di. E iso non é falar. *(Aplausos.)* ¡Iso non é falar! Para falar hai que intercambiar; é bidireccional. *(Aplausos.)* E vostedes hoxe xa non están recoñecidos polo sector para falar; xa non queren falar con vostedes.

Por tanto, algún problema han de ter. ¿Ou todos os problemas son dos demais sempre? Que esa é outra solución pensar que todos os demais están equivocados e nós temos a solución máxica. E que a xente está nunha estación de tensión e de inseguridade porque queren, por deporte; non é que vostedes estean provocando este conflito.

Xa cesou vostede cargos da súa consellería porque avogaban por falar e por escoitar. Vostede só quere unha parte das cousas. Pon en risco a calidade do percebe e do mexillón, que están en risco porque vostede só fala nunha dirección, pero non escoita.

O percebe ten problemas, claro que os ten, e baixa a súa produción dende 2019, si. Baixa alí onde se recollía mexilla e alí onde non. Por tanto, hai outros problemas. Afronte os problemas reais das cousas.

Volvamos atrás. Casiña de saída, señora conselleira. Non para non facer nada, senón evidentemente para falar e para escoitar con todos nos cons; falando todos, entendendo todos o que pasa. Non haberá nada que discutir. Con controis, con datos actuais e propios. Así poderase construír. Salvo que o que vostede queira sexa falar, pero non escoitar a ninguén, que é o que parece que está pasando. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Peche das preguntas. Conselleira do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Pérez, vostede dicía que o problema do sector percebeiro e do sector bateeiro é da Xunta de Galicia e do Partido Popular, que facemos utilización política. Mire, se non chegase o Partido Popular no ano 2009 ao Goberno, os bateeiros hoxe que son titulares de bateas quizais non o fosen, porque vostedes o que pretendían era sacar a concurso todas as bateas naquel momento. Nós propuxémoslles cando estabamos na oposición que puxesen os contadores a cero para darlles seguridade xurídica aos titulares das bateas. Dixeron que iso era ilegal; que non se podía facer. Nós chegamos, fixémolo e hoxe teñen todos os bateeiros seguridade xurídica de poder ter a súa concesión durante cincuenta anos. *(Aplausos.)*

Nós non utilizamos politicamente o sector. Eu non utilizo politicamente o sector; eu falo co sector e nese falar está o diálogo, o que o señor Torrado non entende. Vostedes falan dependendo *en que puerto me encuentre*. Porque, se me encontro nun porto como o da Illa, entón digo que hai que deixar a extracción da mexilla libre para todos os bateeiros. Pero, claro, se vou ao porto de Laxe, entón digo que hai que vedar as zonas para que só sexan os percebeiros os que a poidan sacar.

Mire, eu non vou utilizar a súa demagoxia, señores deputados. Vostedes teñen, por escrito, presentado aquí neste Parlamento dende o ano 2018 diferentes iniciativas onde nunhas dicían que se veden as zonas do percebe e que soamente os percebeiros poidan ir extraer a mexilla e noutras dicían que se deixe que soamente os bateeiros poidan coller mexilla onde queiran. Pois nin unha cousa nin a outra.

Nós o primeiro que dicimos é que para facer os cambios no sector se precisa tempo. ¿Por que? Porque cada cambio que se lle aplica ao sector pesqueiro é un cambio na súa cultura. Por iso, nós non facemos as cousas á presa, correndo e sen falar; dámonos tempo. Tempo como o que necesitamos para a profesionalización das mariscadoras. ¿Ou xa non recordan cando nós tiñamos o carné de mariscador e pasamos á explotación a través de plans de explotación e vostedes nos sacaban todos os días a xente á calle? ¿Iso xa non o recordan, verdade? Pois iso pasou, e o mesmo está pasando agora co sector bateeiro.

Nós fixemos un decreto no ano 2019; un decreto para regular a explotación dos recursos específicos e que foi recorrido polas asociacións de bateeiros. Eu pídolles que lean a sentenza sobre ese recurso, onde verán que o tribunal nos dá a razón e nos di que o decreto está ben fundamentado.

Agora, precisamos tempo tamén para que os bateeiros se vaian adaptando ao novo modelo que teñen de explotación. ¿Ou é que non somos conscientes e non queremos admitir entre todos que o sector do mexillón está cambiado o seu método de cultivo? ¿Non queremos entender que o mexillón antes estaba entre dezaoito e vinte e catro meses nas cordas e agora está menos de oito meses nas cordas? ¿É que non queremos entender que non podemos depender no noso cultivo do mexillón única e exclusivamente da produción natural se queremos seguir tendo futuro para o mexillón?

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Eu, como responsable da xestión do dominio público marítimo-terrestre na explotación dos recursos naturais, teño que pensar non só no presente, senón tamén no futuro deste sector. Por iso estamos traballando. *(Aplausos.)*

Vostedes poden dicir que non temos datos. Pregúntelles a todos os biólogos da Consellería se fixeron os informes precisos para adecuar as diferentes zonas.

Acusáronme de «fallos erráticos». Non, nós todas as decisións que fomos tomando, fómolas tomando porque este, ademais de todo, é un ano complicado para a presenza de mexilla nas rochas; está aparecendo agora no mes de marzo e no mes de abril. Por iso abrimos zonas. E si, abrímolas, recorréronnos e os xurídicos entenderon que, en lugar de facela de acordo á orde da explotación da mexilla, a tiñamos que facer nos plans de explotacións. E comunicámosllo ao sector. Dixémoslle: «imos cerrar esas zonas porque esa resolución non estaba ben fundamentada e imos facer a adaptación dos plans». E todas as adaptacións dos plans fixéronse cos informes dos técnicos, señor Torrado. Nós aquí non estamos a inventar nada.

Fixéronse experiencias nas *hatcheries* e as *hatcheries* hoxe están funcionando, algunhas xa en man privada. E estanse facendo probas en colectores.

Señor Torrado, non me veña aquí contar unha película e contar outra nos portos. Non hai ninguén máis que queira ter os maiores datos científicos para asesorar o meu sector que eu mesma.

Porque o que lle pido á Unión Europea póñoo en práctica aquí todos os días. Somos exemplo na Unión Europea da explotación de todos os recursos. Todos cos seus plans de xestión; establecendo os horarios, os topes de captura, os días máximos de traballo. Iso mesmo temos que facelo tamén coa mexilla. Non podemos facer o que algúns comentan, que levan a mexilla tan pequeniña que logo lles cae das cordas. Iso é estragar un recurso e non nos podemos permitir ese luxo, señor Torrado e señora Pérez.

Poñan un pouquiño de sentido común. Eu chámoos tamén a vostedes a que falen co sector. Nós falamos co sector. A min poderanme acusar do que queiran, pero non de non falar. Mentres algúns están manifestándose fóra, outros están tamén dentro sentados falando connosco, a nivel individual e a nivel de representación.

Nunca cerramos o diálogo con ninguén e nunca o cerraremos, porque esa é a única vía de traballo para desatascar este problema. Eu confío en que todo teña unha boa solución, porque o sector bateeiro de Galicia necesita ter presente pero, sobre todo, necesita ter futuro.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos prolongados*.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pois remata aquí o pleno, cumprindo o horario previsto.

Remata a sesión ás seis e vinte minutos da tarde.

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPG-7RUvTkDyI-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/